

Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito da cidadanía
2007



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



lingua
galega

Edición:

Observatorio da Lingua Galega. 2007

Elaboración:

EOSA Consultores

Estrategia y Organización, S.A.

Diseño e maquetación:

EOSA Consultores

Estrategia y Organización, S.A.

AGRADECEMENTOS

Queremos expresar o noso máis profundo agradecemento a todas as asociacións e organizacións que participaron desinteresadamente nos paneis de escoita do ámbito da cidadanía expresando a súa opinión e o seu punto de vista acerca da situación da lingua galega en diferentes sectores deste ámbito: xuventude, familia e poboación en xeral. A súa colaboración achegou interesantes reflexións e ideas sobre este tema que resultaron de moito interese á hora de extraer as conclusións xerais neste informe acerca da situación lingüística en Galicia, ademais de servir de complemento aos datos tirados da realización de enquisas á cidadanía.

- Escola de Tempo Libre Querqus
- Asociación Cultural Xermolos
- Asociación Xuvenil Raiceiros
- Asociación Xuvenil Abertal
- Asociación de Tempo Libre Mistura
- Instituto da Lingua Galega
- Real Academia Galega
- Consello da Cultura Galega
- A Mesa pola Normalización Lingüística
- Asociación de Escritores en Lingua Galega
- Coordinadora de Traballadores/as de Normalización Lingüística
- Fundación Preescolar na Casa
- Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (Fademur)
- Federación Galega de Mulleres Rurais
- Federación provincial de ANPAS de Pontevedra
- Federación Galega de Asociacións de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios “Brétema”

A todos/as, moitas grazas.



ÍNDICE DE CONTIDOS

1. PRESENTACIÓN.....	7
2. INTRODUCCIÓN.....	11
2.1 Obxectivos e finalidades.....	11
2.2 Antecedentes no estudo da situación da lingua galega no ámbito da cidadanía	12
2.3 Referencias lexislativas sobre a lingua galega	13
2.4 O Plan xeral de normalización da lingua galega	14
3. METODOLOXÍA	17
3.1 Consideracións xerais	17
3.2 Deseño da mostra	17
3.3 Realización do traballo de campo	20
3.4 Deseño e estrutura da enquisa	20
3.5 Saída de datos.....	22
3.6 Paneis de escoita	22
4. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS.....	25
4.1 Lingua que mellor domina a cidadanía galega	26
4.2 Competencias lingüísticas da cidadanía galega	39
4.3 Conclusións sobre as competencias lingüísticas da cidadanía galega	53
5. LINGUA INICIAL E LINGUA HABITUAL	55
5.1 Lingua inicial.....	56
5.2 Lingua habitual	60
5.2.1 Cambio de lingua.....	66
5.2.2 Uso de linguas estranxeiras	68
5.3 Conclusións sobre a lingua inicial e a lingua habitual da cidadanía galega	70
6. USOS LINGÜÍSTICOS NO ÁMBITO FAMILIAR. A TRANSMISIÓN DO IDIOMA.....	73
6.1 Usos lingüísticos cos proxenitores.....	74
6.2 Usos lingüísticos cos fillos/as.....	78
6.3 Usos lingüísticos co resto da familia: avós/avoas, irmáns/irmás e parella	80

6.4	Índice de transmisión lingüística interxeracional.....	84	9.4	Opiniós sobre o deber de coñecer o galego e o castelán.....	132
6.5	Conclusións sobre os usos lingüísticos no ámbito familiar.....	89	9.5	Opiniós acerca doutros aspectos relacionados coa lingua galega.....	135
7.	USOS LINGÜÍSTICOS NOUTROS ÁMBITOS	91	9.6	Lingua elixida para a realización da enquisa.....	149
7.1	Usos lingüísticos no ámbito social	93	9.7	Conclusións sobre as actitudes e as opinións lingüísticas da cidadanía.....	151
7.2	Usos lingüísticos no ámbito educativo	98	10.	ANÁLISE CUALITATIVA DOS RESULTADOS	153
7.3	Usos lingüísticos no ámbito laboral.....	102	10.1	Panel de escoita 1: lingua galega e mocidade	153
7.4	Conclusións sobre os usos lingüísticos nos ámbitos social, educativo e laboral	106	10.1.1	Desenvolvemento do panel.....	153
8.	USOS LINGÜÍSTICOS NO ÁMBITO DAS TIC E OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN	109	10.1.2	Conclusións do panel.....	157
8.1	Usos lingüísticos nos medios de comunicación: televisión, radio, prensa e internet	112	10.2	Panel de escoita 2: a lingua galega no ámbito familiar.....	159
8.2	Usos lingüísticos nas TIC.....	113	10.2.1	Desenvolvemento do panel.....	159
8.3	Conclusións sobre os usos lingüísticos nos medios de comunicación e nas TIC	116	10.2.2	Conclusións do panel.....	165
9.	ACTITUDES E OPINIÓNS LINGÜÍSTICAS.....	117	10.3	Panel de escoita 3: usos lingüísticos da cidadanía ..	167
9.1	Lingua propia.....	120	10.3.1	Desenvolvemento do panel.....	167
9.2	Lingua habitual e lingua desexada para o futuro	122	10.3.2	Conclusións do panel.....	172
9.3	Influencia da lingua do interlocutor/a.....	128	11.	PROPOSTA DUN SISTEMA DE INDICADORES LINGÜÍSTICOS PARA O ÁMBITO DA CIDADANÍA.....	173
			11.1	Finalidade e obxectivos do sistema de indicadores .	173
			11.2	Criterios para a selección de indicadores.....	174

11.3	Sistema de indicadores lingüísticos para o ámbito da cidadanía	174
12.	CONCLUSIÓNS FINAIS	177
13.	BIBLIOGRAFÍA.....	179
14.	ANEXO I: ENQUISA	183
14.1	Precuestionario e cuestionario	183
14.1.1	Rexistro de chamadas previo a facer a enquisa.....	183
14.2	Cuestionario do ámbito da cidadanía.....	185
14.2.1	Bloque 1: coñecementos lingüísticos	185
14.2.2	Bloque 2: usos lingüísticos	186
14.2.3	Bloque 3: actitudes e opinións lingüísticas	192

14.2.4	Bloque 4: caracterización do enquisado/a	194
15.	ANEXO II: POBOACIÓN ENQUISADA	197
16.	ANEXO III: TÁBOAS DE DATOS	203
16.1	Bloque 1: competencias lingüísticas	203
16.2	Bloque 2: usos lingüísticos.....	215
16.2.1	Lingua materna, propia e habitual	215
16.2.2	Ámbito familiar e transmisión	222
16.3	Bloque 3: actitudes e opinións lingüísticas	271
16.4	Caracterización da poboación entrevistada.....	288
16.5	Precuestionario	295

1. PRESENTACIÓN

A lingua constitúe un instrumento que asegura unha función básica: permite establecer a comunicación entre as persoas, ademais de ser un medio de representación do mundo. Na actualidade, cada vez máis considérase que as linguas son un rico patrimonio que podemos e debemos conservar e valóranse como elementos configuradores da identidade e da cultura das persoas que as utilizan.


Resulta obvio afirmar que as linguas e o uso que delas fan as persoas están suxeitos á propia evolución que vai experimentando a sociedade ao longo do tempo. Poder detectar as áreas da sociedade onde cómpre intervir e poder determinar o impacto que as políticas en materia de lingua producen nos colectivos aos que se dirixen son necesidades que cómpre tratar dun xeito rigoroso e sistematizado.

O traballo que a continuación se presenta forma parte do Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade. Esta iniciativa, impulsada dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, constitúese como a ferramenta capaz de poder detectar a evolución dos usos lingüísticos da sociedade ao longo do tempo.

Concretamente, o **Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade** é un traballo que nace cunha dobre finalidade: en primeiro lugar, como unha ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado de forma unánime polo Parlamento galego; en segundo lugar, como un instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade para, deste xeito, focalizar as actuacións a prol da lingua nos ámbitos en que sexa máis necesario e nos aspectos máis demandados. Así mesmo, un dos obxectivos do estudo é que permita constatar, mediante sucesivas observacións no tempo, o impacto das actuacións en materia de lingua na evolución dos usos lingüísticos dos colectivos beneficiados.

No Observatorio recóllense **oito ámbitos** de actuación, consonte os establecidos no Plan xeral de normalización da lingua galega (en diante PNL) e que son os seguintes: **administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.**

O informe que a continuación presentamos céntrase neste último ámbito de actuación, a cidadanía, e o que pretende é coñecer a situación do galego no conxunto da sociedade galega, concretamente, recoller datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes



lingüísticas da poboación en relación coa lingua. Este ámbito non aparece como tal no PNL, aínda que se realizaron observacións representativas dalgúns áreas que si se recollen neste, como a familia ou a mocidade, incluídas no sector 2 do Plan (Educación, familia e mocidade). O seu carácter horizontal fai que constitúa un ámbito que serve de contraste e referencia cos outros incluídos no Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade.

O documento que se presenta estrutúrase nos seguintes capítulos:

- **Introdución:** en primeiro lugar, inclúese unha pequena introdución na que se analizarán varios aspectos. Por unha banda, fálase dos obxectivos e finalidades deste informe, os antecedentes que existen deste tipo de estudos en Galicia (a *Enquisa de condicións de vida das familias. Módulo de coñecemento e uso do galego*, informe de 2003 realizado polo Instituto Galego de Estatística, e o *Mapa sociolingüístico de Galicia*, principalmente). Por outra banda, inclúense as referencias lexislativas existentes con relación aos usos lingüísticos da cidadanía na Lei de normalización lingüística, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española. En último lugar, analízase a inclusión deste ámbito no PNL.
- **Metodoloxía:** deseguido, analízase a metodoloxía empregada para a elaboración deste traballo. É un apartado no que se tratan todas as cuestións referidas aos principios metodolóxicos empregados neste estudo sobre os usos lingüísticos da cidadanía galega.
- **Competencias lingüísticas da cidadanía:** neste apartado comeza a análise cuantitativa dos datos extraídos a partir das enquisas realizadas. Concretamente, aquí trátase o tema das competencias da cidadanía en catro destrezas: falar, entender, ler e escribir.
- **Lingua inicial e lingua habitual:** neste punto abórdase a lingua en que a cidadanía aprende a falar, así como a que emprega habitualmente na súa vida cotiá.
- **Usos lingüísticos no ámbito familiar:** neste apartado trátanse os usos lingüísticos da cidadanía cos seus proxenitores, fillos/as, avós/avoa, irmáns/irmás..., así como a transmisión do idioma.
- **Usos lingüísticos noutros ámbitos:** aquí coméntanse os usos lingüísticos en tres ámbitos fundamentais na vida de calquera cidadán ou cidadá: o laboral, o educativo e o social.
- **Usos lingüísticos no ámbito das TIC e dos medios de comunicación:** tendo en conta a importancia que na sociedade actual teñen tanto os medios de comunicación como as novas tecnoloxías, introduciuse este tema para coñecer a realidade lingüística da poboación no seu emprego.
- **Opinións e actitudes lingüísticas:** non podía faltar un apartado que mostrase as actitudes e opinións que sobre galego e castelán ten a cidadanía galega.
- **Análise cualitativa dos resultados:** inclúense neste apartado as ideas extraídas dos tres paneis de escoita realizados que tiveron como tema central os usos lingüísticos da cidadanía ou dalgúns sectores específicos dela, como a xuventude e a familia.
- **Proposta dun sistema de indicadores lingüísticos para o ámbito da cidadanía:** recóllese neste apartado un sistema de indicadores que permite medir a presenza da lingua galega entre a poboación e facer comparacións

con outros estudos semellantes realizados noutras comunidades autónomas con dobre lingua oficial, como son os casos de Cataluña e o País Vasco.

- **Conclusións finais:** por último, non podía faltar unha relación das principais ideas que se poden extraer do dito ao longo de todo o informe sobre os usos lingüísticos da cidadanía galega.

- **Bibliografía:** recóllese unha relación de obras e estudos consultados para a elaboración deste informe.
- **Anexos:** o informe inclúe varios anexos que completan ou complementan a información deste estudo. Son os seguintes: a enquisa realizada (prequestionario e cuestionario), a caracterización da poboación enquisada e as táboas con todos os datos extraídos desta enquisa.

Finalmente, só cabe desexar que este traballo contribúa a facilitar o seguimento continuado e áxil dos usos lingüísticos da cidadanía. Da medida en que se logre este obxectivo dependerá que se poidan levar a cabo actuacións focalizadas nos eidos onde sexa máis necesario e mediante as accións máis axeitadas, de xeito que todo isto reverta positivamente no conxunto da cidadanía galega.



2. INTRODUCCIÓN

Estamos asistindo a unha época na que os cambios sociais se producen dun xeito vertixinoso, e a sociedade galega non é allea a esta mudanza. O seu carácter dinámico resulta evidente e os hábitos e as formas de vida da poboación de Galicia variaron enormemente nos últimos anos, anos nos que a globalización mundial se estendeu de maneira fulgurante afectando en gran medida o estilo de vida tradicional. Proba desta evolución é a concentración da poboación galega nas zonas da costa, principalmente urbanas, co conseguinte despoboamento do interior e dos núcleos de poboación máis pequenos, nunha terra tradicionalmente rural; ou a progresiva diminución da actividade no sector primario (agricultura ou pesca), actividades maioritarias entre a sociedade galega aínda hai ben pouco tempo.

Todos estes cambios afectaron e afectan significativamente a lingua galega, que viviu nos últimos tempos mudanzas moi importantes: por unha banda, unha perda de falantes insólita ata o momento, mais, por outra, tamén se contribuíu de maneira positiva á súa normalización grazas á presenza desta en ámbitos dos que estaba relegada ata o momento, nomeadamente o ensino, a vida pública, a xustiza e a administración. Por este motivo, é un momento clave para observar estas mudanzas e intervir, se é preciso, na situación do galego. E, para este labor, a creación do Observatorio da Situación da Lingua Galega preséntase, como xa se explicou, como unha ferramenta especialmente útil.

Neste traballo determínase cal é a situación actual do galego e dos usos lingüísticos en xeral entre a cidadanía. A captura da información fíxose a través de dúas ferramentas: de xeito cuantitativo, a través de 2500 enquisas realizadas á poboación galega de 15 anos ou máis; e de xeito cualitativo, grazas aos paneis de escoita, reunións ás que asistiron diferentes representantes pertencentes a colectivos sociais para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos da cidadanía.

2.1 Obxectivos e finalidades

Como xa se comentou anteriormente, a posta en marcha do Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia pretende dotar a Administración dunha ferramenta áxil e obxectiva que posibilita un seguimento da aplicación do PNL. Ao mesmo tempo, o Observatorio tamén se define como un instrumento que permite obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade de xeito periódico cunha metodoloxía solvente e áxil.



No ámbito concreto da cidadanía, preténdese con este traballo obter datos acerca dos seguintes aspectos:

- O nivel de coñecementos lingüísticos.
- A lingua inicial e a lingua habitual.
- Os usos lingüísticos no ámbito da familia e na transmisión familiar.
- Os usos lingüísticos nos ámbitos social, educativo e laboral.
- Os usos lingüísticos no ámbito das TIC.
- As actitudes e as opinións lingüísticas.

A diferenza doutros traballos feitos ata o de agora, a finalidade é establecer con este estudo un punto de partida para, nun futuro, facer seguimentos e coñecer a evolución da situación lingüística de Galicia. Por este motivo, o primeiro paso é coñecer detalladamente este punto de partida no que aos usos lingüísticos da cidadanía se refire para, a partir de aquí, establecer un diagnóstico que permita a adopción de medidas e a posta en marcha de accións para poder intervir nos aspectos que cumpran.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.

Trátase, pois, dun proxecto ambicioso nos seus obxectivos, xa que está encamiñado a coñecer a situación sociolingüística da lingua galega na sociedade actual e a súa evolución ao longo dos anos.

2.2 Antecedentes no estudo da situación da lingua galega no ámbito da cidadanía

Ata o de agora, os estudos máis importantes realizados en relación cos usos lingüísticos da cidadanía galega son o *Mapa sociolingüístico de Galicia* (en diante, MSG), no que se tratan usos, competencias e actitudes, e un informe realizado polo Instituto Galego de Estatística (en diante, IGE) no ano 2003 na súa *Enquisa de condicións de vida das familias* denominado *Módulo de coñecemento e uso do galego*.

O primeiro destes traballos, o MSG, foi elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega e conta xa con dúas edicións. Entre os anos 1994 e 1996 editáronse tres volumes, un dedicado á lingua inicial e competencia lingüística, outro aos usos lingüísticos e un terceiro ás actitudes lingüísticas. Recentemente, en 2004, vén de publicarse o primeiro volume da segunda edición, que trata o tema da lingua inicial e da competencia lingüística en Galicia. A razón da publicación desta última edición era comprobar os cambios

lingüísticos acontecidos nos últimos anos. Deste xeito, a nova enquisa serve como avaliación dos logros das políticas lingüísticas levadas a cabo pola administración na última década e, así mesmo, como ferramenta para intervir nos sectores en que sexa necesario.

En relación coa mostra que se tivo en conta para este traballo, mentres que para a elaboración do MSG-92 se deseñou unha mostra de 38.897 enquisas que constaban de 148 preguntas, o que implica unha grande exhaustividade, para o MSG-04 a mostra reduciuse a 9.174, das que 405 se realizaron en concellos galegofalantes non pertencentes administrativamente ao territorio galego. Tamén se reduciu neste último mapa o número de preguntas que incluía a enquisa, que pasou a ser de 86.

Polo que fai referencia ao estudo realizado polo IGE, este inclúe datos sobre os coñecementos de galego, sobre a lingua inicial e a lingua habitual, e sobre o uso do galego. No que á mostra se refire, neste caso é de case 6.500 fogares, nos que se enquisaron unhas 20.000 persoas.

2.3 Referencias lexislativas sobre a lingua galega

Sobre os dereitos e deberes lingüísticos da cidadanía galega, tres son as leis fundamentais que os recollen: a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei de normalización lingüística. Velaquí as referencias á lingua nestes tres documentos:

Na Constitución española de 1978 dise o seguinte en relación cos dereitos lingüísticos da cidadanía:

Artigo 3

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.

2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.

3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección


Respecto ao Estatuto de autonomía de Galicia do ano 1981, a referencia que aquí se fai a cuestións de lingua é a seguinte:

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en



todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

A diferenza do que se establece na Constitución sobre o deber de coñecer e o dereito de usar o castelán, no Estatuto de autonomía de Galicia fálase do dereito de coñecer o galego mais non do deber.

Na Lei de normalización lingüística (1983) recóllense así os dereitos lingüísticos da cidadanía en Galicia:

Artigo 2

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Título I. DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS EN GALICIA

Artigo 1

O galego é a lingua propia de Galicia.

Artigo 3

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e de usalo.

Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua.

Vólvese facer referencia na Lei de normalización lingüística ao dereito de coñecer e usar o galego, mais tampouco aquí se fala do deber. De feito, cando se aprobou esta lei, en xuño de 1983, si se citaba tamén o deber, razón pola que o Goberno central interpuxo un recurso de inconstitucionalidade. Isto obrigou á súa modificación, tres anos máis tarde, motivo polo que quedou redactada como aquí se cita.

Cómpre facer referencia tamén á *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* de 1992, ratificada en 2001 por España, e a *Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos*, aprobada polo Congreso dos Deputados e polo Parlamento de Galicia.

2.4 O Plan xeral de normalización da lingua galega

A cidadanía, como ámbito de observación, non forma parte especificamente do PNL, aínda que se realizaron observacións representativas dalgunhas áreas que si se recollen neste, como a familia ou a mocidade, incluídas no Plan dentro do sector 2 (Educación, familia e

mocidade). O seu carácter horizontal fai que sirva de contraste e referencia cos outros ámbitos incluídos no Observatorio da Situación da Lingua Galega.

Dentro do Observatorio, este ámbito posúe unhas métricas propias de acordo coas súas características intrínsecas e as diferenzas que o definen respecto aos demais nel incluídos.

En canto á transmisión familiar, o PNL ten como obxectivos xerais de área os seguintes (2006: 110):

- *Concienciar as familias dos valores identitarios do galego, das vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do seu*

É especialmente importante que aumente a presenza da lingua galega na educación preescolar e nas actividades de lecer e tamén a oferta de ferramentas informáticas e audiovisuais en galego destinadas á infancia.

No que á área da mocidade se refire, os obxectivos xerais de área no PNL son os que se presentan a continuación (2006: 113):

- *Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas.*

coñecemento e, polo tanto, da transcendencia de transmitírllelo aos seus fillos.

- *Fomentar a transmisión e mais a aprendizaxe da lingua galega dentro das familias, especialmente nas de recente formación e nas asentadas en núcleos urbanos.*

- *Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural.*

- *Garantir que en galego haxa unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura.*



3. METODOLOXÍA

3.1 Consideracións xerais

Para poder tratar con garantías a consecución dos obxectivos definidos inicialmente, estableceuse un marco de traballo e unhas bases sólidas que se definen neste apartado do documento.

Metodoloxicamente o proxecto foi abordado dende un enfoque cuantitativo e completado mediante unha captura de información cualitativa.

O colectivo obxectivo de análise estivo conformado polas **persoas de 15 anos ou máis residentes en Galicia**. Neste sentido, diferénciase de estudos anteriores, como o do IGE, cuxa poboación obxecto de estudo foi a composta por persoas membros do fogar con 5 ou máis anos de idade; tamén difire da do MSG-04, que estuda a poboación de 15 a 54 anos. Neste último caso, isto supón unha diferenza substancial con respecto ao MSG-92, pois nel tíñase en conta a poboación maior de 15 anos, polo tanto máis semellante á empregada no noso estudo.

Para a realización do traballo de campo cuantitativo, a unidade de mostraxe primaria foi o número de **teléfono** fixo e a unidade secundaria de mostraxe foi o individuo do fogar contactado, seleccionado aleatoriamente. En canto ao método de recollida da información, este consistiu en entrevistas telefónicas asistidas por ordenador.

3.2 Deseño da mostra

O ámbito da cidadanía estivo composto pola poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia segundo o padrón do ano 2005 do Instituto Nacional de Estatística, que contabiliza **2.449.513 persoas**.



A obtención de estatísticas sobre os usos lingüísticos en Galicia mediante unha mostra representativa fixo que se tivesen en conta as variables máis influentes para o deseño da mostra: a distribución xeográfica, a idade e o sexo. Pretendíase obter resultados significativos en función destas variables, polo que se empregou a estratificación no deseño mostral.

Estableceuse unha mostra final de **2.500 enquisas**, o que permitiu cumprir os obxectivos relativos aos erros máximos admisibles por estratos. No proceso de estratificación tivéronse en conta as seguintes variables:

- En primeiro lugar, o territorio: en función das catro provincias (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra), así como segundo grupos de tamaño de concellos (de menos de 5.000 habitantes, de 5.000 a 10.000, de 10.000 a 50.000 e de máis de 50.000).
- En segundo lugar, os tramos de idade: definíronse para iso seis tramos (de 15 a 24 anos, de 25 a 34 anos, de 35 a 44 anos, de 45 a 54 anos, de 55 a 64 anos e maiores de 65 anos).
- Sexo: home e muller

O erro mostral segundo cada variable de estratificación está calculado para un **nivel de confianza do 95,5%** e cunha varianza **p = q = 0,5**.

De acordo coas premisas de deseño anteriormente apuntadas, inclúese deseguido a distribución teórica da mostra nos diferentes estratos e o erro mostral asociado.

• **Segundo territorio: provincias**

Provincias	Universo	Mostra	Erro mostral
A Coruña	1.000.107	1.022	3,1%
Lugo	323.798	331	5,5%
Ourense	306.976	312	5,7%
Pontevedra	818.632	835	3,5%
TOTAL	2.449.513	2.500	2,0%

• **Segundo territorio: grupos de tamaño de concellos**

Grupos tamaño concellos	Universo	Mostra	Erro mostral
0-5.000 hab.	441.645	449	4,7%
5-10.000 hab.	391.274	397	5,0%
10-50.000 hab.	747.496	764	3,6%
> 50.000 hab.	869.098	890	3,4%
TOTAL	2.449.513	2.500	2,0%

• Segundo tramos de idade

Tramos de idade	Universo	Mostra	Erro mostral
15-24	343.476	351	5,3%
25-34	339.727	347	5,4%
35-44	380.452	388	5,1%
45-54	388.723	397	5,0%
55-64	445.531	454	4,7%
> 64 anos	551.604	563	4,2%

• Segundo sexo

Sexo	Universo	Mostra	Erro mostral
Mulleres	1.280.931	1.310	2,8%
Homes	1.168.582	1.190	2,9%
TOTAL	2.449.513	2.500	2,0%

Obsérvase que o erro do conxunto da mostra é do 2%, mentres que todos os valores se sitúan por debaixo do 5,8%. Finalmente, amósase a distribución da mostra realizada nunha matriz de acordo coas premisas de estratificación anteriormente sinaladas:

Provincia	Grupo tamaño concellos	Homes 15-24	Homes 25-34	Homes 35-44	Homes 45-54	Homes 55-64	Homes > 64	Mulleres 15-24	Mulleres 25-34	Mulleres 35-44	Mulleres 45-54	Mulleres 55-64	Mulleres > 64
A Coruña	0-5.000 h.	6	5	7	7	7	7	7	7	7	7	13	17
	5-10.000 h.	15	14	19	18	18	17	17	16	16	16	24	34
	10-50.000 h.	22	22	32	33	31	31	25	25	20	21	26	36
	> 50.000 h.	24	24	36	36	30	33	27	32	25	29	32	50
Lugo	0-5.000 h.	7	7	9	8	10	9	10	8	10	10	23	29
	5-10.000 h.	3	3	4	4	4	4	4	3	3	3	6	8
	10-50.000 h.	4	3	4	5	5	5	4	4	4	4	7	10
	> 50.000 h.	6	6	7	8	7	8	6	7	5	5	7	11
Ourense	0-5.000 h.	7	6	9	8	9	8	10	8	11	11	24	32
	5-10.000 h.	2	2	3	3	3	3	3	2	2	2	4	6
	10-50.000 h.	3	2	3	3	3	3	3	3	2	2	4	5
	> 50.000 h.	7	7	8	9	8	9	7	8	6	7	9	13
Pontevedra	0-5.000 h.	4	4	6	5	5	5	5	5	5	5	8	12
	5-10.000 h.	6	6	8	8	7	7	7	6	6	6	9	13
	10-50.000 h.	26	25	36	35	31	31	25	26	22	22	27	39
	> 50.000 h.	24	23	33	34	29	31	25	28	21	23	24	37

3.3 Realización do traballo de campo

Como xa se comentou anteriormente, a entrevista fíxose telefonicamente asistida por ordenador. O período de realización comprendeu case dous meses, concretamente entre o **24 de abril e o 20 de xuño de 2007**.

As unidades mostrais foron os fogares galegos con teléfono fixo. Realizáronse chamadas de xeito aleatorio (por cota de provincia e grupo de tamaño de concellos) e selección dunha persoa (por cota de idade e sexo).

A elección do membro do fogar entrevistado fíxose de xeito totalmente aleatorio entre os seus membros ata cubrir as cotas establecidas. En canto ao protocolo lingüístico empregado, inicialmente a persoa encargada de realizar a enquisa falaba en galego e cambiaba despois ao castelán se esta era a lingua usada pola persoa que atendía o teléfono. Posteriormente, preguntábaselle a quen se lle ía realizar a enquisa pola lingua na que desexaba que se lle formularan as preguntas. No caso de que contestase que lle era indiferente, por defecto o entrevistador/a facía o cuestionario en galego.

Previamente, o enquisador/a explicaba o obxectivo da entrevista e solicitaba a colaboración do membro do fogar seleccionado. As enquisas fixéronse ao longo de todo o día e tiñan unha duración de arredor de quince minutos.

3.4 Deseño e estrutura da enquisa

A enquisa realizada para o Observatorio da Situación da Lingua Galega presenta algunhas novidades respecto das confeccionadas para outros estudos realizados ata o momento en Galicia, como os citados do IGE ou o MSG. Entre as cuestións innovadoras as atópanse preguntas como a relativa á lingua que mellor domina a cidadanía (a primeira do cuestionario) ou un apartado referido ás TIC.

Concretamente, o cuestionario realizado consta dun total de **30 preguntas**, distribuídas en **catro bloques**. O primeiro destes bloques está dedicado aos *coñecementos lingüísticos* e nel inclúense preguntas acerca das competencias nas diferentes destrezas (lectura, escritura, fala e comprensión, tanto sobre o galego como sobre o castelán); o segundo, aos *usos lingüísticos*, que introduce cuestións sobre a lingua inicial e sobre a lingua habitual en distintos ámbitos (familiar, laboral, social e educativo e tamén nas TIC); o terceiro bloque inclúe preguntas relacionadas coas *opinións e actitudes lingüísticas* das persoas enquisadas; por último, o cuarto bloque serve para a *caracterización do entrevistado/a* (lugar de nacemento, nivel de estudos, situación laboral, ingresos...).

No caso deste cuarto bloque relativo á caracterización das persoas enquisadas, cómpre facer algunhas aclaracións. Por unha banda, a distinción entre o lugar onde vive e o lugar onde fai a maior parte da súa vida, preguntas para as que as opcións de resposta eran dúas, urbano e rural. En función da resposta que daba o entrevistado/a estableceuse a variable do tipo de hábitat.

No anexo I móstrase a enquisa e o precuestionario realizado, este último necesario para a selección aleatoria do membro do fogar que había que entrevistar.

Por outra banda, na cuestión relativa ao nivel de estudos, tívose en conta a clasificación feita polo IGE, que deu lugar ao establecemento das seguintes posibilidades de resposta:

- Non sabe ler ou escribir.
- Estudos primarios ou equivalente: inclúense nesta categoría todas as persoas que saben ler e escribir, independentemente dos anos que asistiron á escola, as que remataron a educación primaria LOXSE ou as que teñen cinco cursos da EXB superados.
- Estudos secundarios ou equivalente: inclúense nesta categoría as persoas que estiveron escolarizadas todo o período da educación obrigatoria e non están en posesión do graduado escolar ou equivalente; as persoas que teñen o certificado de escolaridade, graduado escolar, graduado en educación secundaria (ESO), bacharelato elemental, ou certificado de estudos primarios ou equivalente a algún dos anteriores; persoas con titulación de bacharelato (LOXSE), bacharelato (BUP), COU ou preuniversitario, FP I, ciclos formativos de formación profesional de grao medio ou equivalente a algún dos anteriores.
- Educación superior: comprende todos os titulados/as universitarios/as, licenciados/as universitarios/as, FP II, ciclos formativos de formación profesional de grao superior ou equivalente a algún dos anteriores.

No relativo á ocupación laboral, profesión ou oficio, fíxose unha clasificación tendo en conta a CNO (Clasificación Nacional de Ocupacións) elaborada polo INE (Instituto Nacional de Estadística):

CNO	Título
0	Forzas armadas
1	Direccións das empresas e das administracións públicas
2	Técnicos e profesionais científicos e profesionais
3	Técnicos e profesionais de apoio

4	Empregados de tipo administrativo
5	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios
6	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca
7	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minería, agás os operadores de instalacións e maquinaria
8	Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores
9	Traballadores non cualificados

Posteriormente, as ocupacións clasificáronse segundo o sector de actividade, tendo en conta a CNAE (Clasificación Nacional de Actividades Económicas), establecida tamén polo INE.

Por último, tamén se respondeu acerca do nivel de ingresos medios por fogar, establecéndose para iso a seguinte escala: menos de 1.000 euros mensuais, entre 1.000 e 3.000 euros e máis de 3.000 euros.

CNAE	Título
1	Agricultura e pesca
2	Industria
3	Construción
4	Servizos

3.5 Saída de datos

Para a saída de datos empregáronse filtros en función de **dous tipos de variables**:

- Variables de estratificación: a provincia, o tamaño do concello, a idade e o sexo.
- Variables de caracterización: entre outras, a lingua inicial, a lingua habitual, o tipo de hábitat (rural ou urbano), o nivel de estudos ou o nivel de ingresos medio por fogar.

A distinción entre rural e urbano fíxose tendo en conta a resposta dada polas persoas enquisadas no apartado do cuestionario dedicado á caracterización. Desta maneira, foron os propios entrevistados/as os que determinaron se pertencían a un ou a outro segundo a súa percepción.

No mesmo apartado de caracterización, tamén se respondeu acerca do nivel de estudos (primarios, secundarios ou superiores) e do nivel de ingresos por fogar (menos de 1.000 euros mensuais, entre 1.000 e 3.000 e máis de 3.000).

3.6 Paneis de escoita

Ademais da análise cuantitativa dos datos que permite a enquisa, realizáronse para este ámbito referido á cidadanía **tres paneis de escoita** que tiveron como obxectivo a obtención de información cualitativa que dificilmente se pode conseguir a través dun método como o da entrevista telefónica.

Concretamente, para este ámbito realizáronse tres paneis de escoita centrados en tres temas distintos: lingua galega e mocidade; lingua galega no ámbito familiar; e usos lingüísticos da cidadanía.

Os paneis de escoita consistiron en reunións informais dun pequeno grupo de persoas (entre cinco e sete), asistidos por un grupo de apoio (moderador/a, asistentes...) que tiveron por obxecto contrastar opinións e ideas e debater sobre diferentes aspectos relacionados co idioma. Con isto conseguiuase información nova e valoracións sobre aspectos que non se tratan no estudo cuantitativo.

As etapas fundamentais para organizar e levar a cabo estes paneis de escoita foron as seguintes:

- Deseño e planificación do debate: nesta etapa confeccionouse a estrutura deste, así como os temas que se lles propoñían aos asistentes. Tamén comprendeu a elección dos participantes, así como a data e o lugar de celebración do panel.
- Desenvolvemento do panel de escoita: nesta fase, na que se celebrou a reunión propiamente dita, despois dunha pequena presentación do proxecto, das cuestións que se ían tratar e dos participantes no debate, o moderador foi propoñendo diferentes temas sobre os que os asistentes ían ofrecendo a súa opinión persoal. A duración dos paneis foi de entre dúas horas e dúas horas e media.
- Análise da información: as diferentes opinións e puntos de vista foron recollidos e ordenados nunha acta da que, finalmente, se extraían as conclusións que incluían os aspectos máis interesantes xurdidos no desenvolvemento do panel. A acta envióselles a todos os participantes para que modificasen, puntualizasen ou engadisen calquera cuestión que estimasen oportuna.

4. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

Na súa gramática xenerativa Noam Chomsky define **competencia lingüística** como *o sistema de regras que os falantes dunha lingua teñen interiorizado e que constitúe o seu saber lingüístico*. Grazas a isto, os falantes son quen de pronunciar e emitir un número infinito de enunciados, nunca oídos nin reproducidos ata o momento, empregando unha cantidade finita de elementos.

A competencia lingüística constitúe un referente moi importante á hora de analizar a situación sociolingüística do galego, pois posuír boas competencias nunha determinada lingua é a única maneira de asegurar o seu uso. No entanto, cómpre distinguir claramente estes dous conceptos, pois hai que ter en conta que coñecer unha lingua non implica usala. De feito, moitas persoas aprenden varias linguas estranxeiras ao longo da súa vida e, na práctica, non as empregan habitualmente.

Neste informe analizaranse non só as competencias en galego, senón tamén as competencias en castelán, xa que non podemos obviar que estamos a falar dunha comunidade bilingüe e con dous idiomas oficialmente recoñecidos.

As catro destrezas analizadas son “escribir”, “ler”, “falar” e “entender”. Para sondalas empregáronse na enquisa dous ítems que se presentan a continuación:

1. Actualmente en que lingua...?

	Galego	Castelán	As dúas igual
Escribe mellor?	☐	☐	☐
Le mellor?	☐	☐	☐
Fala mellor?	☐	☐	☐
Entende mellor?	☐	☐	☐

2. Actualmente vostede...?

	Moito	Bastante	Pouco	Nada
Entende cando lle falan en galego?	☐	☐	☐	☐
Sabe falar galego?	☐	☐	☐	☐
Sabe ler en galego?	☐	☐	☐	☐
Sabe escribir en galego?	☐	☐	☐	☐
Entende cando lle falan en castelán?	☐	☐	☐	☐
Sabe falar castelán?	☐	☐	☐	☐
Sabe ler en castelán?	☐	☐	☐	☐
Sabe escribir en castelán?	☐	☐	☐	☐

lingua galega

Destas dúas preguntas, a primeira, coa que se pretende conseguir información acerca da lingua que mellor dominan os falantes nas catro destrezas (galego, castelán ou as dúas por igual), supón unha novidade respecto ás cuestións que se formulan habitualmente para coñecer a competencia lingüística, pois adoitan ir máis na liña da segunda, coa que se pretende que o enquisado avalíe os seus coñecementos dunha lingua a partir da escala que se lle propón (“moito”, “bastante”, “pouco” ou “nada”). É o que se denomina “coñecemento declarado”.

Realmente, medir os coñecementos dunha persoa en materia de lingua é unha tarefa complicada. Somos conscientes de que este xeito de analizar as competencias lingüísticas pode verse alterado pola subxectividade dos propios falantes, pero consideramos que é o método máis viable, posto que, doutra maneira, habería que realizarlles probas ás persoas enquisadas que medisen as súas capacidades nas catro destrezas, orais e escritas, o cal suporía un traballo demasiado custoso e inabarcable.

A continuación presentaremos os principais resultados obtidos neste apartado dedicado ás competencias, representando graficamente os máis significativos e relevantes. Isto significa que quedarán variables sen representar, polo que estes datos aparecerán expresados en forma de táboa no anexo III. No caso das competencias en castelán, por exemplo, non existen apenas variacións, xa que a maior parte da poboación entrevistada se considera competente nas catro destrezas polas que se lle preguntou. Non acontece o mesmo no caso do galego, no que atopamos moita máis variación. Debido a esta maior variabilidade, os resultados nesta lingua terán unha representación gráfica maior.

4.1 Lingua que mellor domina a cidadanía galega

Neste apartado, analizarase cal das dúas linguas faladas en Galicia, galego e castelán, domina mellor a cidadanía nas catro destrezas: escribir, ler, falar e entender.

Como se pode apreciar no gráfico que se presenta a continuación, as diferenzas entre ambas as dúas linguas son notables. O ideal neste caso sería que nos gráficos o tramo referido ás dúas linguas, situado na parte central, fose o máis amplo posible, pois isto significaría que a poboación domina ambas por igual.

No entanto, só na capacidade para entender nos achegamos un pouco a esta idoneidade, xa que o 79% da cidadanía afirma que entende por igual o galego e o castelán. Nas demais destrezas, este dominio dos dous idiomas é moito menor, cuns resultados claramente máis favorables ao castelán. Isto apréciase en maior medida na escrita, xa que o 18% dos enquisados afirma escribir igual de ben nas dúas linguas, mentres que só o 7% manifesta facelo mellor en galego, fronte ao 74,4% que domina mellor o castelán.




Gráfico 1. Lingua que mellor domina a cidadanía nas catro destrezas

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Mellor en castelán
■ As dúas igual
■ Mellor en galego

Resulta moi interesante comparar os resultados anteriores cos da gráfica que mostramos a continuación, onde se representa o dominio das linguas nas diferentes destrezas, pero só da poboación estudantil. Agás na fala, onde hai un leve retroceso (do 29,9% pásase ao 28,7%), no resto das destrezas aumenta a porcentaxe de persoas que afirman ter as mesmas competencias nas dúas linguas. A diferenza é máis significativa nas competencias escritas, lectura e escritura, pois no primeiro caso pásase do 33,7% ao 52% de persoas que afirman saber ler e escribir en galego e castelán na mesma medida, e no caso da escrita a porcentaxe elévase do 18,7% ao 34,1%. Aínda así, a pesar dos importantes avances conseguidos nos últimos vinte anos, semella que a situación está lonxe de ser a que se propón o sistema educativo, que pretende que o alumnado remate a educación obrigatoria con igual dominio das dúas linguas oficiais.

No caso dos resultados referentes ao galego, pódese comprobar como nas destrezas escritas (lectura e escritura) as porcentaxes dos que afirman ter mellores competencias en galego aumentan respecto á media (do 7% ao 15,7% no caso da escrita e do 5,2% ao 9,7% no da lectura), mentres que as cifras apenas varían no caso da capacidade para entender e baixan no caso da capacidade para falar en galego (do 37,1% ao 28,4%).




Gráfico 2. Lingua que mellor domina a poboación estudantil nas catro destrezas

Base: estudantes de 15 anos ou máis residentes en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se temos en conta o hábitat das persoas enquisadas, as diferenzas entre rural e urbano son máis acentuadas no caso das competencias orais, é dicir, falar e entender. Nos dous casos as porcentaxes dos que din que dominan en igual medida galego e castelán son semellantes, pero entre os que se decantan por unha ou outra lingua as variacións son evidentes. No caso das zonas rurais, é moito maior a cifra de persoas que afirman entender (12%) e falar (49,1%) mellor en galego, fronte ás zonas urbanas, onde as porcentaxes baixan notablemente (3,7% e 26,6%, respectivamente).




Gráfico 3. Lingua que mellor domina a cidadanía nas catro destrezas segundo o tipo de hábitat

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

As diferenzas segundo o sexo da persoa enquisada non son, como podemos comprobar na táboa número 1, demasiado significativas. Aínda así, aprécianse algunhas tendencias, como que no caso dos homes a porcentaxe dos que dominan as dúas linguas por igual nas catro destrezas é maior que no caso das mulleres. Tamén é maior a porcentaxe de mulleres que ten mellores destrezas en castelán que en galego en comparación cos homes, mentres que no que ás competencias en galego se refire nos dous sexos está bastante igualada, rexistrándose as diferenzas máis amplas no caso da lectura. Nesta destreza o 6,6% dos homes afirma ler mellor en galego fronte ao 4% das mulleres.

Este mellor dominio dos homes das dúas linguas en todas as destrezas pode deberse a que, ata non hai moito tempo, estes tiñan un maior acceso á educación, o que provocaba unha mellor formación, fronte ás mulleres que tradicionalmente quedaban á marxe das actividades formativas e educativas.

	HOMES				MULLERES			
	Escribe	Le	Fala	Entende	Escribe	Le	Fala	Entende
Galego	7,4%	6,6%	37,0%	7,4%	6,6%	4,0%	37,3%	7,9%
Castelán	71,0%	56,1%	30,6%	12,5%	77,3%	65,6%	35,0%	14,1%
As dúas	21,6%	37,2%	32,4%	80,1%	16,0%	30,3%	27,7%	77,9%

Táboa 1. Lingua que mellor domina a cidadanía nas catro destrezas segundo o sexo

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

No que á competencia escrita se refire, pódese comprobar no seguinte gráfico como existe unha clara correlación entre o dominio desta destreza e a lingua habitual. Así, a porcentaxe dos que afirman escribir mellor en galego é maior no caso dos que teñen esta lingua como habitual e viceversa, os que teñen maior destreza na escrita en castelán son os que normalmente se expresan neste idioma. A pesar disto, o dominio do castelán nas competencias escritas é claramente superior ao do galego, independentemente da lingua habitual da persoa entrevistada.

Os bilingües son os que presentan unha maior porcentaxe de igual dominio das dúas linguas, aínda que os que se decantan por unha delas o fan principalmente polo castelán (73,4%).






Gráfico 4. Lingua na que mellor escribe a poboación segundo a lingua habitual

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se analizamos os datos por tramos de idade, é moi claro como aumenta a porcentaxe da poboación que ten o mesmo dominio de galego e castelán na escrita a medida que diminúe a idade dos enquisados. Paralelamente tamén crece o número de persoas que escribe mellor en galego ca en castelán nas xeracións máis novas. De todas as maneiras, o castelán continúa a ser a lingua na que mellor se expresa a nivel escrito toda a poboación, independentemente da súa idade, aínda que a porcentaxe vaia diminuindo canto menor sexa a idade da persoa enquisada.





Gráfico 5. Lingua na que mellor escribe a poboación segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Segundo a idade, como xa acontecía no caso da escrita, os resultados das competencias lectoras varían moito en función desta variable. Canto máis nova é a poboación maior porcentaxe de persoas afirma ter a mesma competencia nas dúas linguas (o 53,6% para o tramo dos máis novos, de 15 a 24 anos, fronte ao 18,5% do tramo de maior idade, é dicir, máis de 64 anos). Tamén aumenta, segundo se reduce a idade, a cifra dos que len mellor en galego que en castelán (11,1% fronte a 3,4%). En calquera caso, independentemente da lingua habitual, o castelán é a lingua na que mellor le a cidadanía nunha porcentaxe máis elevada, superando en todos os casos o 60%.



O nivel de estudos tamén é un bo indicador das competencias da poboación. Como era de esperar, os que teñen máis estudos, é dicir, os que alcanzaron a educación superior, mostran mellores resultados no dominio das dúas linguas por igual, fronte aos que só posúen estudos primarios ou equivalente. En calquera caso, independentemente da formación, o castelán é a lingua na que mellor le a maior parte da poboación, sobre todo canto menos estudos ten.




Gráfico 7. Lingua na que mellor le a poboación segundo o nivel de estudos

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Castelán
- As dúas igual
- Galego

A variable da idade pode resultar tamén interesante á hora de analizar a lingua que mellor domina a cidadanía a nivel oral. Neste sentido, o máis interesante é comprobar como a medida que diminúe a idade diminúe tamén a porcentaxe de persoas que afirman que é o galego a lingua na que mellor competencia teñen na expresión oral. Así, nos maiores de 64 anos o 47,3% falan mellor en galego fronte ao 27,7% que consideran se expresan mellor en castelán. Se comparamos estas porcentaxes coas acadadas no caso dos enquisados de entre 15 e 24 anos, podemos ver como as cifras varían notablemente, pois, neste caso, só o 28,5% afirma falar mellor en galego, fronte ao 42,2% que o fai mellor en castelán.




Gráfico 8. Lingua que mellor fala a cidadanía segundo a idade


Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Castelán
- As dúas igual
- Galego

O tipo de hábitat é outra das variables que condiciona a expresión oral da cidadanía galega. No gráfico que presentamos a continuación, pódese apreciar claramente como a porcentaxe dos que responden que falan mellor en galego diminúe a medida que aumenta o tamaño do concello ao que pertence a persoa enquisada. Así, vemos como nos concellos que contan con menos de 5.000 habitantes a porcentaxe de persoas que falan mellor galego é de 57,9%, fronte ao 18,9% dos que teñen máis de 50.000, é dicir, as sete cidades galegas.

Para o castelán acontece xustamente ao contrario, pois mentres que nos concellos con menos de 5.000 habitantes o 15,4% da poboación di falar mellor galego, nos de máis de 50.000 ascende ao 48,5%.



Se temos en conta o nivel de estudos, vemos como os que recibiron unha educación superior teñen unha mellor competencia oral en castelán, o 47,9%, fronte ao 15,9% que fala mellor en galego. As persoas que pertencen a este grupo son tamén as que mostran unha porcentaxe maior de igual dominio das dúas linguas (o 36,2%).

Pola contra, aqueles entrevistados que non pasaron dos estudos primarios ou equivalente presentan unha porcentaxe moito maior de persoas que afirman falar mellor en galego (o 52,8%) fronte ao castelán, que só acada o 18,6%.





Gráfico 10. Lingua que mellor fala a cidadanía segundo o nivel de estudos

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Castelán
- As dúas igual
- Galego

Se temos en conta os resultados acadados por provincias, como reflicten os mapas que aparecen a continuación, vemos que só cando se lle pregunta á cidadanía que lingua entende mellor as porcentaxes da resposta “as dúas” son máis elevadas que as opcións que se decantan polo galego ou polo castelán. É nas provincias de Lugo e Ourense onde esta porcentaxe é máis elevada, pois en ambas supera o 80%. Por outra banda, só na provincia de Ourense a cifra dos que afirman entender mellor o galego é superior que a dos que din entender mellor o castelán.




Mapa 1. Lingua que mellor entende a cidadanía por provincias

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En canto á competencia escrita, en todas as provincias a porcentaxe dos que din escribir mellor en castelán supera o 70%. As provincias onde mellores resultados acadada a opción “as dúas” son Pontevedra e A Coruña, nas que as porcentaxes están próximas ao 20%, moi lonxe dunha situación ideal de dominio dos dous idiomas por igual.




Mapa 2. Lingua que mellor escribe a cidadanía por provincias

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

No que á competencia en expresión oral se refire, na provincia de Ourense case a metade dos enquisados/as di falar mellor en galego. Só en Pontevedra a porcentaxe de castelán supera a de galego. A opción “a dúas” é moi semellante nas catro provincias, pois en todas elas se aproxima ao 30% da poboación enquisada.




Mapa 3. Lingua que mellor fala a cidadanía por provincias

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En canto á competencia lectora, maioritariamente a poboación galega di ler mellor en castelán que en galego. É nas provincias de Lugo e Ourense onde esta opción acada as porcentaxes máis elevadas.



Mapa 4. Lingua que mellor le a cidadanía por provincias

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se temos en conta o tamaño dos concellos, vemos como a opción de resposta “as dúas” é maioritaria en todo tipo de concellos unicamente cando se pregunta que lingua entenden mellor. Neste caso, nos que teñen máis de 10.000 habitantes o castelán supera o galego, mentres que nos que teñen menos a porcentaxe de galego é maior que a de castelán.

En canto á escrita, en todos os concellos a cidadanía afirma escribir mellor en castelán, sobre todo nos que superan os 50.000 habitantes, onde a porcentaxe se aproxima ao 80%.

No que se refire á fala, nos concellos de menos de 50.000 habitantes a opción “galego” supera as outras dúas, e canto menor é o concello maior é a porcentaxe de persoas que afirma falar mellor nesta lingua.


Analizando agora os datos acadados na lectura, en todos os concellos o castelán é a resposta maioritaria, superando en todos os casos o 60%.



Mapa 5. Lingua que mellor domina a cidadanía nos concellos de menos de 5.000 hab.

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



Mapa 6. Lingua que mellor domina a cidadanía nos concellos de 5.000 a 10.000 hab.

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



Mapa 7. Lingua que mellor domina a cidadanía nos concellos de 10.000 a 50.000 hab.

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



Mapa 8. Lingua que mellor domina a cidadanía nos concellos con máis de 50.000 hab.

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

4.2 Competencias lingüísticas da cidadanía galega

O ítem para sondar as competencias lingüísticas nas catro destrezas xa apuntadas (falar, entender, escribir e ler) ten catro posibilidades de resposta na enquisa realizada para o Observatorio da Situación da Lingua Galega: moito, bastante, pouco e nada. É o mesmo que o

empregado para o MSG-92 (agás no referido ao castelán, lingua pola que non se preguntaba neste estudo) que, no entanto, foi modificado no MSG-04.

Os estudos realizados ata o momento (tanto o MSG como a enquisa do IGE) amosan un nivel moi alto nas competencias orais en galego, é dicir, a capacidade para ler e para falar, fundamentalmente da primeira delas. Os elevados valores acadados nestas destrezas chocaban cos das competencias en lectura e escritura, debido, sobre todo, á exclusión do galego do ensino, a excepción das xeracións máis novas que xa tiveran acceso á aprendizaxe da lingua galega durante a súa formación. No entanto, eses valores incrementáronse co paso do tempo, feito que se plasma nas diferenzas de datos entre o MSG-92 e a enquisa do IGE do ano 2003 ou o MSG-04, posto que cada vez unha maior porcentaxe da cidadanía recibiu formación nesta lingua ao tempo que esta foi incorporándose a un máis elevado número de ámbitos formais dos que estaba ausente ata o momento.

No caso dos datos obtidos na enquisa do Observatorio da Situación da Lingua Galega, vemos como as competencias en castelán son moi elevadas nas catro destrezas, escribir, ler, falar e entender, pois as porcentaxes dos que contestaron moito ou bastante superan en todas elas o 96%.

No caso do galego, tamén son moi altas no caso das destrezas orais (entender e falar, co 98% e o 89,3% respectivamente de persoas que responderon que entendían e falaban o galego moito ou bastante), aínda que as porcentaxes son algo inferiores ás do castelán. No entanto, as cifras referidas a competencias escritas (lectura e escritura) baixan notablemente, sobre todo no caso da escrita. Así, o 27,3% das persoas entrevistadas afirman saber ler en galego pouco ou nada, porcentaxe que se eleva ao 45,5% cando se pregunta se saben escribir nesta lingua.




Gráfico 11. Competencias da cidadanía nas catro destrezas en galego e castelán

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Pouco / nada
■ Moito / bastante

Se comparamos os resultados por sexo, pódese concluír que as diferenzas entre homes e mulleres no que ás competencias se refire non son demasiado significativas no caso do castelán, aínda que sempre algo máis favorables para os primeiros, mentres que, no caso do galego, estas se acentúan considerablemente nas destrezas escritas (lectura e escritura). Así, se na capacidade para entender os resultados son idénticos (o 98% das persoas enquisadas de ambos os dous sexos din entender o galego moito ou bastante) e na capacidade para falalo a diferenza é tan só do 2,9%, na lectura e na escritura as porcentaxes difiren notablemente, sendo sempre os datos máis favorables para os homes.

No caso da capacidade para ler en galego, o 77,6% dos homes enquisados responderon que sabían facelo moito ou bastante, fronte ao 68,2% nas mulleres. As porcentaxes varían máis aínda no caso da capacidade para escribir nesta lingua, pois o 58,4% dos homes afirmaron saber escribilo moito ou bastante, mentres que no caso das mulleres esta porcentaxe descende ata o 51%.

	Competencias lingüísticas da cidadanía segundo o sexo			
	HOMES		MULLERES	
	Moito/bastante	Pouco/nada	Moito/bastante	Pouco/nada
Escribe galego	58,4%	41,6%	51,0%	49,0%
Le galego	77,6%	22,4%	68,2%	31,8%
Fala galego	90,8%	9,2%	87,9%	12,1%
Entende galego	98,0%	2,0%	98,0%	2,0%
Escribe castelán	98,3%	1,7%	96,1%	3,9%
Le castelán	98,9%	1,1%	98,3%	1,8%
Fala castelán	97,1%	2,9%	95,3%	4,7%
Entende castelán	99,8%	0,2%	99,7%	0,3%


Táboa 2. Competencias lingüísticas da cidadanía nas catro destrezas en galego e castelán segundo o sexo

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

A variable do hábitat ten unha influencia moi importante na distribución das catro destrezas e mostra aspectos curiosos, tanto nos datos referidos ao galego coma nos referidos ao castelán.

Así, no caso concreto do galego, nas competencias orais, falar e entender, as porcentaxes do moito/bastante son maiores no ámbito rural, mentres que no caso das competencias escritas, lectura e escritura, acontece o contrario: as cifras son máis elevadas no ámbito urbano. Probablemente isto se deba ás características da poboación que habita nunhas zonas e noutras, se temos en conta que no rural predomina unha poboación de maior idade que na súa maioría non tivo acceso ao estudo do galego durante a súa escolarización, o que provoca que o seu dominio do galego a nivel escrito sexa menor. Todo o contrario ocorre nas cidades, cunha porcentaxe de poboación nova que xa estudou galego na súa etapa escolar moito máis elevada.




No caso do castelán, as competencias son maiores en todas as destrezas no ámbito urbano, notándose as diferenzas máis significativas na expresión oral e na expresión escrita.



Como vimos ata o de agora, o ensino é unha variable moi importante á hora de analizar as destrezas da cidadanía, principalmente para o galego. O gráfico 14, que se mostra a continuación, é unha boa proba disto.

Neste colectivo dos estudantes, e no que se refire ao castelán, as porcentaxes dos que dominan as catro destrezas superan en todos os casos o 99%, chegando ao 100% no caso da capacidade para comprender e para ler.

En canto ao galego, no caso da capacidade para ler si que se acada esta cifra, pero non así no resto das competencias. É na capacidade para falar e para escribir na que un maior número de estudantes contestaron que sabían falar e escribir en galego pouco ou nada, o que demostra, unha vez máis, que o estudantado galego non domina por igual as dúas linguas cooficiais.



No seguinte gráfico confírmase que a variable da idade ten unha grandísima importancia no caso das competencias en lingua galega. Neste caso concreto, falamos da escrita, e podemos ver como é a poboación máis nova a que ten un maior dominio desta destreza en galego. Este dominio da escrita vai descendendo conforme avanza a idade das persoas enquisadas. Así, pásase do 92,9% dos menores de 25 anos que afirman saber escribir en galego moito ou bastante ao 20,8% no tramo dos de maior idade (máis de 65 anos). Outra vez, pódese comprobar como a aprendizaxe da lingua galega nas xeracións máis novas ten unha influencia decisiva no dominio da destreza escrita.




Gráfico 15. Competencia escrita en galego da cidadanía segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

O comentario feito para o anterior gráfico pode aplicarse ao seguinte, no que a maior idade menor capacidade para ler en galego moito ou bastante, probablemente por influencia da escolarización en galego das xeracións máis novas como xa se apuntou anteriormente.




Gráfico 16. Capacidade para ler en galego da cidadanía segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se nos detemos agora na percepción que ten a cidadanía sobre as súas competencias orais, estas son bastante elevadas en todos os tramos de idade, oscilando as porcentaxes entre o 93,7%, a máis elevada, que se corresponde coa poboación que ten entre 15 e 24 anos, e o 84,5%, a máis baixa, que se dá entre as persoas enquisadas de entre 35 e 44 anos.




Gráfico 17. Competencia oral en galego da cidadanía segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Pouco / nada
■ Moito / bastante

As variables de lingua inicial e lingua habitual tamén achegan datos significativos no que se refire á competencia na escrita que afirma ter a cidadanía. En primeiro lugar, pódese comprobar como son os bilingües iniciais os que declaran saber escribir en galego moito ou bastante nunha porcentaxe maior (69,1%); o mesmo acontece no caso da lingua habitual, cunha porcentaxe do 64,5%. Por outra banda, os que teñen unha das dúas, galego ou castelán, como lingua inicial ou habitual teñen unha menor competencia escrita en galego, pero nunha porcentaxe moi semellante.





Gráfico 18. Competencia escrita en galego da cidadanía segundo a lingua inicial e a lingua habitual

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Pouco / nada
■ Moito / bastante

No caso da lectura, tamén son as persoas enquisadas que teñen galego e castelán como lingua inicial e habitual as que afirman saber ler en galego moito ou bastante nunha porcentaxe maior. Douro lado, situaríanse os monolingües iniciais e habituais en castelán que son os que teñen unha menor capacidade para ler en galego.




Na competencia escrita, segundo o tamaño do concello estudado tamén atopamos diferenzas significativas. Se observamos os catro mapas que aparecen a continuación referidos a esta competencia e que se corresponden cos catro grupos de concellos establecidos en función do número de habitantes, vemos que canto maior é o municipio maior é tamén a capacidade para escribir en galego. Trátase dun dato que contrasta cos de competencia oral, xa que canto menor é o concello maior é a capacidade para falar esta lingua. Polo tanto, é nos concellos onde menor presenza ten o galego a nivel oral onde mellores competencias escritas teñen os seus habitantes, cunha porcentaxe do 56,8% nas sete grandes cidades. Malia isto, as cifras para o castelán son moito mellores, xa que en todos os casos supera o 95%.



Mapa 9. Competencia escrita en galego nos concellos de menos de 5.000 hab.

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



Mapa 10. Competencia escrita en galego nos concellos de 5.000 a 10.000 hab.

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



Mapa 11. Competencia escrita en galego nos concellos de 10.000 a 50.000 hab.

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



Mapa 12. Competencia escrita en galego nos concellos de máis de 50.000 hab.

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se nos fixamos agora nos datos por provincias, en todas elas os resultados da variable entender están moi próximos ao 100%, tanto no para o galego coma para o castelán. Tamén son moi positivos para as dúas linguas no caso de saber falar, malia que os datos do castelán son lixeiramente mellores. O peor resultado para o galego atopámolo na provincia de Pontevedra, onde o 88% afirma saber falalo moito ou bastante. No outro extremo está a de Ourense, cunha porcentaxe que acada o 94,2%.

No que se refire á lectura, aquí xa atopamos maiores diferenzas nos resultados entre galego e castelán, xa que os datos en todas as provincias son máis positivos para o castelán, que supera o 98% nas catro. No caso do galego os mellores datos aparecen na provincia da Coruña onde o 75,3% afirman saber ler nesta lingua moito ou bastante. Pola contra, esta cifra descende ata o 68,6% na de Ourense, paradoxalmente onde se alcanzaban mellores resultados na competencia oral.


Pero é na escrita onde o galego, como vimos ata o de agora, obtén os peores resultados en todas as provincias nesta destreza. É tamén na da Coruña onde a porcentaxe dos que saben escribilo moito ou bastante é máis elevada, un 57%. No extremo contrario atópase a provincia de Lugo, onde apenas a metade da poboación escolleu entre estas dúas opcións de resposta.



Mapa 13. Capacidade para entender galego e castelán segundo a provincia

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega




Mapa 14. Capacidade para falar en galego e castelán segundo a provincia

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega


lingua
galega



Mapa 15. Capacidade para ler en galego e castelán segundo a provincia

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



Mapa 16. Capacidade para escribir en galego e castelán segundo a provincia

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

4.3 Conclusións sobre as competencias lingüísticas da cidadanía galega

Estas son as principais conclusións que se poden extraer das competencias lingüísticas autopercibidas pola cidadanía en galego e en castelán a partir dos datos obtidos da enquisa realizada polo Observatorio da Situación da Lingua Galega:

- En xeral, a cidadanía percibe que ten unha mellor competencia do castelán nas catro destrezas analizadas: ler, escribir, entender e falar. A maior parte da poboación enquisada afirma dominalas moito ou bastante, mentres que, no caso do galego, hai moita máis variación. As diferenzas, respecto ao galego, acentúanse no caso das competencias escrita e lectora, o que se pode asociar á escolarización exclusiva en castelán dunha gran parte da poboación galega no pasado. No que se refire á capacidade para entender é onde os datos entre unha e outra lingua están máis igualados, cunhas porcentaxes en ambos os dous idiomas moi elevadas.
- A chegada do galego ás aulas apréciase nas xeracións máis novas, pois nos dous primeiros tramos de idade establecidos (de 15 a 24 anos e de 25 a 34) as competencias en galego son moito maiores que nas xeracións de máis idade. Os máis novos son quen teñen maiores competencias nas dúas linguas. Pódese concluír, polo tanto, que o sistema educativo tivo unha influencia moi positiva na mellora destas, principalmente na lectura e a escrita.
- A variable relacionada co nivel de estudos tamén achega datos interesantes. Canto maior é a formación, maior é a competencia en castelán en todas as destrezas, mentres que, no caso do galego, aínda que tamén se cumpre esta regra, non acontece así en todas as destrezas. Na capacidade para falalo, mostran máis competencias as persoas cun menor nivel formativo.
- Independentemente da lingua inicial das persoas enquisadas, a maioría ten competencias elevadas nas catro destrezas en castelán. Neste caso, o valor máis baixo atopámolo na expresión oral dos que teñen o galego como lingua inicial. Os resultados son ben distintos para o caso galego, xa que nas competencias lectoescritas son os cidadáns bilingües os que contan con mellores competencias. En canto á lingua oral, tres de cada dez cidadáns co castelán como lingua inicial ou habitual non posúen competencias para expresarse oralmente en galego.
- Mentres que as diferenzas entre provincias son pouco significativas no que a competencias lingüísticas se refire, agás no caso da capacidade para falar en galego onde a porcentaxe nas provincias de Lugo e Ourense é superior, o tamaño do concello si inflúe notablemente nas destrezas. Na competencia escrita, a medida que aumenta o tamaño do concello increméntanse tamén as competencias en galego da poboación, en trazos xerais. Pasa o contrario no caso da competencia oral, aínda que as diferenzas non son tan importantes. En relación co castelán, aínda que as porcentaxes superan o 90% nas catro destrezas, os valores máis absolutos están directamente relacionados co tamaño do concello. Así, os máis elevados danse nos concellos maiores, onde se acada practicamente o 100%. A capacidade para escribir en galego é maior nos ámbitos urbanos, mentres que a capacidade para falalo aumenta canto menor é o concello.

- Segundo o tipo de hábitat, as maiores competencias escritas en ambas as dúas linguas móstranse nos ámbitos urbanos, onde as diferenzas son máis salientables no caso do galego. No caso do castelán, as porcentaxes aproxímanse ao 100%. No que se refire ao galego, os valores máis altos danse no ámbito rural, mentres que os do castelán acadan valores superiores no ámbito urbano.
- En canto ao sexo, as diferenzas non son moi significativas, mais apréciase no caso dos homes unha maior competencia nas catro destrezas en galego e en castelán que no caso das mulleres. Isto pode deberse a que, en épocas pasadas, o acceso dos homes á educación era máis elevado que no caso das mulleres.
- Se se ten en conta o nivel de ingresos, cando estes son máis elevados maiores son as competencias, sobre todo en castelán. A porcentaxe de persoas enquisadas que sinala ter a mesma competencia escrita en galego e castelán é superior nos fogares con maiores ingresos. En canto á capacidade para falar, no tramo de menores ingresos é maioritario o galego.

5. LINGUA INICIAL E LINGUA HABITUAL

A lingua inicial é un indicador moi importante para coñecer a vitalidade das linguas, principalmente nos contextos onde conviven dous ou máis idiomas. Trátase da primeira lingua que o individuo aprende a falar na casa na súa infancia, coa que comeza o seu percorrido vital. Na maioría dos casos, a lingua inicial identifícase coa que lles falan os proxenitores aos seus fillos/as. Outras denominacións alternativas que recibe con frecuencia a lingua inicial son lingua materna (denominación empregada pola enquisa do IGE, por exemplo) ou primeira lingua.

No caso da enquisa realizada para o Observatorio da Situación da Lingua Galega, co fin de coñecer a lingua inicial das persoas entrevistadas formulóuselles a pregunta “¿que lingua aprendeu a falar na casa cando era neno/a?”, para a que se lles ofreceu a posibilidade de escoller entre catro posibles respostas: galego, castelán, as dúas igual ou outras linguas.

En canto ao concepto de lingua habitual, esta é a lingua principal empregada polo individuo con maior frecuencia na súa vida diaria. Cando se obteñen datos acerca do idioma que fala habitualmente unha persoa, estase a informar sobre os seus usos lingüísticos e tamén, en certa medida, sobre a súa identidade lingüística.

Para coñecer a lingua habitual das persoas enquisadas, formulóuselles a seguinte pregunta: “¿Que lingua fala habitualmente hoxe en día? Só galego, só castelán, máis galego que castelán, máis castelán que galego, as dúas igual ou outras linguas”.

Ademais, debido á presenza cada vez maior de inmigrantes na nosa sociedade, así como a un dominio maior da poboación doutros idiomas, realizouse unha pregunta específica acerca do uso habitual doutras linguas. Os ítems foron os seguintes:


3. Vostede, habitualmente, **¿usa –fala, le, escribe ou escoita– outra lingua (O.L.)** diferente do galego ou do castelán?

Usa habitualmente O.L.	☐ Si	☐ Non
-------------------------------	-----------------------------	------------------------------

4. Se usa, **¿que outras linguas usa?**

☐ Inglés	☐ Portugués	☐ Francés	☐ Outra
---------------------------------	------------------------------------	----------------------------------	--------------------------------

Tamén se quixeron obter datos sobre posibles cambios de lingua ao longo da vida da poboación enquisada e a dirección deses



cambios. Para coñecer esta variación, formuláronse as seguintes preguntas:

7. ¿E anteriormente sempre falou (dicir a resposta anterior) ou falaba outra diferente (dicir as outras opcións)?

Outra diferente	☐ Si	☐ Non
------------------------	-----------------------------	------------------------------

8. Se cambiou, ¿o último cambio foi a falar “máis galego” ou “máis castelán”?

Dirección do cambio ao falar	☐ Máis galego	☐ Máis castelán
-------------------------------------	--------------------------------------	--

5.1 Lingua inicial

Neste apartado analízanse os resultados referidos á lingua inicial na enquisa do Observatorio da Situación da Lingua Galega. Se comparamos a metodoloxía deste estudo coa empregada no MSG, pódese comprobar como coincide coa que se utilizou no MSG-92, pero non coa do MSG-04. No primeiro deles, as posibilidades de resposta eran as mesmas que as empregadas na enquisa do observatorio: galego, castelán, as dúas ou outras linguas. No entanto, no MSG-04 modificáronse as alternativas de resposta: só galego, máis galego, só castelán, máis castelán ou outras. En ambos os dous estudos, mantívose o mesmo enunciado para a pregunta: ¿en que lingua aprendeu a falar?


No caso da enquisa do IGE, o enunciado da pregunta é o mesmo e as opcións de resposta tamén coinciden coas do observatorio e o MSG-92.

Comezando xa coa análise dos datos e deténdonos no total das persoas enquisadas, podemos comprobar como un 57,6% afirmou ter o galego como lingua inicial, fronte ao 32% que indicou o castelán. A porcentaxe de bilingües iniciais é de 9,3%, mentres que o 1,1% respondeu outra lingua. A partir destes datos, pódese concluír que o galego continúa a ser a lingua inicial de máis da metade da poboación galega, cunha porcentaxe algo inferior á obtida no MSG-92¹, estudo no que o 60,3% afirmou ter o galego como lingua inicial. No caso do castelán, a evolución é a contraria, pois no ano 1992 o 27,2% tiña este como lingua inicial, case cinco puntos menos que no noso estudo. Tamén diminuíu a porcentaxe de bilingües iniciais, que no MSG-92 era do 11,9%.

¹ Facemos a comparación só cos datos do MSG-92, pois as alternativas de resposta son as mesmas que as da enquisa do Observatorio da Situación da Lingua Galega, ademais de estudar a poboación maior de 15 anos, polo tanto, moi semellante á estudada no Observatorio, onde se ten en conta os maiores de 14. Co MSG-04 hai diferenzas respecto ás alternativas de resposta e ademais este céntrase na poboación de 15 a 54 anos. Con respecto ao IGE, aínda que as opcións para responder á pregunta de lingua inicial coinciden, neste estudo tense en conta a poboación maior de 4 anos, polo que tampouco neste caso se poden facer comparacións a nivel xeral.

Se temos en conta a variable do sexo, reflectida no gráfico 20, pódese comprobar que as diferenzas non son moi significativas. Tan só afectan os bilingües iniciais, 10,1% no caso dos homes e 8,6% no das mulleres, e os castelanfalantes iniciais, cunha maior porcentaxe de mulleres (32,9% fronte a 31% de homes), aínda que as diferenzas resultan pouco relevantes. No MSG-92 os resultados tamén van nesa dirección.

Esta maior presenza do castelán no sexo feminino pode deberse, como apuntan moitos estudos, á tendencia existente de transmitirles a lingua dominante ás mulleres para a súa socialización. Hai que poñer ademais este dato en relación co proceso de substitución lingüística, pola súa influencia na transmisión aos seus descendentes.



As diferenzas si son moi significativas se temos en conta a variable da idade. En todos os estudos feitos ata o momento sobre a situación sociolingüística do galego (MSG e IGE) cóincídesse na seguinte tendencia: a menor idade da persoa enquisada menor presenza do galego. Polo tanto, a relación entre lingua inicial e idade é evidente e pódese ver tamén no gráfico 21.

Así, podemos comprobar como a medida que diminúe a idade diminúe tamén o galego como lingua inicial, aínda que, nos dous tramos de menor idade (de 15 a 24 anos e de 25 a 34), se aprecia unha lixeira recuperación respecto ao seguinte tramo (de 35 a 44). Pola contra, aumenta a opción do castelán de xeito moi notable canto menor é a idade da persoa enquisada, así como o número de bilingües iniciais.

O dato máis positivo é que no tramo dos máis novos se detecta un lixeiro retroceso na tendencia da perda de galegofalantes iniciais, tendencia que tamén se aprecia no MSG-04 ou na enquisa do IGE.




Gráfico 21. Lingua inicial segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Considerando agora a variable do nivel educativo da poboación enquisada, en liña con anteriores estudos sociolingüísticos sobre a lingua galega, pódese apreciar unha relación entre os niveis educativos máis baixos e o galego. Así, esta é a lingua inicial do 77,4% das persoas con estudos primarios ou equivalente, fronte ao 40,8% dos que accederon á educación superior. Canto maior é o nivel de estudos, maior é tamén a porcentaxe de castelanfalantes iniciais, mais tamén de bilingües iniciais.




Gráfico 22. Lingua inicial segundo o nivel de estudos


Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

O hábitat é outra das variables que introduce notables diferenzas no que á distribución da lingua inicial se refire, feito que se pode corroborar noutros estudos, como o MSG. Así, a porcentaxe de galegofalantes iniciais diminúe radicalmente conforme aumenta o tamaño do concello, de xeito que se nos de menos de 5.000 habitantes é de 80,4% nos de máis de 50.000 esta cifra descende ata a metade (40,8%). A distancia, polo tanto, entre os dous extremos é moi significativa.

Pola contra, a presenza do castelán aumenta de xeito considerable nos concellos de maior tamaño, principalmente nos de máis de 50.000 habitantes, onde as cifras de castelanfalantes iniciais xa superan as de galegofalantes iniciais. Tamén medra a porcentaxe de bilingües iniciais conforme aumenta o tamaño do concello, triplicándose case a cifra entre os dous extremos da escala (do 4,2% ao 12,7%).





Mapa 17. Lingua inicial segundo o tamaño do concello

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

5.2 Lingua habitual

En canto á lingua habitual, isto é, a lingua en que se comunica principalmente na súa vida a cidadanía, no total da poboación, o galego segue a ser a lingua maioritaria de uso cotián. Así, se sumamos as porcentaxes de 'só galego' e 'máis galego', a cifra é de 47,9%, mentres que se sumamos as de 'só castelán' e 'máis castelán', descenden ao 32,6%. A estes datos habería que engadir a porcentaxe de bilingües habituais, situada no 19,3%.

Na enquisa do IGE e mais na do MSG-92 tamén se formulou unha pregunta sobre a lingua habitual, mais os resultados non son comparables cos do Observatorio posto que as opcións de resposta non coinciden, xa que estes dous estudos non inclúen a posibilidade de contestar 'as dúas igual'.

As diferenzas en canto ao sexo, como acontecía no caso da lingua inicial, son moi pouco significativas nos datos referidos a 'só galego' e 'máis galego', pero si varían no caso dos que afectan a 'só castelán' e 'máis castelán' e tamén o bilingüismo habitual. Así, pódese comprobar como o 34,8% das mulleres afirman ter 'só castelán' ou 'máis castelán' como lingua habitual, fronte ao 30,8% dos homes. No caso da opción 'as dúas igual', vemos como o bilingüismo é neles máis elevado, polo que a tendencia das mulleres se dirixe máis cara ao monolingüismo.

Tamén chama a atención a diferenza existente na opción 'máis castelán', escollida polo 20,5% das mulleres fronte ao 16,9% dos homes.




Gráfico 23. Lingua habitual segundo o sexo

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega


- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

lingua galega

Se consideramos agora a variable da idade, coincídese na seguinte tendencia cos datos da lingua inicial: canto menos idade da persoa enquisada menos presenza do galego, polo que existe tamén unha relación evidente entre lingua habitual e idade.


Como acontecía no caso da lingua inicial, a medida que diminúe a idade diminúe tamén o galego como lingua habitual. Do mesmo xeito, e paralelamente, aumentan as porcentaxes da suma das opcións 'só castelán' e 'máis castelán' de maneira moi notable canto menor é a idade da persoa enquisada. Onde si se produce un retroceso é no monolingüismo exclusivo en castelán nas persoas enquisadas de menor idade.

O dato máis positivo é que no tramo dos máis novos (de 15 a 24 anos) se detecta, cando se suman as opcións 'só galego' e 'máis galego', unha lixeira recuperación dos galegofalantes habituais en relación coa xeración posterior (de 25 a 34), respecto aos que se dá un descenso da poboación bilingüe.



Por provincias, a suma das opcións 'só galego' e 'máis galego' é a maioritaria en todas elas, pero con diferenzas salientables entre as catro. Así, a provincia de Ourense é a que ten unha maior porcentaxe de poboación co galego como lingua habitual, o 59,3%, mentres que no lado oposto estaría a de Pontevedra, co 38,8%. Paralelamente, esta última é a provincia galega onde habita unha maior porcentaxe de castelanfalantes habituais, o 36,1% se sumamos as cifras das opcións 'só castelán' e 'máis castelán', fronte á de Ourense, cun 22,4%.

En canto ás cifras de poboación bilingüe habitual, atopamos que é Pontevedra a provincia cunha maior porcentaxe, o 25%, mentres que A Coruña é a que presenta unha menor porcentaxe neste aspecto cun 15,5%.



Mapa 18. Lingua habitual segundo a provincia


Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Segundo o tamaño do concello, como acontecía no caso da lingua inicial, a porcentaxe de galegofalantes habituais diminúe radicalmente conforme aumenta o tamaño do concello, de xeito que se nos de menos de 5.000 habitantes a suma das opcións 'só galego' e 'máis galego' é do 78%, a cifra descende nos de máis de 50.000 ata o 26%.

Pola contra, a presenza do castelán aumenta de xeito considerable nos concellos de maior tamaño, principalmente nos de máis de 50.000 habitantes, onde as cifras resultantes da suma das opcións 'só castelán' e 'máis castelán' xa chegan ao 50% da súa poboación. Tamén

medra a porcentaxe de bilingües conforme aumenta o tamaño do concello, pasando do 9,6% nos concellos máis pequenos ao 23,4% nos maiores.



Mapa 19. Galego como lingua habitual segundo o tamaño do concello

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En relación cos datos acadados segundo o tamaño do concello, podemos poñer o seguinte gráfico, que mostra a lingua habitual da cidadanía segundo a súa pertenza a un ámbito rural ou a un ámbito urbano. As diferenzas entre un e outro resultan ser ben significativas se temos en conta que a opción 'só galego' e 'máis galego' suma, no ámbito rural, o 64,4%, mentres que no urbano se reduce ao 33,5%. Nas cidades, pola contra, aumenta o número de persoas bilingües habituais e, sobre todo, duplícase a cifra correspondente á suma de 'só castelán' e 'máis castelán' (o 43,4%) fronte ás zonas rurais (o 20,2%).




Gráfico 25. Lingua habitual segundo tipo de hábitat

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Se temos en conta a variable do nivel educativo da poboación enquisada, pódese apreciar unha relación entre os niveis educativos máis baixos e o galego, como ocorría no caso da lingua inicial. Así, entre a poboación que realizou estudos primarios ou equivalente as opcións 'só galego' e 'máis galego' suman o 65,7%, mentres que, no outro extremo, se situarían as persoas con estudos superiores cunha redución desta cifra de ata o 24,1%. Os bilingües habituais tamén aumentan de xeito significativo a medida que aumenta o nivel de estudos.





Gráfico 26. Lingua habitual segundo o nivel de estudos

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego



Segundo os ingresos da poboación, tamén atopamos diferenzas notables no que á lingua habitual da cidadanía se refire. Aquí vemos unha clara relación entre galego e menor nivel económico, pois a menos ingresos maior presenza desta lingua. Os datos mostran que o 65% das persoas cuns ingresos no seu fogar inferiores a 1.000 euros mensuais responderon que a súa lingua habitual é 'só galego' ou 'máis galego', fronte aos que gañan máis de 3000, grupo no que esta porcentaxe diminúe ata o 6%. Neste último grupo, aumentan notablemente os castelanfalantes habituais (o 37,3% se sumamos as opcións 'só castelán' e 'máis castelán'), pero quizais o que máis chama a atención neste caso é o ascenso dos bilingües habituais, que representan o 35,1%.




Gráfico 27. Lingua habitual segundo o nivel de ingresos do fogar

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

5.2.1 Cambio de lingua

Ao longo das súas vidas, as persoas, por diferentes motivos, poden cambiar de lingua habitual. Non é un fenómeno moi frecuente, como demostran os datos, pero si moi significativo en comunidades bilingües. O cambio nestes contextos pode darse en dous sentidos: o individuo pode optar por pasar á lingua maioritaria, é dicir, prestixiada, ou por pasar á lingua minoritaria. Por este motivo, estudos sociolingüísticos feitos ata o momento en Galicia, como a enquisa do IGE ou o MSG, inclúen algunha pregunta sobre este tema.

No seguinte gráfico podemos ver como o 8,3% da poboación enquisada manifestou ter mudado a lingua que falaba habitualmente, fronte ao 5,47% que declarou este cambio no estudo IGE.

**Gráfico 28. Cambio de lingua habitual**

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Si
■ Non

Pero o cambio, ¿dáse máis cara ao galego ou cara ao castelán? Pois segundo os datos da enquisa do Observatorio da Situación da Lingua Galega, o 78,2% das persoas que afirmaron mudar de lingua fixérono para falar “máis galego” e só o 21,8% escolleu a opción contraria.

Por idades, o tramo entre 35 e 44 anos foi o que cambiou ao galego nunha porcentaxe maior, o 92,6%, mentres que no outro extremo estarían os máis novos (15-24 anos), dos que o 58,8% de quen mudou de lingua o fixo para falar máis galego, fronte ao 41,2% que pasou a falar máis castelán.




Gráfico 29. Dirección do cambio de lingua habitual segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que declarou ter cambiado de lingua

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Máis castelán
■ Máis galego

Tendo en conta que a porcentaxe da poboación galega que afirma que cambiou de lingua ao longo da súa vida é do 8,3%, esta cifra non coincide coa diferenza entre lingua inicial e lingua habitual, o cal podería, en principio, parecer unha inconsistencia. Unha posible explicación a este desaxuste podería ser que na enquisa realizada para o Observatorio da Situación da Lingua Galega só se preguntaba por un cambio cando, en realidade, un individuo pode mudar, ao longo da súa vida, máis veces a súa lingua habitual.

5.2.2 Uso de linguas estranxeiras

En canto ao uso habitual de linguas estranxeiras por parte da poboación galega, cómpre salientar que o 86% da cidadanía manifesta non usar lingua ningunha diferente ao galego ou ao castelán, fronte ao 16,4% que si o fai. Entre as linguas estranxeiras máis faladas destaca o inglés (9,4%), seguido do francés (3,4%), do portugués (2%) e doutras linguas (1,7%).

Segundo o sexo, os homes son os que nunha porcentaxe maior declaran empregar outra lingua diferente ao galego ou o castelán, o 19,1%, mentres que no caso das mulleres esta cifra descende ata o 13,9%.




Gráfico 30. Uso de linguas estranxeiras segundo o sexo

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Por idades, son as xeracións máis vellas as que en menor porcentaxe empregan unha lingua estranxeira, mentres que, no outro extremo, se situaría o tramo de idade dos máis novos (de 15 a 24 anos), na que o 23,4% das persoas enquisadas declaran empregar habitualmente unha lingua diferente ao galego ou ao castelán.




Gráfico 31. Uso de linguas estranxeiras segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



5.3 Conclusións sobre a lingua inicial e a lingua habitual da cidadanía galega

No que á lingua inicial se refire, podemos extraer neste estudo as seguintes conclusións:

- En canto ao sexo, as diferenzas entre homes e mulleres son pouco significativas no que a lingua inicial se refire. Aínda así, pódese apreciar nelas un lixeiro aumento de castelanfalantes iniciais.
- No que á variable da idade se refire, aquí si atopamos claras diferenzas entre os diversos tramos establecidos, de maneira que, a menor idade, menor presenza do galego como lingua inicial. Este dato, que nun principio pode semellar moi negativo para o futuro do galego, pódese matizar engadindo que, malia que si se detecta un retroceso evidente deste como lingua inicial entre as xeracións máis novas, pódese comprobar que nos dous tramos de idade inferiores (15-24 e 25-34) se aprecia unha lixeira recuperación desta tendencia. Outro dato significativo é que entre os máis novos, ademais de aumentar o número de castelanfalantes iniciais, medra tamén a cifra de bilingües.
- A variable relacionada co nivel de estudos tamén ten unha influencia importante na lingua inicial da poboación. Así, canto menor é o nivel educativo, máis galegofalantes iniciais atopamos. No lado contrario, estarían os que realizaron estudos superiores, entre os que atopamos un maior número de castelanfalantes e bilingües iniciais.
- En canto á variable do hábitat, a principal conclusión é que, canto maior é o concello, menor número de galegofalantes iniciais existe. Nestes a porcentaxe da poboación que ten o castelán como lingua inicial supera a dos que teñen o galego. Outro dato significativo é que, canto maior grande é o concello, maior é a cifra de bilingües iniciais.

Polo que respecta á lingua habitual, as principais conclusións que podemos extraer son as seguintes, moitas delas estreitamente relacionadas, como veremos, coas da lingua inicial:

- Segundo a variable de sexo, se os valores obtidos na opción 'só galego' e 'máis galego' son moi semellantes, non acontece o mesmo no caso da opción 'só castelán' e 'máis castelán', escollida por unha maior porcentaxe de mulleres, ou 'as dúas igual', preferida por un maior número de homes.
- En canto á idade, algúns datos coinciden cos de lingua inicial. Así, a menor idade, menor presenza do galego como lingua habitual, aínda que, por outra banda, se aprecia, entre os máis novos, un retroceso do monolingüismo exclusivo en castelán. Nesta xeración, que comprende o tramo de 15 a 24 anos, percíbese unha lixeira recuperación do galego e tamén unha menor porcentaxe de bilingües habituais en comparación co seguinte tramo de idade (25-34 anos).
- Por provincias, é a de Ourense a que conta cunha maior porcentaxe de monolingües habituais en galego, mentres que no lado contrario se atopa a de Pontevedra, provincia cun maior número de bilingües habituais.

- Se temos en conta o tamaño do concello, igual que acontecía no caso da lingua inicial, canto menor é este, maior porcentaxe de galego como lingua habitual atopamos. Nos concellos máis grandes, pola contra, aumenta a cifra de castelanfalantes habituais, así como a de bilingües.
- En relación co tipo de hábitat, pódese concluír que nas zonas rurais é maior a presenza do galego como lingua habitual, mentres que nas urbanas esta presenza diminúe en favor do castelán. Nos ámbitos urbanos tamén aumenta a porcentaxe de bilingües habituais de xeito considerable.
- En canto ao nivel educativo das persoas enquisadas, como no caso da lingua inicial, pódese poñer o galego en relación cun inferior nivel de estudos. Doutra banda, na poboación con estudos superiores medra a presenza do castelán como lingua habitual, así como a porcentaxe de bilingües.
- No que ao nivel de ingresos se refire, o menor nivel (menos de 1.000 euros mensuais no fogar) implica un maior número de galegofalantes habituais, mentres que, canto maiores son estes ingresos, maior é a porcentaxe de castelanfalantes e de bilingües habituais.
- A poboación galega parece manterse, a raíz dos datos, bastante fiel á súa lingua habitual ao longo da súa vida, pois só un 8,3% confirma que mudou de idioma. Dos que cambiaron, a maioría fixérono para falar máis galego, o 78,2%.
- O emprego de linguas estranxeiras de xeito habitual por parte da poboación galega non é un fenómeno maioritario, pero, no futuro, dado que aumenta nas xeracións máis novas, pode converterse nunha práctica cada vez máis frecuente.



6. USOS LINGÜÍSTICOS NO ÁMBITO FAMILIAR. A TRANSMISIÓN DO IDIOMA

Neste apartado analizaranse os usos lingüísticos da cidadanía galega no ámbito máis próximo: o da familia. Así, tratarase de determinar que lingua fala (ou falaba) a persoa enquisada coa súa nai, co seu pai, cos seus avós e avoas, cos seus irmáns e irmás, cos seus descendentes e coas súas parellas.

É este un ámbito decisivo na configuración sociolingüística nunha sociedade bilingüe como é o caso da galega, principalmente porque determina a lingua inicial dos individuos e porque ten unha influencia central no seu desenvolvemento como persoas e polo tanto tamén no seu desenvolvemento lingüístico.

Na enquisa realizada polo Observatorio da Situación da Lingua Galega, incluíase o seguinte ítem relativo aos usos lingüísticos na familia:

5. **¿Que lingua fala ou falaba con...:** só galego, máis galego que castelán, máis castelán que galego, máis castelán, as dúas por igual, outras linguas ou non tivo contacto?

	S.G.	S.C.	+ G	+ C	=	O.L.	Non procede
Nai	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Pai	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Avó/s	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Irmán/s	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Fillo/s	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Parella	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐

No caso dos cuestionarios do IGE e do MSG, tamén se inclúe unha pregunta relativa aos usos lingüísticos neste ámbito, con algunhas variacións nas opcións de resposta. No MSG-04, en cambio, non se introduce a variable dos avós e no MSG-92 non aparece a da parella.

6.1 Usos lingüísticos cos proxenitores

Baixo a etiqueta proxenitores inclúese a media dos datos acadados nos usos lingüísticos da cidadanía coa nai e co pai. A razón pola que se uniron estas dúas opcións é que a cifra resultante desta media é a que se vai empregar para determinar o índice de transmisión familiar da lingua.

Cómpre comentar que, por separado, os resultados nestas dúas variable son bastante semellantes. Abonda con poñer como exemplo que, no caso da lingua falada coa nai, a porcentaxe de 'só galego' é do 60,3% mentres que, no caso da lingua falada co pai, é do 61,9%. No caso da categoría 'só castelán', a cifra é do 31,7% para a lingua falada coa nai e do 30,1% no caso da empregada co pai.

Se facemos a media dos datos relativos á lingua utilizada coa nai e co pai, vemos como o 61,1% da poboación afirma que fala ou falaba 'só galego' cos seus proxenitores, mentres que a opción 'só castelán' se reduce a case a metade, o 30,9%.

Se comparamos os resultados por tramos de idade, son os maiores de 65 anos os que máis empregan a lingua galega cos seus proxenitores (o 74% se sumamos as categorías 'só galego' e 'máis galego'). A medida que descende a idade das persoas enquisadas diminúe o emprego do galego cos proxenitores, producíndose o descenso máis forte entre os tramos 45-54 anos e 35-44 anos, entre os que se dá unha caída de arredor do 15%.

O dato positivo que podemos extraer do gráfico 32 é que semella que se produce unha lixeira recuperación do galego como lingua habitual de uso no tramo dos máis novos (15-24 anos) no que as opcións 'só galego' e 'máis galego' suman o 51,1%, case un punto máis que o seguinte tramo (25-34 anos), ao tempo que diminúe a opción 'só castelán'.





Gráfico 32. Lingua habitual cos proxenitores segundo a idade da cidadanía

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que tivo contacto cos seus proxenitores

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Segundo o tamaño do concello, canto menores son estes maior é o emprego do galego cos proxenitores. Así, no caso dos que teñen menos de 5.000 habitantes, as categorías 'só galego' e 'máis galego' alcanzan o 81,5%, cifra que vai diminuindo conforme medra o tamaño dos concellos, de xeito que nas sete grandes cidades de Galicia esta cifra queda no 46,5%.



Mapa 20. Galego como lingua habitual cos proxenitores segundo o tamaño do concello

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que tivo contacto cos seus proxenitores

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se temos en conta só a parte da poboación que está a estudar no momento actual ou que estudou no último ano, atopamos datos ben significativos. Por unha banda, vemos como, na poboación estudiantil, a porcentaxe dos que falan 'só galego' ou 'máis galego' suma o 47,8%, mentres que os que falan 'só castelán' ou 'máis castelán' alcanzan o 46,7%. Trátase de cifras, polo tanto, moi semellantes pero que difiren notablemente se as cruzamos coa variable do ámbito de residencia.

Deste xeito, os estudantes das zonas rurais falan 'só galego' ou 'máis galego' cos seus proxenitores nunha porcentaxe maior que a media da poboación galega, pois acada o 74,7%, fronte ao 22,5% que emprega 'só castelán' ou 'máis castelán'. No entanto, se analizamos os datos dos estudantes pertencentes a ámbitos urbanos a situación invertease, de maneira que o 55,2% fala 'só castelán' ou 'máis castelán' cos seus proxenitores, fronte ao 38,3% que afirma usar 'só galego' ou 'máis galego'. Entre a poboación estudiantil das zonas urbanas tamén medra a cifra dos que escolleron a opción 'as dúas igual'.




Gráfico 33. Lingua habitual dos estudantes segundo o seu ámbito cos proxenitores

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que tivo contacto cos seus proxenitores e que estuda na actualidade ou estudou no último ano

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

A variable do nivel de estudos tamén inflúe de xeito significativo na lingua falada cos proxenitores. Así, canto menor é o nivel educativo acadado pola poboación, maior é o emprego do galego con pai e nai. Desta maneira, entre a cidadanía con estudos primarios ou equivalente, fala ou falaba cos seus proxenitores 'só galego' ou 'máis galego' o 81,8%, mentres que entre os que alcanzaron a educación superior esta cifra baixa ata o 36,5%, ao tempo que aumenta espectacularmente a cifra resultante da suma das categorías 'só castelán' e 'máis castelán' ata o 56,8%.




Gráfico 34. Lingua habitual cos proxenitores segundo o nivel de estudos da cidadanía

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que tivo contacto cos seus proxenitores

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega


- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

6.2 Usos lingüísticos cos fillos/as

A lingua empregada de xeito habitual polos proxenitores cos seus descendentes ten unha importancia transcendental para a transmisión lingüística e, polo tanto, para o mantemento do idioma. É o proceso a través do que unha lingua se transmite ou non á xeración seguinte, algo decisivo para a súa conservación. Por este motivo, resulta un dato fundamental para coñecer cal pode ser o seu futuro.

Nos datos relativos ao galego, as porcentaxes mostran que o 50,8% da poboación con fillos/as falan ou falaban cos estes 'só galego' ou 'máis galego', cifra que indica que esta aínda é a lingua máis empregada na transmisión lingüística interxeracional. No caso do castelán, a suma das dúas categorías relativas a este idioma sitúao no 40,7%, mentres que o 7,6% da poboación manifestou transmitirles aos seus descendentes as dúas linguas.

Se temos en conta a idade dos proxenitores, vemos que canto maiores son estes máis elevado é o emprego do galego cos seus descendentes, mentres que, paralelamente, o uso do castelán cos fillos/as aumenta a medida que diminúe a idade dos proxenitores, de tal maneira que nos tramos situados entre os 25 e os 44 anos a porcentaxe desta lingua xa supera o 50%. Isto móstranos que os pais e nais máis novos prefiren a lingua castelá para comunicarse cos seus descendentes, dato que pode levar a pensar que aínda se manteñen certas actitudes negativas cara ao galego.



Se consideramos o nivel de estudos dos proxenitores, cúmprese outra vez a relación entre menor nivel educativo e maior transmisión do galego. Así, o 66% dos pais/nais con estudos primarios ou equivalente falan ou falaban esta lingua cos seus fillos/as, fronte a aqueles que posúen unha educación superior, entre os que esta porcentaxe descende ata o 24,2%, do mesmo xeito que entre estes últimos aumenta espectacularmente a transmisión do castelán.




Gráfico 36. Lingua habitual cos fillos/as segundo o nivel de estudos da cidadanía

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que tivo contacto cos seus fillos/as

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

6.3 Usos lingüísticos co resto da familia: avós/avoas, irmáns/irmás e parella

Resulta interesante comprobar como a poboación muda a súa lingua segundo a persoa da familia con que establece comunicación. Se nos apartados anteriores nos detiñamos en exclusiva nos proxenitores e nos fillos/as, respectivamente, pola súa importancia na transmisión lingüística, agora imos facelo co resto da familia máis próxima.

Deterémonos, en primeiro lugar, nos avós e avoas, con quen o 71,8% da poboación enquisada que tivo contacto con eles afirma falar 'só galego' ou 'máis galego', fronte ao 25,1% que indicaron as categorías 'só castelán' ou 'máis castelán'.

Se comparamos os resultados por ámbitos, é curioso comprobar como, a pesar das diferenzas entre o rural e o urbano, aínda neste último a opción do galego continúa a ser a maioritaria, cunha porcentaxe do 63,4% resultante da suma das categorías 'só galego' e 'máis galego'. No caso das zonas rurais, esta cifra elévase ata o 81,2%.




Gráfico 37. Lingua habitual cos avós/avoas segundo o hábitat da cidadanía

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que tivo contacto cos seus avós/avoas

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

No caso da lingua habitual falada con irmáns/irmás, tamén neste caso o galego continúa a ser a opción maioritaria, co 59% se sumamos as opcións 'só galego' e 'máis galego'. No caso do castelán, a suma de 'só castelán' e 'máis castelán' dá como resultado unha porcentaxe do 36,6%.

Se comparamos os resultados por idades, vemos como o uso da lingua galega cos irmáns/irmás descende a medida que diminúe a idade da persoa enquisada, de maneira que se o 72,8% dos maiores de 65 anos afirma empregar con eles 'só galego' ou 'máis galego', esta cifra vai descendendo ata o 41,6% no tramo de 25 a 34 anos. Parece que na xeración máis nova (15-24 anos) se produce un aumento importante da porcentaxe de emprego do galego como lingua habitual cos irmáns e irmás respecto ao tramo seguinte, ata o 45,9%.






Gráfico 38. Lingua habitual cos irmáns/irmás segundo a idade da cidadanía

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que tivo contacto cos seus irmáns/irmás

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Con relación á lingua falada coa parella, as cifras totais mostran que o 57,3% da poboación emprega con esta 'só galego' ou 'máis galego', fronte ao 37,5% que prefire o castelán.

Por idades, é coma sempre a xeración máis vella, maior de 65 anos, a que nunha porcentaxe máis elevada afirmou empregar o galego como lingua habitual predominante ou exclusiva na relación coa súa parella (o 69,5%). Conforme diminúe a idade da persoa entrevistada, así tamén descende esta porcentaxe, que chega ao seu nivel inferior na xeración de 25 a 34 anos (o 42,3%), producíndose outra vez neste caso unha lixeira recuperación na xeración máis nova (o 43,1%).




Gráfico 39. Lingua habitual coa parella segundo a idade da cidadanía

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que ten ou tivo parella

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Realizando unha comparación da lingua habitual empregada cos distintos familiares podemos extraer varias conclusións. Se establecemos unha escala para o uso do galego neste ámbito, na parte alta estarían os avós (61,8%), seguidos dos proxenitores (62,9%), os irmáns (59%), a parella (54,2%) e, por último, os fillos/as (50,8%).

Estes datos indican que coas persoas que teñen máis idade na familia (proxenitores e avós/avoas) existe unha maior tendencia a comunicarse con eles en galego, mentres que cos máis novos, é dicir, fillos/as, hai unha inclinación a dirixirse a eles en castelán.




Gráfico 40. Lingua habitual no ámbito da familia

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que fala/falaba con familiares

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

6.4 Índice de transmisión lingüística interxeracional

Para analizar a transmisión lingüística, empregárase un índice de transmisión interxeracional do galego (ITIGAL) que se calculará restándolle a porcentaxe das opcións ‘só galego’ e ‘máis galego’ da variable “lingua falada cos fillos/as” (% GalF) da porcentaxe da mesma opción correspondente á variable “lingua falada cos proxenitores” (% GalP), e dividindo entre 100:

$$\text{ITIGAL} = (\% \text{ GalF} - \% \text{ GalP}) / 100$$

O mesmo fariamos se quixésemos calcular o índice de transmisión interxeracional do castelán (ou de calquera outro idioma), en cuxo caso a denominación será ITICAS.

O resultado desta operación vai ser unha cifra situada entre -1 e +1, o cal permite xerarquizar os cambios que se producen, indicando as diferentes intensidades do retroceso ou do avance. Se o índice ten un valor negativo, isto implica que existe un retroceso na transmisión do idioma, é dicir, que fala unha porcentaxe maior de persoas en galego cos seus proxenitores que cos seus fillos/as

Este tipo de índice non se inclúe en ningún dos estudos realizados ata o momento en Galicia, nin no do IGE nin no MSG, mais si noutras Comunidades Autónomas, como Cataluña. Nesta Comunidade contan co estudo *Estadística sobre els usos lingüístics a Catalunya-2003* que analiza o índice de transmisión lingüística interxeracional do catalán (ITIC).

O seguinte gráfico móstranos este índice de transmisión tanto para o galego como para o castelán, o cal nos permite, ademais de coñecer o dato para cada lingua, comparar a situación das dúas no que á transmisión se refire.

Así, vemos como o ITIGAL é negativo (-0,12), fronte ao ITICAS que é positivo (0,07), o cal nos indica que a transmisión lingüística do galego está en retroceso, ao contrario do que acontece coa do castelán. Isto débese a que a diferenza entre a porcentaxe de uso do galego dos proxenitores e a porcentaxe dos fillos/as é maior que no caso do castelán.

$$\text{ITIGAL} = (50,8\% - 62,9\%) / 100 = -0,12$$

$$\text{ITICAS} = (40,7\% - 33,2\%) / 100 = +0,07$$

Como pode apreciarse, por unha banda, o galego retrocede e, pola outra, o castelán aumenta lixeiramente, pero o descenso do galego non nutre só o castelán, pois o que se produce tamén é un ascenso do bilingüismo.




Gráfico 41. Índice de transmisión interxeracional de galego e castelán

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que fala/falaba cos seus proxenitores ou fillos/as


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Proxenitores
Fillos

ITI

lingua galega

Se comparamos os resultados por provincia, é na de Lugo onde a transmisión do galego ten unha perda menor, pois o ITIGAL é do $-0,09$, mentres que na provincia da Coruña é onde peor resultado se obtén, cun ITIGAL do $-0,14$.



Segundo o tamaño do concello, son os que teñen entre 5.000 e 10.000 habitantes os que mostran unha menor perda no índice de transmisión interxeracional do galego, do $-0,08$. No outro extremo, onde maior perigo corre esta transmisión é nos maiores de 50.000, xa que o ITIGAL é do $-0,16$.




Gráfico 43. Índice de transmisión interxeracional do galego (ITIGAL) por tamaño de concello

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que fala/falaba cos seus proxenos ou fillos/as

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



En canto á relación do ITIGAL co nivel de estudos, vemos que a menor perda para a transmisión do galego está entre a poboación cunha educación superior (-0,11), mentres que no lado contrario están os que teñen estudos secundarios ou equivalente (-0,17).





Gráfico 44. Índice de transmisión interxeracional do galego (ITIGAL) por nivel de estudos

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que fala/falaba cos seus proxenos ou fillos/as

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



Se cruzamos o índice de transmisión interxeracional coa variable da idade, os resultados tamén achegan datos interesantes. Por unha banda, a caída na transmisión do galego é menor nas xeracións máis novas; mesmo se obtén un dato positivo no tramo de 15 a 25 anos. Mais este non é representativo, xa que a cifra dos que teñen descendencia nesta idade é moi baixa. O maior retroceso na transmisión dáse nos que teñen entre 45 e 54 anos, mentres que nos dous últimos tramos a porcentaxe presenta unha caída idéntica.



As dúas táboas que aparecen a continuación ofrécennos unha comparación dos índices de transmisión interxeracional do galego e do castelán. Aquí podemos ver as diferenzas por concellos e tamén segundo a provincia.

A nivel provincial, se era na provincia da Coruña onde se producía unha maior perda da transmisión do galego, paralelamente é nesta provincia onde a transmisión do castelán acadaba uns mellores resultados (0,10). No lado oposto estaría a de Lugo, con menor retroceso da transmisión do galego e cos resultados máis discretos para o castelán se comparamos as catro provincias. No entanto, en todas elas os resultados para esta lingua son positivos.

ITIGAL – ITICAS Total e a nivel provincial					
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
ITIGAL	-0,12	-0,14	-0,09	-0,11	-0,11
ITICAS	0,07	0,10	0,03	0,07	0,07

Táboa 3. Índice de transmisión interxeracional do galego e do castelán segundo a provincia

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que fala/falaba cos seus proxenitores ou fillos/as

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se nos detemos agora nos resultados acadados segundo o tamaño do concello, o retroceso na transmisión do galego vai unido a un aumento na transmisión do castelán, pois é nas sete grandes cidades de Galicia onde se dá unha caída maior do galego. No extremo contrario están os concellos que teñen entre 5.000 e 10.000 habitantes, aínda que, en calquera caso, os índices de transmisión interxeracional do castelán son positivos, a diferenza do que acontece co galego.

ITIGAL – ITICAS Total e por hábitat de concello					
	Total	< 5.000 hab.	5.000 a 10.000 hab.	10.000 a 50.000 hab.	> 50.000 hab.
ITIGAL	-0,12	-0,13	-0,08	-0,12	-0,16
ITICAS	0,07	0,09	0,03	0,05	0,12

4. Índice de transmisión interxeracional do galego e do castelán segundo o tamaño do concello

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que fala/falaba cos seus proxenitores ou fillos/as

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

6.5 Conclusións sobre os usos lingüísticos no ámbito familiar

Estas son as principais conclusións que se poden extraer relativas aos usos lingüísticos da cidadanía galega no ámbito familiar:

- Se establecemos unha escala de uso do galego como lingua habitual coa familia, vemos que é cos avós e avoas con quen máis se fala en galego. Seguirían proxenitores, irmáns e irmás, parella e fillos/as, é dicir, existe a tendencia ao emprego desta lingua cos familiares de maior idade, mentres que cos menores, principalmente cos fillos/as, é máis frecuente o emprego do castelán.
- Cos proxenitores, a lingua habitual falada maioritariamente é o galego, aínda que o seu emprego diminúe conforme descende a idade das persoas enquisadas. Nos máis novos, de entre 15 e 24 anos, hai unha lixeira recuperación nesta tendencia, pois falan

máis galego cos seus proxenitores que o tramo seguinte (25-34 anos). Tamén inflúen no emprego do galego cos proxenitores variables como o tamaño do concello (canto menor é este, maior é o uso desta lingua) e o nivel educativo (canto menor é o nivel, maior é a utilización do galego).

- Cos fillos/as, cómpre sinalar que o galego aínda é a lingua maioritaria, xa que case a metade da poboación o fala cos seus descendentes en exclusiva ou maioritariamente. Se temos en conta o nivel de estudos dos proxenitores, vemos que, canto menor é o seu nivel educativo, maior é o emprego do galego cos fillos/as.
- Como xa comentamos anteriormente, é cos avós e avoas con quen máis galego se fala, e mesmo as persoas enquisadas pertencentes a ámbitos urbanos falan maioritariamente nesta lingua con eles.
- O galego tamén é a lingua máis utilizada para falar con irmáns e irmás. Por idades, a medida que descende a idade da poboación, tamén diminúe o seu emprego, pero tamén neste caso se produce un lixeiro incremento no uso do galego cos irmáns e irmás na xeración máis nova (de 15 a 24 anos), respecto ao tramo de idade de 25 a 34 anos.
- Os resultados no caso da lingua falada coa parella son moi semellantes aos dos irmáns e irmás, pois o galego continúa sendo o idioma máis empregado. Tamén a medida que descende a idade, diminúe o uso desta lingua, cunha lixeira recuperación nos menores de 25 anos.
- En canto ao índice de transmisión interxeracional, este é positivo para o castelán (ITICAS) e negativo para o galego (ITIGAL). Por provincias, é en Lugo onde se acada un retroceso menor do galego e, por concellos, onde se aprecia unha perda menor na transmisión desta lingua é nos que teñen entre 5.000 e 10.000 habitantes. Se temos en conta a variable da idade, só nos menores de 25 anos atopamos unha cifra positiva para o galego, mentres que os peores resultados se detectan no tramo comprendido entre 45 e os 54 anos.

7. USOS LINGÜÍSTICOS NOUTROS ÁMBITOS

Neste apartado analizaranse os usos lingüísticos da cidadanía galega en xeral, nos ámbitos social, educativo e laboral. Trátase de coñecer que lingua empregan as persoas entrevistadas nestes contextos, para o que se formularon as seguintes preguntas na enquisa do Observatorio da Situación da Lingua Galega:

9. Habitualmente, ¿que fala...?

	S.G.	S.C.	+ G	+ C	=	O.L.	Non procede
¿No seu fogar?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Con amigos/as?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Con veciños/as?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Con comerciantes de tendas pequenas?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Con empregados/as de centros comerciais grandes?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Con persoal de organismos públicos?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Con médicos?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Con persoal de bancos e caixas de aforros?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Con profesores/as dos fillos/as en idade escolar?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Cando lle pregunta a un descoñecido/a na rúa?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Que lingua usa cando lle deixa unha nota a alguén?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐



10. ¿Está estudando ou estudou no último ano nalgunha escola, instituto, centro de formación profesional, universidade ou similar en Galicia?

Estuda ou estudou no último ano

☐ Si

☐ Non

11. Se está estudando ou estudou no último ano, excluindo as clases de idiomas, galego, castelán, inglés, etc., **¿que lingua...**?

	S.G.	S.C.	+ G	+ C	=	O.L.
¿Fala cos seus compañeiros/as?	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Fala cos seus profesores/as?	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Escribe?	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Usa para responder os exames?	☐	☐	☐	☐	☐	☐

12. ¿Ten traballo actualmente ou traballou no último ano en Galicia?

Traballa ou traballou no último ano

☐ Si

☐ Non

9. Se ten traballo ou traballou no último ano, **¿que lingua fala...**?

	S.G.	S.C.	+ G	+ C	=	O.L.
¿Cos seus compañeiros/as?	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Cos seus xefes/as?	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Coas persoas ao seu cargo?	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿Cos clientes e provedores?	☐	☐	☐	☐	☐	☐

7.1 Usos lingüísticos no ámbito social

En estudos como o MSG ou a enquisa do IGE tamén se inclúen preguntas referidas aos usos lingüísticos na vida cotiá, aínda que non sempre as variables empregadas son as mesmas, aínda que si, en xeral, bastante semellantes.

No gráfico que aparece a continuación, móstrase unha comparación dos usos lingüísticos da cidadanía galega en diferentes contextos da vida cotiá de acordo co enunciado na pregunta 9 do cuestionario. Podemos comprobar como o uso do galego é maior canto máis familiar é o contexto no que se atopa a persoa entrevistada. Así, os resultados máis positivos para a lingua galega² aparecen cando a comunicación se dá coa veciñanza (60,6%), cos comerciantes das tendas pequenas (58,7%) ou no fogar (58,1%).

A porcentaxe desta lingua vai minguando conforme se perde a familiaridade co interlocutor e o contexto se vai facendo máis formal. Así, as cifras descenden ata o 46,3% cando se fala cunha persoa descoñecida, o 46,4% nas interaccións cos comerciantes dos centros comerciais grandes, o 46,7% na consulta médica ou o 49,2% co persoal dos bancos ou caixas de aforros. Chama a atención a diferenciación clara nos resultados acadados entre as tendas pequenas, onde existe unha maior confianza e familiaridade co vendedor/a, e as grandes superficies comerciais.

Nun nivel intermedio, situaríanse os organismos públicos, onde a porcentaxe de uso do galego por parte da cidadanía alcanza o 55%, unha cifra bastante elevada se temos en conta a formalidade do contexto, pero que pode entenderse por un grao de galeguización cada vez maior da administración; as amizades, cun 53,7%, dato no que influirá probablemente o grao de familiaridade do amigo/a, e o profesorado dos fillos/as en idade escolar, cun 51%.

Sen dúbida, o maior descenso no uso do galego prodúcese nas notas escritas, que non chega ao 25%. Neste caso, o castelán móstrase como a lingua maioritaria cunha porcentaxe do 66,7%, dato que se pode poñer en relación coas competencias lingüísticas na escrita da cidadanía galega, destreza onde se acadaban, como vimos, os peores resultados para o galego.

² Todos os resultados que se dean para o galego, a non ser que se especifique o contrario, serán resultado da suma das opcións "só galego" e "máis galego". Podemos aplicar isto mesmo para o castelán.




Gráfico 46. Usos lingüísticos no ámbito social

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Como mostraba o gráfico anterior, o fogar é un dos contextos onde a porcentaxe de uso do galego é maior (58,1%). Se cruzamos estes datos coa variable da lingua habitual, vemos que, lóxicamente, a porcentaxe de emprego deste no fogar aumenta cando o galego é a lingua habitual da persoa enquisada, chegando case ao 95%. No caso dos castelanfalantes habituais, a porcentaxe de uso do castelán no fogar é do 84,6%, co cal podemos concluír que, en xeral, como é lóxico, a xente emprega na casa a súa lingua habitual.

Pero, ¿que acontece no caso dos bilingües habituais? Pois estes decántanse polo galego como lingua de maior uso nos seus fogares cunha porcentaxe que acada case o 50%. Escollen o castelán como lingua de emprego único ou preferente na súa casa o 29,2%, mentres que o 21,3% continúa sendo bilingüe tamén neste contexto.




Gráfico 47. Usos lingüísticos no fogar segundo a lingua habitual


Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Segundo o tamaño do concello, o resultado de uso do galego nos fogares diminúe claramente a medida que aumenta o tamaño deste, de maneira que, nos máis pequenos, con menos de 50.00 habitantes, o 84,5% da poboación emprega en exclusiva ou maioritariamente esta lingua na súa casa. No extremo oposto, atópanse os concellos de máis de 50.000 habitantes, onde esta porcentaxe cae ata o 38,6%.





Mapa 21. Usos lingüísticos de galego no fogar segundo o tamaño do concello

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En canto á lingua empregada maioritariamente coas amizades, vemos que esta cifra varía dependendo da idade da persoa entrevistada. Así, o uso do galego vai diminuindo a medida que descende a idade da poboación, de tal maneira que, se nas persoas de máis de 65 anos este emprego se eleva ao 66,5%, no tramo de idade situado entre os 25 e 34 anos é do 38,6%. Como vimos comprobando ata o momento, tamén neste caso hai unha lixeira mellora dos datos para o galego na xeración máis nova, un punto superior ao citado seguinte tramo, cun 39,6%.




Gráfico 48. Usos lingüísticos coas amizades segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Como xa se comentou anteriormente, os peores resultados para o galego neste apartado están nas notas escritas, onde a presenza do castelán é maioritaria (66,7%). Cómpre poñer estes resultados en relación cos acadados no apartado referido ás competencias lingüísticas da cidadanía, onde se vía como as destrezas na escrita eran moi inferiores ás do castelán.

É por iso polo que, como se pode apreciar no seguinte gráfico, a presenza do galego é maior nas notas escritas conforme descende a idade da persoa enquisada. A razón deste aumento do galego nas xeracións máis novas é a mellora nas competencias escritas que se produce nestes tramos de idade debido á incorporación do galego ao sistema educativo. Así, se no tramo de 15 a 24 anos o 39,2% das notas van escritas exclusiva ou maioritariamente en galego, nos maiores de 65 esta cifra descende ata o 16,2%. Aínda así, o castelán é a lingua empregada de xeito maioritario nas notas escritas en todos os tramos de idade establecidos.






Gráfico 49. Lingua empregada nas notas escritas segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

7.2 Usos lingüísticos no ámbito educativo

É este un ámbito especialmente interesante para analizar, pois nel a lingua galega está moi presente, ben como materia, ben como lingua vehicular nas clases. É ademais un contexto onde se manifestan as catro destrezas (ler, escribir, falar e entender).

O interesante deste ámbito maniféstase tamén pola súa presenza en anteriores estudos, como os do IGE ou o MSG, que tamén inclúen cuestións relativas ao uso do galego neste contexto.

Nos gráficos que se mostrarán neste apartado, a base da poboación considerada está composta en exclusiva polas persoas que manifestaron estar cursando estudos en Galicia no momento de realización da enquisa ou no último ano.

Como se fixo tamén no caso dos usos lingüísticos no ámbito familiar, co establecemento dun índice de transmisión lingüística interxeracional, creárase tamén para este ámbito un índice de influencia lingüística do eido educativo, tanto para o galego (ILEDGAL) como para o castelán (ILEDGAS).

Este índice permite comprobar se o sistema educativo ten ou non influencia na lingua habitual e ver se a poboación estudantil fala na escola máis ou menos galego do que habitualmente. Por este motivo, tense en conta a lingua falada co profesorado.

O xeito de calcular estes índices é o mesmo que no caso do ITIGAL ou ITICAS: restándolle á porcentaxe de emprego do galego co profesorado (GalP), a porcentaxe de galego como lingua habitual do estudantado (GalLH) e dividindo o resultado entre 100. O resultado variará entre -1 e 1. O mesmo procedemento aplicárase para o caso do castelán ou calquera outra lingua.

$$\text{ILEDGAL} = (\% \text{ GalP} - \% \text{ GalLH}) / 100$$

Mais, antes de detérmolos nestes índices, saibamos cal é a situación lingüística no ámbito educativo. Semella que, segundo se ve no gráfico que aparece a continuación, o castelán resulta ser a lingua de emprego maioritario nos centros de ensino pola cidadanía que estuda en Galicia, cunhas porcentaxes que oscilan entre o 51,7% na escrita e o 48% nos usos orais co profesorado. Mentres, para o galego, os mellores resultados están nas comunicacións de carácter oral co profesorado (39,9%) e os peores no nivel escrito (33,8%).

Polo tanto, malia as melloras producidas nas competencias escritas no galego grazas á súa introdución no sistema educativo, esta lingua continúa a ter un uso menor que o castelán nos textos escritos neste ámbito. Nas comunicacións orais, a situación é un pouco mellor para o galego, aínda que o castelán tamén é neste caso a lingua de emprego maioritario por parte do estudantado.






Gráfico 50. Usos lingüísticos no ámbito educativo

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que está estudando ou estudou no último ano en Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En canto ao índice de influencia lingüística do eido educativo que comentamos anteriormente, a cifra global é do 0,06. A diferenza do ITIGAL, trátase, polo tanto, dunha cifra positiva, resultado da seguinte operación:

$$\text{ILEDGAL} = (39,9\% - 33,8\%) / 100 = 0,06$$

En relación ao galego, o ensino está a ter, polo tanto, unha influencia positiva no estudantado, como demostra este dato. No entanto, as cifras varían notablemente se as cruzamos con outras variables como o tipo de hábitat. Así, vemos que o sistema educativo ten unha maior influencia, en relación co galego, no estudantado de zonas urbanas. Neste o ILEDGAL é do 0,09. Non obstante, a incidencia nos estudantes do rural é moito menor, aínda que tamén positiva, do 0,01. Isto débese a que a diferenza entre a súa lingua habitual e a que empregan co profesorado é mínima.




Gráfico 51. Índice de influencia lingüística no eido educativo do galego (ILEDGAL) segundo o tipo de hábitat

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que está estudando ou estudou no último ano en Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Galego co profesorado
■ Galego como lingua habitual
▲ ILEDGAL

No caso do castelán, tamén o sistema educativo ten un efecto positivo, cun índice do 0,03, tamén con diferenzas segundo o ámbito, xa que a influencia é maior no estudantado das zonas rurais (0,05) que no das zonas urbanas (0,01). Polo tanto, no sistema educativo baixou a proporción de bilingües en relación ao uso habitual fóra do ámbito educativo.




Gráfico 52. Índice de influencia lingüística no eido educativo do castelán (ILEDCAS) segundo o tipo de hábitat

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que está estudando ou estudou no último ano en Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán co profesorado
■ Castelán como lingua habitual
▲ ILEDCAS

lingua galega


7.3 Usos lingüísticos no ámbito laboral

É este un ámbito cunha importante influencia nos usos lingüísticos da cidadanía, motivo polo que en estudos como o do IGE ou o MSG aparecen preguntas relacionadas coa lingua empregada neste contexto.

Nos gráficos incluídos neste apartado, a base da poboación analizada está composta polas persoas que estaban a traballar en Galicia cando se lles realizou a enquisa ou no último ano.

A nivel xeral, é cos superiores con quen máis se emprega o galego, pois case catro de cada cinco traballadores/as afirman falar “só galego” ou “máis galego” cos seus xefes/as. Nas relacións con compañeiros/as e persoas a cargo as porcentaxes desta opción son semellantes, xa que nos dous casos están moi próximas ao 70%. No extremo contrario están as conversas coa clientela e cos provedores nas que o emprego do galego descende ata o 47,8%³.

³ Cómpre ter en conta que as bases deste gráfico foron diferentes, posto que nas porcentaxes de usos lingüísticos cos compañeiros/as só se tiveron en conta as persoas que afirmaron ter compañeiros/as de traballo. O mesmo no caso dos superiores, xa que a base está constituída pola poboación que ten xefe/a; tamén para as persoas a cargo, e para clientes e provedores. O mesmo acontecerá nos gráficos 54, 55 e 56.

**Gráfico 53. Usos lingüísticos no ámbito laboral**

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que está traballando ou traballou no último ano en Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Os resultados do gráfico anterior varían notablemente en función do sector ao que pertenza o traballador/a. Así, é no sector primario, agricultura e pesca, no que se aprecia un maior uso do galego entre compañeiros/as, cunha porcentaxe que alcanza o 91,1%. No lado oposto está o sector da industria, cun 66,9%, seguido moi de preto polo sector servizos cun 66,9%. En todo caso, a lingua galega semella ser a de emprego maioritario entre compañeiros/as de traballo, independentemente do sector de actividade ao que pertencen. Onde máis presente está o castelán é no sector servizos, cunha porcentaxe próxima ao 25%.

Non sorprende que sexa no sector primario onde mellor situado está o galego, xa que, tanto a agricultura como a pesca, oficios tradicionais en Galicia, se desenvolven en zonas rurais e vilas mariñeiras, respectivamente, ámbitos de maior presenza da lingua galega. Por outra banda, trátase de actividades nas que raramente traballa a poboación máis nova e que son levadas a cabo por persoas con menos estudos, variables estas que favorecen o emprego do galego. Non sorprende que sexa no sector servizos no que maior presenza ten o castelán, pois adoitan esta máis presentes nas cidades e vilas onde o uso do galego é menor.






Gráfico 54. Usos lingüísticos no ámbito laboral cos compañeiros/as segundo o sector

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que está traballando ou traballou no último ano en Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Se cruzamos os datos da lingua empregada cos superiores coa variable referida ao sector de ocupación, os resultados amosan bastantes semellanzas con respecto á lingua empregada cos compañeiros/as de traballo. Tamén neste caso é no sector primario, agricultura e pesca, no que o emprego do galego é maior, cunha porcentaxe do 88,3%. Na construción e na industria tamén se supera lixeiramente o 80%, mentres que nos servizos está por debaixo, cunha cifra do 77,4% de uso de galego cos xefes/as.




Gráfico 55. Usos lingüísticos no ámbito laboral co xefe/a segundo o sector

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que está traballando ou traballou no último ano en Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Como nos casos anteriores, no sector primario é no que máis se emprega o galego coas persoas que se teñen a cargo (o 89,2%) e, no lado contrario, outra vez o sector servizos no que a cifra descende ata o 67,7%. En todo caso, o uso da lingua galega é maioritaria nestas interaccións independentemente do sector ao que pertenza a persoa enquisada.

lingua galega




Gráfico 56. Usos lingüísticos no ámbito laboral coas persoas a cargo segundo o sector

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que está traballando ou traballou no último ano en Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

7.4 Conclusións sobre os usos lingüísticos nos ámbitos social, educativo e laboral

A raíz de todo o comentado neste apartado pódese concluír o seguinte en relación cos usos lingüísticos nos ámbitos social, educativo e laboral:

- Canto maior é a familiaridade co interlocutor e menor é o grao de formalidade do contexto, maior é a presenza da lingua galega no ámbito social. Así, o galego emprégase máis coa veciñanza, nas tendas pequenas e no fogar; no outro extremo sitúanse as conversas con persoas descoñecidas, cos traballadores/as dos centros comerciais grandes, co médico e cos empregados/as dos bancos ou caixas de aforros. No caso da administración, os resultados son intermedios, probablemente debido a unha cada vez maior presenza do galego neste contexto. Non obstante, onde menos galego se emprega é nas notas escritas, probablemente porque esta é a destreza na que menos competencia mostra a cidadanía galega.

- No fogar, as persoas manifestan empregar maioritariamente a súa lingua de uso cotián. No caso dos bilingües habituais, estes empregan neste contexto máis o galego que o castelán, mesmo nunha porcentaxe maior que no caso das dúas linguas. Segundo o tamaño do concello, a lingua galega está máis presente nos fogares dos concellos máis pequenos.
- Coas amizades, o grao de emprego do galego varía en función da idade da persoa entrevistada, de xeito que, a máis idade, maior uso desta lingua cos amigos/as. Tamén neste caso se produce un lixeiro incremento nos máis novos (15-24 anos) con respecto ao seguinte tramo de idade (25-34 anos).
- Se nas notas escritas era onde peores resultados se acadaban para a lingua galega, cómpre ter en conta que a porcentaxe de emprego desta é maior na xeración máis nova, uso que vai diminuindo a medida que aumenta a idade da persoa enquisada. Isto pode explicarse pola introdución do galego no ámbito escolar e a conseguinte mellora nas competencias escritas entre os máis novos.
- No ensino, malia a presenza das dúas linguas, o castelán continúa a ser o idioma de uso maioritario. Outra conclusión que se pode extraer é que os peores resultados para o galego están nos usos escritos. En canto ao índice de influencia lingüística no eido educativo, os resultados indican que globalmente é positivo e ademais que a incidencia é maior nos estudantes das zonas urbanas.
- Sobre os usos lingüísticos no ámbito laboral, o galego emprégase en maior medida cos superiores, seguidos dos compañeiros/as de traballo e as persoas a cargo, mentres que o menor uso se produce coa clientela e os provedores. Por sectores, é na agricultura e na pesca nos que a utilización do galego é maior, independentemente da persoa a quen se dirixa a poboación entrevistada, mentres que no extremo contrario se sitúa o sector servizos que é no que menos se emprega a lingua galega. Malia esta afirmación, cómpre dicir que esta é a maioritaria en todos os sectores de ocupación.

8. USOS LINGÜÍSTICOS NO ÁMBITO DAS TIC E OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Resulta indubidable a relevancia que na sociedade actual ten o emprego das novas tecnoloxías e os medios de comunicación, e de aí a importancia de incluír no cuestionario do Observatorio da Situación da Lingua Galega unha serie de preguntas relativas á lingua empregada pola cidadanía neste eido.

Os medios de comunicación de masas, así como as TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación), convertéronse en instrumentos fundamentais na actualidade para o mantemento e a expansión das linguas. Por este motivo, cando un idioma minoritario non está presente nestes ámbitos ten máis difícil a súa supervivencia.

Polo tanto, é este un sector clave para o futuro da lingua galega e proba disto é a súa inclusión no *Plan xeral de normalización da lingua galega* baixo a denominación “novas tecnoloxías” como sector transversal. Ata tal punto se consideran decisivas para o futuro do galego neste documento que se chega a afirmar que “as diferenzas entre linguas maioritarias e minoritarias, oficiais e non oficiais, van quedar substituídas pola diferenza entre linguas con tecnoloxía e linguas sen tecnoloxía” (2006: 50). No Plan asegúrase que a presenza do galego neste ámbito vai repercutir de xeito decisivo na súa imaxe, mellorándoa, o cal influirá no aumento do seu emprego. Por iso, considérase rendible, eficaz e prioritario investir neste sector.

Na enquisa sobre usos lingüísticos do Observatorio inclúense os seguintes ítems relativos ao emprego de galego e castelán nos medios e nas TIC por parte da poboación galega:

15. **A.)** Habitualmente, vostede...? **B.)** (Nas afirmativas) **¿Aproximadamente, de cada 10 horas....** cantas son en galego, en castelán ou noutras linguas?



	Si.	Non	Galego	Castelán	O.L.	Total
¿Ve televisión?	☐	☐	☐	_____	_____	10
¿Escoita a radio?	☐	☐	☐	_____	_____	10
¿Le prensa: periódicos, revistas?	☐	☐	☐	_____	_____	10
¿Usa teléfono móbil?	☐	☐	☐			
¿Usa ordenador?	☐	☐	☐			
¿Usa internet?	☐	☐	☐	_____	_____	10

16. Se usa ordenador, no uso do ordenador...

	Si.	Non
¿Algún dos programas que usa está en galego?	☐	☐
¿Coñece a existencia de dicionarios, correctores, tradutores de galego?	☐	☐
¿Empregou algunha destas ferramentas?	☐	☐
¿Fóronlle de utilidade?	☐	☐

17. Se usa internet, vostede...

	Si.	Non
Comprou ou vendeu algo por internet?	☐	☐
¿A súa páxina de inicio de internet está en galego?	☐	☐
¿Escribe correos electrónicos?	☐	☐
¿Escribe en chats ou mensaxes instantáneas persoais?	☐	☐
¿Escribe páxinas web que poden ler outros internautas?	☐	☐

18. **Se escribe correos ou páxinas web,**
¿que lingua utiliza...?

	S.G.	S.C.	+ G	+ C	=	O.L.
Se escribe correos electrónicos, ¿nos correos electrónicos?	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Se escribe nos chats ou mensaxes, ¿nos chats ou mensaxes instantáneas persoais?	☐	☐	☐	☐	☐	☐
Se escribe páxinas web, ¿nas páxinas web?	☐	☐	☐	☐	☐	☐

Na primeira destas preguntas, a número 15, a persoa enquisada debía responder o número de horas aproximado que dedicaba a cada un dos medios nas diferentes linguas, tendo en conta que a cuestión se refería a cada dez horas de televisión, radio, prensa ou internet que dedicaba a persoa enquisada. Desta maneira estimouse a porcentaxe de consumo en cada lingua.

O inconveniente desta pregunta é que se trata de datos declarados aproximados que nos servirán para observar tendencias pero non a realidade exacta. Ademais, non se tivo en conta o número de horas consumidas dos diferentes medios ao día, xa que a pregunta se refería a cantas horas de cada dez estaban en galego, castelán ou outra lingua. Non obstante, consideramos que se trata do mellor xeito para determinar o consumo de medios de comunicación en cada lingua.

Nin o MSG nin a enquisa do IGE inclúen ítems relativos aos medios de comunicación ou ás TIC, polo que o seu tratamento neste estudo constitúe unha novidade importante respecto ao feito ata o de agora en Galicia. Si se recollen datos a este respecto en Cataluña, en concreto no seu estudo *Estadística sobre els usos lingüístics a Catalunya* (EULC-03), no que se inclúe un apartado dedicado aos medios de comunicación e internet. A recollida de datos realizada para o Observatorio da Situación da Lingua Galega é moi semellante á efectuada no informe catalán.

Pero, ¿cal é o grao de penetración dos medios de comunicación e das TIC na vida da poboación galega? Como se pode apreciar no gráfico que aparece a continuación, a televisión conta co maior grao de implantación na sociedade, xa que o 95,2% das persoas enquisadas afirma ser usuaria deste medio. Se establecemos unha escala, vemos que a continuación estaría a prensa escrita (81,2%), o teléfono móbil (77%), a radio (67,9%), o ordenador (46,2%) e, por último, internet (37,1%).




Gráfico 57. Uso da poboación dos medios de comunicación e das TIC

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Si
■ Non

8.1 Usos lingüísticos nos medios de comunicación: televisión, radio, prensa e internet

En canto ao consumo de medios de comunicación en galego ou castelán, podemos concluír, como dato máis relevante, que o castelán é a lingua imperante neste ámbito, cunhas porcentaxes que oscilan entre a máis elevada en internet (o 82% das horas) e a máis baixa na televisión (o 65,3%). Semella, polo tanto, que o galego está pouco presente neste eido, debido, probablemente, á escasa oferta de medios en galego, e a que é a televisión o medio que máis consome en galego a cidadanía, cun 34% das horas nesta lingua. Por outra banda, na prensa e internet é onde menos galego se consome, cunhas porcentaxes de 11,4 e 11,3% das horas respectivamente. No caso de internet destaca a elevada cifra de horas de uso noutras linguas, o 6,7%, favorecida polas propias características deste medio.

Estes datos reflicten, en certa medida, a escasa oferta de galego nos medios de comunicación presentes en Galicia. No caso da radio e da televisión, ademais da Compañía de Radio e Televisión de Galicia e algunha que outra canle local que emiten integramente en lingua galega, os demais medios están exclusiva ou predominantemente en castelán. No que á prensa se refire, só existe un xornal diario exclusivamente en galego, *Galicia Hoxe*, ademais do gratuíto *De Luns a Venres*, e outros de menor periodicidade como *A Nosa Terra* (semanario), *A Peneira* (publicación quincenal)... ou algunha revista como *Tempos Novos*. No caso de internet, aquí si atopamos multitude de páxinas web, blogs... en galego, pero nunha cantidade mínima se o comparamos á do español e, sobre todo, o inglés.




Gráfico 58. Usos lingüísticos da poboación nos medios de comunicación

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Outras linguas
■ Castelán
■ Galego

8.2 Usos lingüísticos nas TIC

Tendo en conta que o 46,2% da poboación galega afirma empregar o ordenador, pódese comprobar agora cal é o grao de presenza do galego nesta ferramenta por parte dos seus usuarios/as.

Respecto aos programas informáticos empregados, só un 18,3% das persoas que utiliza ordenador ten algún en galego, fronte ao 81,7% que afirma o contrario. Moitas veces, esta carencia pode deberse ao descoñecemento de versións destes programas nesta lingua ou a non saber como conseguilos ou acceder a eles. Sobre o coñecemento de recursos lingüísticos relacionados con esta lingua con versión electrónica (dicionarios, tradutores ou correctores), unha porcentaxe moi elevada, o 74,9%, afirma saber da súa existencia, aínda que a cifra dos que os empregan se reduce ata o 46,5%.




Gráfico 59. Usos do galego no ordenador

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que usa ordenador

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Si
■ Non

Se o 37,1% da poboación galega enquisada emprega internet, desta porcentaxe o 31,3% fixo algunha compra ou venda a través deste medio; escribe mensaxes de correo electrónico, o 88,1%; escribe en chats, o 54,9%; e escribe páxinas web que len outros internautas, o 24,2%.




Gráfico 60. Usos en internet da poboación galega

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que usa internet

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Si
■ Non

Da poboación que usa internet, o 16,7% ten a súa páxina de inicio en galego, fronte ao 83,3% que a ten en castelán.




Gráfico 61. Porcentaxe da poboación con páxina de inicio en galego

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que usa internet

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Si
■ Non

En canto á lingua empregada nas mensaxes de correo electrónico, chats ou páxinas web, móstrase unha preferéncia clara polo castelán nos tres casos. Nas mensaxes de correo electrónico só o 17,4% vai escrito exclusiva ou preferentemente en lingua galega. A porcentaxe é do 14,8% no caso dos chats e descende ata o 14,8% nas páxinas web. Nestas últimas, destaca a utilización doutras linguas (o 5,8%), opción con menor presenza nas outras dúas variables.

lingua
galega




Gráfico 62. Usos lingüísticos nos correos electrónicos, chats e páxinas web

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007 que escribe correos electrónicos, en chats ou páxinas web

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

8.3 Conclusións sobre os usos lingüísticos nos medios de comunicación e nas TIC

Sobre os usos lingüísticos nas TIC e nos medios de comunicación, estas son as conclusións máis relevantes:

- O castelán é a lingua imperante nos medios de comunicación que consome a cidadanía galega. A mellor situación para o galego dáse na televisión, medio no que o galego representa algo máis dun terzo das horas vistas pola poboación.
- O emprego por parte da cidadanía de programas informáticos en lingua galega é escaso, o 18,3%. Os recursos lingüísticos como correctores, tradutores ou dicionarios con versión electrónica son bastante coñecidos, dado que saben da súa existencia case as tres cuartas partes da poboación, mais só o 46,5% afirma usalos.
- Só un 16,7% da cidadanía ten a súa páxina de inicio no ordenador en galego. Polo tanto, o castelán é, neste caso, a lingua preferida pola maior parte da poboación, como tamén o é para os chats, as mensaxes de correos electrónicos e as páxinas web, contextos onde o galego non acada nin o 20% de uso.

9. ACTITUDES E OPINIÓNS LINGÜÍSTICAS

Antes de detérmonos nas actitudes e opinións lingüísticas que a cidadanía galega posúe, cómpre ter ben claro a que nos referimos cando falamos de actitude. Podemos definir unha actitude como unha reacción afectiva, positiva ou negativa, cara a un obxecto ou proposición. As actitudes apréndense e adoitan permanecer estables ao longo do tempo, é dicir, que non mudan facilmente. Ademais, normalmente non son individuais, senón que se toman de grupos sociais polos que as persoas senten simpatía ou admiración. Unha vez formada, non é sinxelo modificar unha determinada actitude, aínda que en certas ocasións estas poden cambiar por diferentes motivos. A razón principal para que se produza esta mudanza é a información que se posúa sobre o obxecto ou a proposición.

Que as actitudes cara a unha lingua sexan positivas é moi importante para que a súa aprendizaxe sexa adecuada, de aí a importancia de incidir neste aspecto.

Tratarase de analizar neste apartado cales son as actitudes e as opinións lingüísticas da cidadanía galega en relación coa súa lingua. Para a obtención de datos sobre este tema, introducíronse na enquisa varias preguntas:

19. Vostede no futuro habitualmente...

	S.G.	S.C.	+ G	+ C	=	O.L.
¿Que idioma cre que falará?	☐	☐	☐	☐	☐	☐
¿E cal lle gustaría falar?	☐	☐	☐	☐	☐	☐

20. Se lle fala a alguén en galego e lle responde en castelán, habitualmente, ¿que fai?

Continúa en galego	☐
Cambia ao castelán	☐
Pide que lle fale en galego	☐
Interrompe a conversa	☐
Non lle fala a ninguén en galego	☐

lingua
galega

21. Se lle fala a alguén en castelán e lle responde en galego, habitualmente, ¿que fai?

Continúa en castelán	☐
Cambia ao galego	☐
Pide que lle fale en castelán	☐
Interrompe a conversa	☐
Non lle fala a ninguén en castelán	☐

22. Dígame se vostede está máis ben de acordo, máis ben en desacordo, totalmente de acordo, totalmente en desacordo ou é indiferente en que...

	+b A	+b D	t A	t D	IND
¿En Galicia todos deberían saber galego?	☐	☐	☐	☐	☐
¿Unha persoa que acaba de chegar a Galicia no futuro debería entender o galego?	☐	☐	☐	☐	☐
¿E saber falalo?	☐	☐	☐	☐	☐
¿Todos deberían saber castelán?	☐	☐	☐	☐	☐
¿Unha persoa que acaba de chegar a Galicia no futuro debería entender o castelán?	☐	☐	☐	☐	☐
¿E saber falalo?	☐	☐	☐	☐	☐
É necesario que se potencie o uso do galego	☐	☐	☐	☐	☐
O galego é o principal signo de identidade de Galicia	☐	☐	☐	☐	☐

23. Para vostede, en Galicia o galego...

Dende hai 5 anos...	☐ Diminuíu	☐ Segue igual	☐ Aumentou
E de hoxe en 5 anos	☐ Diminuirá	☐ Seguirá igual	☐ Aumentará

O galego emprégase na actualidade...	☐ Nada	☐ Pouco	☐ Normal	☐ Bastante	☐ Moito
--------------------------------------	-------------------------------	--------------------------------	---------------------------------	-----------------------------------	--------------------------------

¿Coñece as actuacións a favor do galego da Xunta de Galicia?	☐ Si	☐ Non
--	-----------------------------	------------------------------

24. Para vostede,...

O tema da lingua ¿que nivel de importancia ten para vostede?	☐ Ningunha	☐ Pouca	☐ Normal	☐ Bastante	☐ Moita
--	-----------------------------------	--------------------------------	---------------------------------	-----------------------------------	--------------------------------

A estas habería que engadir a cuestión da lingua propia, incluída na pregunta 5 baixo o seguinte enunciado: ¿Poderíame dicir cal é a súa lingua? As opcións de resposta eran “galego”, “castelán”, “as dúas igual” ou “outras linguas”. Aínda que vai incluída no bloque de usos lingüísticos, consideramos que manifestar cal é a lingua que cada persoa considera como propia é máis ben unha cuestión subxectiva e identitaria, que non ten que corresponderse coa lingua inicial ou habitual de cada un, senón que se trataría, en certa medida, dun sentimento. É por iso polo que incluímos os resultados relativos á lingua propia neste apartado sobre opinións e actitudes lingüísticas.

O tema das actitudes e as opinións lingüísticas tamén se analiza no MSG, mais non no estudo do IGE. No volume dedicado a esta cuestión, as conclusións extraídas foron bastante positivas para o galego, pois, en xeral, a cidadanía mostraba unha boa actitude cara a esta lingua, en especial a mocidade. Estes datos viñeron a confirmar que se estaban a superar certos prexuízos cara a esta lingua que estaban instalados na sociedade, por razóns históricas, dende había moito tempo, e que asociaban o galego a determinadas actividades, cunha consideración de lingua “de segunda” pouco útil en certos ámbitos e que, polo tanto, non se debía transmitir aos fillos/as para que estes prosperasen.



9.1 Lingua propia

A “lingua propia” é aquela coa que se identifican as persoas (motivo polo que tamén recibe a denominación de “lingua de identificación”), a que estas consideran como a súa lingua. É un concepto, polo tanto, relacionado coa identidade lingüística das persoas, razón pola que, como se explicou anteriormente, non debe ser confundida coa “lingua habitual”, aínda que ambas poden ser coincidentes en moitas das persoas enquisadas. Dito con outras palabras, para moita xente coincide a que considera como lingua propia coa que emprega habitualmente.

No total da poboación galega, o 43,8% considera que a súa lingua é o galego, o 26,6% o castelán e o 28,8% as dúas. Se comparamos estes datos cos referidos á lingua habitual, vemos que neste caso o galego acada unha porcentaxe maior, do 47,9%. Tamén é máis elevada no caso do castelán, cun 32,6%, mentres que no caso da opción “as dúas igual” esta descende ata o 19,3%.

Segundo o sexo, as diferenzas son escasas, aínda que existe unha lixeira preferencia por parte dos homes polo galego como lingua propia, co 44,3% fronte ao 42,8% das mulleres. No lado contrario, a consideración do castelán como lingua propia é máis elevada no caso delas, cun 27,9%, mentres que nos homes a porcentaxe descende ata o 25,2%.




Gráfico 63. Lingua propia segundo o sexo


Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outra lingua
- Castelán
- As dúas igual
- Galego

En canto ao tamaño dos concellos, os que contan con menos de 5.000 habitantes son nos que nunha porcentaxe maior se considera como lingua propia o galego (o 62,1%), consideración que diminúe conforme aumenta o tamaño do concello. Así, nos de máis de 50.000

habitantes esta porcentaxe é do 28,8%, fronte ao 39,9% que considera que a súa lingua é o castelán, converténdose así as cidades nos únicos lugares onde a cifra para este como lingua propia é máis elevada que para o galego.



Mapa 22. Lingua propia segundo o tamaño do concello

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

= lingua galega

9.2 Lingua habitual e lingua desexada para o futuro

Polo que respecta á posible lingua para o futuro, hai que facer unha distinción entre a que a persoa enquisada cre que vai falar habitualmente e a que lle gustaría falar habitualmente.

Respecto á lingua que cre que vai falar habitualmente, máis da metade da poboación opina que falará exclusiva ou maioritariamente en galego (o 53,9%), mentres que o 28,9% pensa que o fará en castelán e o 16,7% nas dúas por igual. Os resultados segundo o sexo son moi semellantes, cunha lixeira preferencia por parte das mulleres polo castelán.




Gráfico 64. Lingua que a cidadanía cre que vai falar habitualmente no futuro segundo o sexo

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Se cruzamos estes datos coa variable da idade, observamos que a poboación de máis de 65 anos é a que nunha porcentaxe maior considera que nun futuro falará galego exclusivamente ou de maneira predominante (66,5%). Esta cifra vai diminuíndo a medida que descende a idade das persoas entrevistadas, de maneira que queda no 38,8% no tramo de 15 a 24 anos, no que se ve superado polo castelán (39,3%).




Gráfico 65. Lingua que a cidadanía cre que vai falar habitualmente no futuro segundo a idade


Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Se temos en conta o tamaño do concello, como vén sendo habitual, nos de menor tamaño é onde o galego obtén os mellores resultados, xa que o 78,2% da poboación enquisada cre que falará no futuro “só galego” ou “máis galego”, porcentaxe que vai diminuindo a medida que aumenta o tamaño do concello, de xeito que nas grandes cidades a opción escollida maioritariamente é a do castelán, que acada o 44,6%.

= lingua galega




Mapa 23. Porcentaxe da cidadanía que pensa que vai falar habitualmente galego segundo o tamaño do concello

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Pero, ¿que lle gustaría falar á cidadanía? Pois ao 56,2% da poboación “só galego” ou “máis galego”, fronte ao 18,7% que prefire o castelán, porcentaxe superada tamén polas persoas que se decantan polas dúas linguas, o 21,4%.

Se comparamos os resultados por sexo, os datos para o galego son moi semellantes, situados arredor do 55%, pero no caso do castelán hai unha maior porcentaxe de mulleres ás que lles gustaría nun futuro falalo máis, o 20,4%, fronte ao 16,7% dos homes.



Se temos en conta a variable da idade, en todos os tramos a preferencia polo galego é maior, aínda que esta vai diminuindo a medida que descende a idade, alcanzando a porcentaxe máis baixa no tramo de 35 a 44 anos. Nos dous tramos inferiores vólvese producir unha lixeira recuperación da preferencia polo galego e tamén un aumento dos que desexarían falar as dúas linguas.




Gráfico 67. Lingua que lle gustaría falar á cidadanía segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

O seguinte gráfico mostra unha interesante comparación entre a lingua que na actualidade fala a poboación habitualmente coa que cre que falará e coa que desexaría falar. Nos resultados referidos ao galego, é curioso comprobar como, se a cifra dos que o teñen como lingua habitual é do 47,9%, a porcentaxe dos que cren que o falarán elévase ao 53,9%, mentres que os que desexarían falalo aumentan ata o 56,2%. Este é un proceso inverso ao do castelán, falado habitualmente polo 32,6%, porcentaxe que descende ata o 28,9% como lingua habitual do futuro da poboación e ata o 18,7% como lingua preferida tamén para o futuro.




Gráfico 68. Comparación entre a lingua habitual actual, a lingua habitual do futuro e a lingua desexada para o futuro

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega


- Outras linguas
- Só castelán
- Máis castelán
- As dúas igual
- Máis galego
- Só galego

Se facemos unha comparación entre a lingua habitual actual, a lingua habitual para o futuro e a lingua desexada para o futuro segundo a idade da persoa enquisada, aparecen resultados interesantes, tal e como reflicte a táboa 5.

No caso do galego, descenden as porcentaxes nas tres opcións a medida que diminúe a idade da persoa enquisada. No entanto, no tramo dos máis novos (de 15 a 24 anos) prodúcese unha lixeira recuperación do galego como lingua habitual actual e como lingua desexada para o futuro.

Na opción “as dúas” existe unha maior variabilidade nas respostas. Como posibilidade para o futuro, o bilingüismo aumenta canto menor é a idade da persoa entrevistada, mais prodúcese un retroceso na xeración dos máis novos. O mesmo acontece na opción desexada, na que, no entanto, son os do tramo de menor idade (15-24) os que nunha porcentaxe maior desexarían ser bilingües no futuro.

O castelán aumenta como lingua para o futuro canto menor é a idade da poboación, agás no tramo dos máis novos, no que aparece un lixeiro retroceso deste. Como lingua desexada, as porcentaxes máis elevadas son as dos que teñen entre 25 e 44 anos e a máis baixa a dos situados entre 15 e 24, paradoxalmente os que teñen o castelán como lingua habitual actual e futura nunha porcentaxe maior.



Provincia	Comparativa lingua habitual actual / futura / desexada								
	Galego			As dúas			Castelán		
	Actual	Futura	Desexada	Actual	Futura	Desexada	Actual	Futura	Desexada
15-24 anos	36,2%	38,7%	40,4%	20,2%	21,9%	31,1%	43,6%	39,3%	15,4%
25-34 anos	34,6%	41,5%	49,0%	24,2%	24,8%	25,7%	40,6%	33,4%	21,6%
35-44 anos	41,2%	45,1%	47,7%	18,0%	19,3%	22,7%	40,2%	34,8%	22,9%
45-54 anos	49,4%	58,2%	57,4%	20,9%	15,9%	21,2%	29,7%	24,9%	16,9%
55-64 anos	56,2%	63,2%	60,6%	18,5%	13,0%	18,1%	25,1%	23,4%	17,6%
> 65 anos	60,4%	66,4%	65,2%	16,0%	10,3%	14,6%	23,6%	23,1%	18,3%

Táboa 5. Comparación galego-castelán-as dúas como lingua habitual actual, lingua habitual do futuro e lingua desexada para o futuro por idades

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

9.3 Influencia da lingua do interlocutor/a

Moitas veces, a lingua empregada habitualmente vese condicionada pola do interlocutor/a, de maneira que existen persoas que deciden mudar a lingua para adaptarse á do outro. No entanto, non sempre acontece así, e non é infrecuente ver conversas entre persoas que falan diferentes linguas, sobre todo en contextos como o galego onde a intercomprensión entre este e o castelán é practicamente total.

Para coñecer cal é a actitude da cidadanía galega neste tipo de situacións, vexamos o resultado do seguinte gráfico, que nos mostra que o 49,3% dos galegofalantes cambia ao castelán cando lle responden nesta lingua, mentres que o 37,8% das persoas enquisadas continúa en galego.

Segundo o sexo, a opción maioritaria continúa a ser a de cambio de lingua, aínda que son as mulleres as máis reticentes a mudar: o 39,6% fronte ao 35,8% dos homes.




Gráfico 69. Actitude da cidadanía cando fala en galego e lle responden en castelán segundo o sexo

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Non lle fala a ninguén en galego
- Pide que lle falen en galego
- Cambia ao castelán
- Continúa en galego

Se temos en conta o tamaño do concello, nas grandes cidades é onde nunha porcentaxe maior se escolle a opción de cambiar ao castelán cando alguén responde en castelán, porcentaxe que vai diminuíndo canto menor é o concello. Esta diminución vai paralela a un ascenso da opción de continuar en galego. Chama a atención o dato da opción “non lle fala a ninguén en galego” no grupo de concellos de máis de 50.000 habitantes que acada un 20,8%, unha cifra moi superior á alcanzada nos outros municipios, debido á maior porcentaxe de castelanfalantes nas grandes cidades.




Gráfico 70. Actitude da cidadanía cando fala en galego e lle responden en castelán segundo o tamaño do concello


Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega


- Non lle fala a ninguén en galego
- Pide que lle falen en galego
- Cambia ao castelán
- Continúa en galego

No caso dos castelanfalantes, estes tamén optan maioritariamente por cambiar de lingua cando o interlocutor lles fala en galego, o 52,8%, mentres que case unha cuarta parte decide manterse no castelán. É significativa tamén a cifra de cidadáns que nunca fala en castelán con ninguén, aproximadamente un de cada cinco.

O resultado por sexo apunta que, no caso dos castelanfalantes, son as mulleres as máis reticentes a mudar de lingua (50,5% fronte a 55,4% de homes), e móstranse máis propensas a continuar en castelán.



Tendo en conta a variable do tamaño do concello, vemos que é nas cidades onde nunha porcentaxe maior as persoas cambian de lingua, o 60,5%, cantidade que vai diminuindo a medida que descende o número de habitantes do concello. Tamén vai descendendo a porcentaxe dos que continúan en castelán, mentres que vai en aumento o número dos que non lle falan a ninguén nesta lingua. Isto é lóxico se pensamos que é nos concellos máis pequenos onde o galego ten maior presenza entre a poboación como lingua habitual.



Se comparamos a actitude dos galegofalantes e dos castelanfalantes ante a lingua do interlocutor, vemos como nos dous grupos a opción maioritaria é a de cambiar de lingua, lixeiramente superior no caso dos castelanfalantes (52,8% fronte a 49,3%). No caso dos galegofalantes existe unha maior tendencia a continuar na mesma lingua (37,8% fronte a 24,9%). A porcentaxe dos que non lle falan a ninguén en galego (12,6%) é bastante inferior á dos que non lle falan a ninguén en castelán (21,8%).

En canto aos que interrompen a conversa, só no caso dos castelanfalantes, aínda que nunha porcentaxe mínima (0,2%), hai quen escolle esta resposta, opción que non foi escollida por ningún galegofalante.




Gráfico 73. Comparación entre a actitude da cidadanía cando fala en galego e lle responden en castelán e cando fala en castelán e lle responden en galego

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Non lle fala a ninguén nesa lingua
- Interrompe a conversa
- Pide que lle falen na súa lingua
- Cambia a outra lingua
- Continúa na mesma lingua

9.4 Opinións sobre o deber de coñecer o galego e o castelán

Preguntadas as persoas enquisadas polo deber de toda a cidadanía de Galicia de saber galego e castelán, a opinión maioritaria nos dous casos foi altamente favorable para as dúas linguas, aínda que lixeiramente superior no caso do castelán. Se sumamos as opcións “totalmente de acordo” e “máis ben de acordo”, temos que o 87,1% pensa que en Galicia todos/as deberían saber galego, mentres que o 95,6% ten a mesma opinión para o caso do castelán.




Gráfico 74. Opinión sobre o deber da cidadanía de Galicia de saber galego e castelán

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se temos en conta a variable da lingua habitual, podemos comprobar que, independentemente desta, a opción maioritaria é que en Galicia todo o mundo debe saber galego e castelán. No caso do deber de saber galego, a porcentaxe é máis elevada entre os galegofalantes habituais, arredor de catro de cada cinco están totalmente de acordo, seguidos dos bilingües habituais e, en último lugar, dos castelanfalantes.

No que se refire ao deber de saber castelán, a porcentaxe máis elevada atópase entre os bilingües, seguidos moi de preto polos castelanfalantes e, finalmente, polos galegofalantes. En calquera caso, agás no caso destes últimos, nos grupos dos castelanfalantes e dos bilingües as porcentaxes en favor do castelán son máis elevadas que para o galego.




Gráfico 75. Opinión sobre o deber da cidadanía de Galicia de saber galego e castelán segundo a lingua habitual

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En relación coas persoas que acaban de chegar a Galicia procedentes de fóra, os datos neste caso son diferentes para as dúas linguas. Sobre se nun futuro deberían entender o galego e o castelán, mostrouse totalmente ou máis ben de acordo o 87,3% para o galego e o 95,3% para o castelán. Este resultado indica que a cidadanía se mostra nunha porcentaxe maior máis favorable a que as persoas que veñen de fóra entendan o castelán que o galego, aínda que as cifras son moi elevadas no caso das dúas linguas.

Acerca de se nun futuro deberían os chegados de fóra saber falar o galego e o castelán, neste caso os datos aínda son máis favorables ao segundo, xa que o 92,6% está totalmente ou máis ben de acordo con esta afirmación. Esta porcentaxe descende ata o 71,3% no caso do galego, o que demostra que aínda está presente, nalgúns sectores da poboación, a idea de que o castelán é máis útil que o galego e, polo tanto, continúa a ser a lingua de maior prestixio entre a poboación. Tamén pode deberse á idea de que o castelán lles permite, ademais, entenderse co resto da poboación española.




Gráfico 76. Opinión sobre o deber das persoas que acaban de chegar a Galicia de entender e saber falar galego e castelán no futuro

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Totalmente en desacordo
- Máis ben en desacordo
- Indiferente
- Máis ben de acordo
- Totalmente de acordo

9.5 Opinións acerca doutros aspectos relacionados coa lingua galega

Inclúense neste apartado as valoracións da cidadanía acerca de diferentes aspectos relacionados coa lingua galega para coñecer a súa opinión sobre ideas e afirmacións bastante recorrentes.

Sobre se é necesario potenciar o uso do galego, o 86,3% da poboación enquisada móstrase a favor, fronte a só o 9,2% que se declara pouco ou nada de acordo con este tipo de accións.

Segundo o sexo, as diferenzas non son moi significativas, aínda que son as mulleres as que se mostran máis favorables a que se potencie o emprego do galego (o 86,9%, fronte ao 85,5% dos homes).






Gráfico 77. Opinión sobre a necesidade de potenciar o uso do galego segundo o sexo

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Totalmente en desacordo
- Máis ben en desacordo
- Indiferente
- Máis ben de acordo
- Totalmente de acordo

Se consideramos a idade da persoa enquisada, son os máis novos os que se mostran máis favorables a que se potencie o uso do galego, curiosamente os que menos o empregan como lingua habitual. Os menos propensos a esta idea son os que se sitúan no tramo de idade entre 35 e 44 anos, aínda que en todas as idades o acordo coa potenciación do galego é superior ao 80%.




Gráfico 78. Opinión sobre a necesidade de potenciar o uso do galego segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Totalmente en desacordo
- Máis ben en desacordo
- Indiferente
- Máis ben de acordo
- Totalmente de acordo

Segundo o tamaño dos concellos, os máis favorables a que se potencie o uso do galego son os habitantes do grupo de menos de 5.000 habitantes, case o 90%. A medida que o tamaño do concello aumenta diminúe esta porcentaxe, que aínda así continúa a ser moi elevada, pois mesmo nas cidades alcanza o 83,1%.




Gráfico 79. Opinión sobre a necesidade de potenciar o uso do galego segundo o tamaño do concello

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se temos en conta a variable da lingua habitual da persoa enquisada, os que se mostran máis favorables á potenciación do galego son os que o teñen como lingua habitual, mentres que os menos favorables son os castelanfalantes habituais, que mesmo así alcanzan o 78,2%.

lingua
galega





Gráfico 80. Opinión sobre a necesidade de potenciar o uso do galego segundo a lingua habitual

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Totalmente en desacordo
- Máis ben en desacordo
- Indiferente
- Máis ben de acordo
- Totalmente de acordo

Cando se pregunta sobre se o galego é o principal signo de identidade de Galicia, o 82,7% da poboación está totalmente ou máis ben de acordo, fronte ao 14,6% que declara o contrario, con porcentaxes moi semellantes para homes e mulleres, se temos en conta a variable do sexo.



Se poñemos esta idea en relación coa idade da persoa entrevistada, vemos que son os máis novos, tamén neste caso, os que maior acordo mostran coa idea de que o galego é o principal signo de identidade de Galicia. Os menos favorables a ela son os que teñen entre 35 e 44 anos, que aínda así alcanzan unha porcentaxe do 76,3% entre os que están totalmente ou máis ben de acordo.

A evolución do gráfico mostra que a aceptación desta idea vai diminuindo a medida que descende a idade, pero que empeza a recuperarse nos dous últimos tramos e alcanza a cifra máis alta nos máis novos da escala. Outra vez vemos como os que menos empregan o galego son os que teñen unhas opinións e actitudes máis favorables cara a esta lingua.




Gráfico 82. Opinión sobre o galego como principal signo de identidade de Galicia segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Segundo o nivel de estudos da persoa enquisada, canto menor é o nivel maior acordo existe coa idea de que o galego é o principal signo de identidade de Galicia. Así, a medida que aumenta o nivel educativo, menos favorable se mostra a poboación a esta consideración, aínda que, mesmo así, o acordo é moi elevado en todos os niveis.




Gráfico 83. Opinión sobre o galego como principal signo de identidade de Galicia segundo o nivel de estudos

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Tendo en conta agora a lingua habitual da poboación entrevistada, aínda que o acordo coa idea de que o galego é o principal signo de identidade de Galicia continúa a ser maioritaria independentemente do idioma que use de xeito habitual, a maior porcentaxe de aceptación desta consideración está entre os galegofalantes habituais, seguidos dos bilingües habituais e, por último, dos castelanfalantes.




Gráfico 84. Opinión sobre o galego como principal signo de identidade de Galicia segundo a lingua habitual

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Preguntóuselle á poboación enquisada a súa opinión sobre a evolución do galego respecto ao pasado e sobre a súa situación futura. Resulta curioso comprobar como as porcentaxes da visión da evolución do galego dende hai cinco anos e da situación de hoxe en cinco anos son moi semellantes. A opción máis escollida foi a de que aumentou nos últimos cinco anos e que aumentará nos próximos cinco (arredor do 52% nos dous casos). Pensa que todo segue e seguirá igual o 34 e o 37,4%, respectivamente, e opina que diminuíu e diminuirá o 13,9 e o 10,6%, respectivamente. Polo tanto, a cidadanía móstrase optimista sobre a evolución do galego e, o que é máis importante, sobre a súa situación no futuro próximo.




Gráfico 85. Opinión sobre a evolución do galego dende hai cinco anos e sobre a situación de aquí a cinco anos

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Aumentou / aumentará
- Segue / seguirá igual
- Diminuíu / diminuirá

Os máis optimistas sobre a evolución do galego dende hai cinco anos son os maiores de 65 anos, optimismo que vai diminuindo a medida que descende a idade das persoas enquisadas. E ao contrario, o pesimismo medra conforme diminúe a idade. As diferenzas son ademais bastante acusadas se temos en conta que as porcentaxes van do 65,5% dos máis vellos que pensan que aumentou ata o 28,2% dos máis novos. Neste último tramo de idade son moitos máis os que pensan que diminuíu, o 41,6%. Polo tanto, as opinións sobre este tema mostran unha maior variación.




Gráfico 86. Opinión sobre a evolución do galego respecto a hai cinco anos segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Aumentou
■ Segue igual
■ Diminuíu

Se nos centramos agora na opinión sobre o que pensan que acontecerá nos vindeiros cinco anos, como no gráfico anterior, as xeracións máis vellas son as máis optimistas, pois a partir dos 45 anos as porcentaxes sitúanse arredor do 58%. A partir de aquí, os menores de 45 van sendo cada vez máis pesimistas respecto á evolución do galego nos próximos cinco anos. Aínda así, en todos os tramos de idade, a opinión de que aumentará é a maioritaria, agás no tramo de 15 a 24 anos, no que a opción máis escollida foi que a situación seguirá igual.




Gráfico 87. Opinión sobre a evolución do galego nos próximos cinco anos segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Aumentará
- Seguirá igual
- Diminuirá

Se se pregunta sobre a percepción do emprego do galego no momento actual, as opinións maioritarias son que o uso desta lingua é normal (dó o 37,1%) e que se utiliza moito ou bastante (o 38,3%). Por sexos, as máis optimistas son as mulleres, pois aproximadamente dúas de cada cinco pensan que o galego se usa moito ou bastante.




Gráfico 88. Opinión sobre o emprego do galego na actualidade segundo o sexo


Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Moito
- Bastante
- Normal
- Pouco
- Nada

Por idades, canto maiores son as persoas enquisadas maior é a porcentaxe dos que perciben que o galego se emprega na actualidade moito ou bastante. A cifra vai diminuindo conforme descende a idade, de xeito que outra vez os máis novos son os menos optimistas sobre a situación do galego. Así, nos dous tramos de idade inferiores xa son máis os que opinan que se emprega pouco ou nada que os que pensan que se emprega moito ou bastante. A porcentaxe dos que pensan que o uso do galego é normal é a que menos oscila, pois vai do 35,2% ao 40,7%.

Esta idea negativa sobre o uso actual do galego pode verse favorecida por un menor contacto co galego das xeracións máis novas, que habitualmente se moven en círculos e ambientes onde o castelán é a lingua maioritaria (grupo de amigos, actividades de ocio, novas tecnoloxías, medios de comunicación...).



Cando se lle pregunta á poboación se coñece as actuacións a favor do galego levadas a cabo pola Xunta de Galicia, pouco máis da metade afirma coñecerlas, o 51,9%, fronte ao 48,1% que as descoñece.




Gráfico 90. Coñecemento das actuacións a favor do galego da Xunta de Galicia

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Non
■ Si

Por idades, os máis novos son os que presentan un maior descoñecemento, seguidos dos maiores de 65 anos, xa que en ningún dos dous casos chegan ao 50% os que deron unha resposta afirmativa. No lado contrario están os do tramo de idade comprendido entre os 35 e os 44 anos, dos que un 61,3% afirma saber destas actuacións.





Gráfico 91. Coñecemento das actuacións a favor do galego da Xunta de Galicia segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Non
■ Si

Se temos en conta a variable do nivel de estudos, pódese comprobar que canto maior é o nivel educativo maior tamén é o coñecemento das accións da Xunta de Galicia a prol do galego, chegando a unha porcentaxe do 70,1% no caso das persoas que teñen unha educación superior.



Cando se lles preguntou ás persoas enquisadas pola importancia que tiña para elas o tema da lingua, o 63% respondeu moita ou bastante, fronte ao 5,9% para o que ten pouca ou ningunha. As diferenzas entre os dous sexos non son grandes, mais existe unha lixeira maior preocupación entre as mulleres por este tema, xa que para case o 65% este é bastante ou moi importante.





Gráfico 93. Nivel de importancia do tema da lingua segundo o sexo

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se consideramos a lingua habitual da poboación, detectamos que é para os galegofalantes habituais para os que o tema da lingua ten maior importancia, seguidos dos castelanfalantes e, finalmente, dos bilingües. Entre estes últimos, a opción de resposta maioritaria foi “normal”, quizais por mor do emprego indistinto que fan das dúas linguas, sen decantarse por ningunha delas.



9.6 Lingua elixida para a realización da enquisa

Pensamos que un dato significativo que pode axudar á análise das actitudes cara á lingua das persoas enquisadas é a da lingua seleccionada para a realización da enquisa. Antes do comezo do cuestionario, e despois de ter escollido a persoa aleatoriamente segundo o procedemento indicado na metodoloxía, formulábaselle a seguinte pregunta ao entrevistado/a: ¿Quere que lle faga as preguntas en galego ou en castelán? En función da resposta obtida, empregábase unha ou outra lingua, agás cando contestaban que lles era indiferente. Neste caso, a enquisa facíase en galego.

Se temos en conta o total das entrevistas levadas a cabo, podemos comprobar que a opción máis escollida foi a de que se lles fixese a enquisa en galego, elixida polo 47,5%, seguida pola opción “indiferente” co 40,1%. Preferiu o castelán o 12,4% das persoas entrevistadas.

Por idades, foron os máis novos os que nunha porcentaxe maior escolleron o galego, o 57%, mentres que, no extremo contrario, atopamos os maiores de 65 anos, cun 43,9%. Estes últimos tamén foron os que máis se decantaron pola opción do castelán, un 15,3%, curiosamente cando son os que menos falan nesta lingua.







Gráfico 95. Lingua escollida para a realización da enquisa segundo a idade

Base: poboación de 15 anos ou máis residente en Galicia en 2007

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Indiferente
Castelán
Galego

Por tamaño de concello, nos que teñen entre 5.000 e 10.000 habitantes tres de cada cinco enquisados escolleron a opción galego, o que supón que é nestes onde un maior número de persoas preferiu esta lingua. No lado contrario atópanse os concellos de máis de 50.000 habitantes, que, como demostran todos os datos, son os máis desgaleguizados, onde o galego foi elixido polo 34,9% das persoas entrevistadas. Aínda así, pódese comprobar que en todos os concellos o castelán foi a escolla minoritaria.



9.7 Conclusións sobre as actitudes e as opinións lingüísticas da cidadanía

Varias son as conclusións que poden extraerse deste apartado dedicado a actitudes e opinións lingüísticas:

- O galego é considerado a lingua propia de algo máis de dúas de cada cinco persoas enquisadas, cifra algo inferior á dos que o teñen como lingua habitual, que case alcanza a metade da poboación. A porcentaxe dos que escolleron esta opción supera á do castelán e á das dúas linguas por igual. Por tamaño do concello, nos menores hai unha maior consideración do galego como lingua propia, mentres que nas grandes cidades o castelán é a opción preferida polos seus habitantes.
- Algo máis da metade da poboación pensa que vai falar no futuro en galego de xeito exclusivo ou maioritario, cifra que vai aumentando a medida que aumenta a idade da persoa entrevistada. Nos menores de 25 anos, a porcentaxe de castelán como lingua que se vai empregar no futuro é maior que a do galego. Tamén diminúe esta porcentaxe canto maior é o tamaño do concello, pois nas grandes cidades o castelán é a opción escollida maioritariamente pola poboación.
- Se temos en conta a lingua que desexaría falar no futuro, máis da metade escolle o galego. Canto menor é a idade da persoa enquisada menor é este desexo, aínda que entre os 15 e os 34 anos se produce unha lixeira recuperación en favor do galego. Os

galegofalantes habituais son os que nunha porcentaxe maior pensan que falarán galego no futuro e, ademais, afirman que é a lingua que máis desexarían falar.

- A maior parte da poboación enquisada cambia de lingua en función da empregada polo seu interlocutor, nunha porcentaxe lixeiramente superior no caso dos castelanfalantes. Entre os galegofalantes existe unha maior tendencia a manterse no galego. Por outra banda, a porcentaxe dos que non lle falan a ninguén en galego é inferior á dos que non lle falan a ninguén en castelán.
- Máis das tres cuartas partes da poboación opina que todos en Galicia deberían saber galego e castelán, cunha porcentaxe algo superior no caso desta última lingua. Para o caso das persoas que veñen de fóra, a cidadanía móstrase máis favorable a que entendan o castelán que o galego, aínda que nos dous casos as porcentaxes son moi elevadas. Polo que respecta a saber falar, aquí a porcentaxe a favor do castelán é aínda maior con respecto ao galego, con cifras que no primeiro caso acadan o 92,6% e no segundo o 71,3%.
- A maioría da poboación está a favor das accións para potenciar o uso do galego. Os máis novos, que, en xeral, son os que teñen mellores actitudes e opinións sobre o galego, son os que se mostran máis favorables a estas iniciativas. Segundo o tamaño do concello, canto menor é este máis positiva é a opinión que teñen sobre as accións a prol do galego.
- Sobre se o galego é o principal signo de identidade de Galicia, máis de catro de cada cinco están de acordo con esta idea. Tamén neste caso os máis novos son os máis favorables, pese a ser os que menos o empregan. A medida que aumenta o nivel de estudos, no entanto, diminúe esta consideración do galego como principal signo de identidade. Entre os galegofalantes habituais a aceptación desta idea tamén é maior.
- Algo máis da metade da poboación pensa que o uso do galego aumentou nos últimos cinco anos e que aumentará tamén nos próximos cinco. Os máis optimistas sobre estas afirmacións son os maiores de 65 anos, mentres que este optimismo vai diminuíndo a medida que descende a idade da persoa enquisada.
- Sobre o uso actual do galego, a maior parte pensa que este é normal. Entre os máis vellos tamén existe unha visión máis optimista sobre este emprego na actualidade, mentres que os máis novos son os máis pesimistas.
- Acerca das actuacións a favor do galego levadas a cabo, só a metade da poboación afirma coñecerlas. Por idades son os menores de 25 anos e os maiores de 65, os dous extremos, os que en maior porcentaxe as descoñecen. A medida que aumenta o nivel de estudos, máis poboación coñece estas iniciativas.
- Para arredor de tres de cada cinco persoas enquisadas o tema da lingua ten moita ou bastante importancia, mentres que só para o 5,9% este tema presenta pouca ou ningunha.

10. ANÁLISE CUALITATIVA DOS RESULTADOS

10.1 Panel de escoita 1: lingua galega e mocidade

O primeiro dos paneis de escoita realizado no ámbito de cidadanía dedicouse ao tema da lingua galega e a mocidade. Celebrouse en Santiago de Compostela, o martes día 15 de maio de 2007. Contou con seis participantes, procedentes todos eles de asociacións e organizacións xuvenís de diferentes zonas do territorio galego.

10.1.1 Desenvolvemento do panel


Situación actual do galego:

Cando se lles pregunta aos participantes no panel pola situación actual da lingua galega e os que consideran eles puntos clave do idioma na mocidade, os participantes no panel comentan que existen diferenzas no uso do galego entre os ámbitos urbanos e rurais. Coméntase que o galego no ámbito urbano, maioritariamente castelanfalante, ten presenza para a xuventude unicamente na escola. Fóra dela, a mocidade non fai uso del.

Identifícase unha ameaza para o galego: que este se converta nun idioma ritualizado (empregado en determinados tipos de actos e espazos, como discursos públicos, presentacións, documentación, actas...), pero que non sexa espontáneo entre as persoas ou colectivos que o empregan neses contextos. Sobre o activismo a prol do galego, apúntase que, neste campo, non se producen novas incorporacións e, as poucas que hai, son ritualizadas.

Fálase de que segue a existir a identificación do galego co rural fronte a ámbitos urbanos (vilas e cidades), onde os institutos e os centros de ensino en xeral funcionan como un elemento desgaleguizador das persoas procedentes do rural.

En canto ao círculo de amigos, considérase que este é un elemento moi importante no sentido de que tamén é un contorno que exerce unha grande influencia nos usos lingüísticos da mocidade.



Maniféstase que nas cidades se produce, en xeral, unha presión idiomática moi importante do castelán sobre o galego.

Actitudes e opinións lingüísticas da mocidade:

No que ás actitudes lingüísticas se refire, opínase que o retorno ao galego, especialmente nos ámbitos universitarios, é actualmente menor que noutras épocas. Agora dáse menos o salto ao galego como opción, actitude ou militancia, o grao de compromiso é menor, hai máis variabilidades.

Fálase da importancia de que os poderes públicos ofrezan a posibilidade de facer unha vida normal en galego. Asociar o galego con aspectos positivos da vida das persoas resultaría moi eficaz. Para chegar a iso é moi importante a promoción, facer materiais en galego, etc.

Insístese no tema da promoción da lingua: recoñécese que o galego debe promoverse, aínda que se pon en dúbida a eficacia desta publicidade.

Introdúcese o tema das subvencións. Unha das opinións manifestadas incide en que estas deben ir dirixidas ao recoñecemento máis que a obrigar que se fagan as cousas en galego. Pénsase que a Administración tamén desempeña un papel importante, aínda que non é a única. Debe ser este organismo quen poña as normas de xogo no mercado.

Opínase que existe aínda nalgúns sectores un sentimento de vergoña ante o galego, o que indica que a situación da lingua dista moito de estar completamente normalizada.

Indícase que o galego, ao chegar a unha determinada idade, pasa a ser unha forma de ir a contracorrente (contra a familia, por exemplo). Existe un menor compromiso coa lingua. O grupo ou o ambiente en que se move a persoa é clave, e para que un grupo dea o salto ao galego ten que haber un incentivo. Neste sentido, insístese en que faltan motivacións.

Coméntase que é moi importante proporcionar ferramentas, materiais, libros... en galego. Isto é considerado máis útil que a publicidade.

Indícase tamén que a mocidade ten que ser un interlocutor no proceso de normalización do galego, pois é un sector da poboación moi importante, sobre todo para o futuro do idioma.

Sobre os prexuízos cara ao galego existentes na actualidade entre a mocidade, os participantes opinan que estes son numerosos. Un deles consiste en asociar o uso desta lingua con opcións políticas nacionalistas. A identificación do galego co rural como prexuízo, non obstante, está a diminuír notablemente entre a poboación.

Temas de interese para a mocidade:

Sobre a cuestión de que temas lle interesan á mocidade, apúntase que sería interesante que existisen iconas que favorecesen a presenza do galego entre a xuventude adaptadas aos diferentes tramos da infancia e da mocidade. Un exemplo disto sería o Xabarín Club. Crear iconas en galego (un *harry potter* en galego) sería unha forma moi eficaz de achegarlles o galego aos mozos que non o usan habitualmente. Insístese en que o fenómeno do Xabarín é moi interesante, pero, por outra banda, sinálase que non existe nada semellante, por exemplo, na literatura.

Coméntase que os referentes para este colectivo, que son os que exercen influencia nesta idade, están en castelán. A excepción sería internet.

Indícase que a televisión ten unha influencia moi importante nas eleccións que fai a mocidade, e, entre elas, na escolla de lingua.

Apúntase que a mocidade é bastante individualista e asociarse supón un esforzo: complexidade, burocratización, caducidade... Prefírese, por este motivo, a participación informal.

Coméntase que o galego, nalgúns círculos pequenos, tamén “mola”. Hai “tribos” de mozos/as nas que o galego é un elemento identificativo importante: música, ecoloxía, movementos reivindicativos, etc. Neste sentido, fálase de que o galego vai asociado, en moitas ocasións, a movementos reivindicativos e de concienciación.

Oferta cultural e de lecer en lingua galega:

En canto á oferta cultural en galego, identifícase unha carencia importante nas canles tradicionais: televisión, prensa, revistas, radio, etc. En internet, non obstante, si se aprecian pasos para alcanzar a normalización da lingua (ferramentas, etc.).

Coméntase que falla a integración do galego como lingua vehicular normalizada nos movementos principais que lle interesan á mocidade (movementos musicais xerais, etc.). Agora o galego vai asociado a movementos musicais minoritarios entre a xuventude (música bravú, tradicional...), pero non está presente noutras músicas.

Indícase que o máis habitual é que o consumo de ocio sexa en castelán ou inglés; aínda que sexa de fóra, só é traducido. Neste sentido, aínda non se acadou a normalización do galego nos aspectos considerados primordiais para a mocidade: DVD, cine, etc.



Uso do galego pola mocidade:

Con relación á normalidade no uso da lingua galega, pénsase que é importante darlle argumentos á mocidade de por que se debería falar en galego pero non obrigar, xa que isto pode producir rexeitamento nun colectivo onde ademais as imposicións son mal vistas.

Indícase que nos ámbitos urbanos o galego pode verse como unha presión para os castelanfalantes, que son o colectivo maioritario neste ámbito.

Coméntase que as campañas publicitarias a prol do galego son moi válidas, porque, aínda que non se faga moito caso delas, algo queda nas persoas, sempre deixan un pouso. Por outro lado, se son moi insistentes, tamén poden percibirse como unha imposición. Non se pode obrigar a xente, pois hai persoas ás que o galego lles custa porque están afeitas ao castelán. A publicidade sobre o galego recíbese, ás veces, como unha imposición, porque, no caso do castelán, non existe.

Necesidade e utilidade do galego:

Opínase que debería darse a imaxe de que se pode vivir perfectamente en galego. A xente estuda inglés porque pensa que ten máis utilidade. Neste sentido, algún participante indica que non se debe entrar na guerra da utilidade porque é fácil de perder (ex.: inglés/castelán). O idioma non debe ter “utilidade”, senón que é para comunicarse.

En relación coa utilidade da lingua, fálase tamén da importancia do galego como forma de contacto co mundo lusófono, con millóns de falantes, debido á proximidade lingüística existente co portugués.

Coméntase que vimos dunha situación histórica na que o galego non estaba ben visto. Aínda está moi arraigado, segundo os participantes no panel, o sentimento de que o galego é “de segunda” e iso leva a non velo necesario ou útil en determinados colectivos.

Apúntase que nun ambiente castelanfalante falar en galego require un esforzo extra. Este esforzo necesita unha explicación: sentimento, historia, familia, ideoloxía, etc. Isto choca coa forma de ser e cos valores da xuventude, que nos tramos máis novos “pasa de todo”. Empregar o galego debería ter un valor.

Papel da escola:

No que se refire ao papel que desempeña a escola, incídese en que o galego non debe ser só unha materia. Se o profesorado non o utiliza de xeito normal, non é un bo referente: moitos profesores/as de galego falan logo fóra das clases en castelán. Nesa idade, a transmisión dende a “informalidade” é incluso máis importante.

Considérase moi relevante o fomento da lingua galega por parte do profesorado: este debe dar exemplo. Por outro lado, pénsase que existe tamén moita ritualización na escola.

Convivencia entre galego e castelán:

Preguntados sobre o contexto de convivencia entre galego e castelán, considérase que non existe unha situación de bilingüismo. Sempre hai unha lingua predominante nos diferentes ámbitos da vida. Non hai contextos equilibrados senón unha situación de conflito.

Incídese en que o normal é que dentro dun mesmo grupo de xente se fale en galego e castelán sen que iso produza problema ningún. Este tipo de situacións non xeran conflito ningún, xa que é doado entenderse.

Futuro do galego entre a mocidade:

Sobre o futuro do galego entre a mocidade, pénsase que esta lingua ten futuro. Neste sentido, percíbese unha impresión positiva xeneralizada. No contexto multicultural actual, o galego vai progresar.

Indícase que a xuventude é unha etapa fundamental non só para a lingua, senón para a vida en xeral (formación, etc.). As vivencias nesta etapa son importantes, porque no futuro poden influír na persoa (o dos campamentos en galego, etc.). A mocidade é unha época básica para a elección de lingua, unha etapa moi importante, posto que é cando se asentan as bases de decisións futuras.


En xeral, hai unha visión optimista do futuro, aínda que se recoñece que fai falta un esforzo. Cómpre construír un ambiente onde o galego sexa o idioma maioritario.

Pénsase que hai que convencer os pais/nais para que lles falen galego aos seus fillos/as como paso importante para o mantemento do galego como lingua inicial. Apúntase, no entanto, que o tema da lingua inicial non é decisivo, porque despois, co paso dos anos, existe a posibilidade de escoller a lingua que se queira.

Coméntase que a Administración comeza a preocuparse agora pola cuestión do galego (o Observatorio é un exemplo).

10.1.2 Conclusións do panel

As principais conclusións que se poden extraer do dito polos participantes neste panel de escoita dedicado ao uso da lingua galega por parte da mocidade son as seguintes:



- Considérase que cómpre facer unha clara distinción, no que ao uso do galego se refire, entre os ámbitos rural e urbano. Mentres no segundo, maioritariamente castelanfalante, o contacto da mocidade coa lingua galega se produce, na maior parte dos casos, na escola, no rural dáse o fenómeno contrario: o ensino actúa aquí como elemento desgaleguizador dos nenos/as galegofalantes. Apúntase tamén que nas cidades existe unha presión idiomática moi forte do castelán sobre o galego.
- Sobre as ameazas que na actualidade padece o galego, destácase o problema de que se converta nun idioma ritualizado. Tamén se considera como moi negativo para a lingua a súa identificación con opcións políticas nacionalistas.
- Outro tema no que se insiste bastante é o dos referentes lingüísticos da mocidade. Neste sentido, sinálase as carencias existentes neste campo ao non existir practicamente iconas que favorezan a presenza do galego nestas idades. Un referente importante é tamén o grupo de amizades, posto que estas exercen unha influencia decisiva nos usos lingüísticos da xente nova. Tamén se indica que o galego funciona como elemento caracterizador de determinados círculos, normalmente asociados a movementos reivindicativos e de concienciación.
- En canto aos prexuízos, apúntase que aínda existe a identificación do galego co rural. Ademais, en moitos ámbitos continúa a considerarse como lingua de segunda. Por iso, insístease bastante na importancia de ofrecer unha imaxe positiva do galego, asociándoo a elementos e actividades atractivos para a xuventude. Aínda que se considera que non se debe entrar na guerra da utilidade das linguas, sinálase a importancia do galego como forma de contacto co mundo lusófono.
- No que se refire á oferta cultural en galego para a mocidade, a opinión maioritaria é que esta é insuficiente. A carencia de medios de comunicación en galego é clara, a excepción de internet, onde si se aprecian pasos importantes para a normalización da lingua. Ademais, a música en galego está asociada a movementos minoritarios (folk, bravú...), pero está ausente dos estilos que lle interesan maioritariamente á xente nova. Na oferta de lecer, predominan o castelán e o inglés.
- Sobre as campañas de promoción da lingua, as opinións son variadas: mentres algúns defenden a súa utilidade, outros pensan que a súa incidencia na mocidade é mínima. Neste sentido, considérase importante darlle argumentos á mocidade para que se anime a empregar o galego, pero sen obrigar e sen insistir moito, xa que a insistencia pode verse como imposición.
- Acerca dos cambios de lingua na xente nova, introdúcese o tema dos neofalantes. Neste sentido, apúntase como algo normal o retorno ao galego especialmente nos ámbitos universitarios. O galego convértese, en determinadas idades, nun xeito de ir a contracorrente, aínda que tamén se indica que o compromiso coa lingua é cada vez menor e que faltan incentivos e motivacións para dar este paso.
- Por último, é significativa a visión optimista que mostran moitos dos participantes sobre o futuro da lingua galega.

10.2 Panel de escoita 2: a lingua galega no ámbito familiar

Este segundo panel de escoita, dedicado á lingua galega no ámbito familiar, celebrouse en Santiago de Compostela o mércores día 23 de maio de 2007 e nel participaron cinco membros de diferentes colectivos veciñais, sociais e relacionados coa familia de todo o territorio galego.

10.2.1 Desenvolvemento do panel

Nivel lingüístico na actualidade:

Coméntase que, unha vez que se abandona o galego, despois custa moito volver a el, xa que a falta de práctica é moi importante. É o caso da xente das xeracións máis vellas que viviron unha época na que o galego era habitual no fogar pero logo, na escola, non se empregaba e mesmo era corrixido polos propios mestres. Iso fixo que moitas persoas deixasen de falalo e se pasasen ao castelán.

Ademais, son moitos os que consideran que o seu non é un bo galego porque non se axusta á normativa actual. Moitos galegofalantes teñen esta consideración da lingua que empregan, en parte por culpa da clase política e dos medios de comunicación, xa que se pensa que o que eles falan é o modelo de idioma que hai que seguir. Neste sentido, coméntase que a percepción maioritaria da xente é que fala mal en galego porque comete algúns erros léxicos.

No caso da xente nova, fálase de que os seus referentes sociais teñen un nivel de lingua moi pobre e o problema é que este pasa por ser o modelo correcto de lingua, o cal inflúe moito en pais/nais e nenos/as. A falta de bos referentes considérase unha cuestión moi importante, sobre todo no caso dos castelanfalantes. Pénsase que o galego aínda é recuperable. Neste sentido, considérase fundamental o papel da escola, xa que un neno/a que fala castelán na súa casa e que posteriormente aprende o galego na escola pode levalo despois ao fogar.

No entanto, non acontece o mesmo na situación contraria: segundo o profesorado de primaria, se o neno/a é galegofalante na casa e despois se educa en galego na escola, élle practicamente imposible despois aprender o castelán. O bilingüismo só se dá en nenos castelanfalantes que despois van á escola e aprenden alí o galego. Esta opinión, con todo, non é compartida por todos os participantes do panel.



Transmisión lingüística:

Ante a pregunta de por que se elixe unha ou outra lingua á hora de educar os fillos/as ou sobre se esta é unha elección consciente ou inconsciente, existen opinións variadas. Os participantes coinciden en que este é un tema de grande importancia. Apúntase, por exemplo, que depende do medio: no rural, a elección é un tema natural. Nas zonas urbanas, por exemplo, no caso dos nenos galegofalantes, é moi importante o tema da falta de compañeiros/as de xogo cos que poder empregar a lingua. Tamén se sinala o tema dos prexuízos, que aínda están moi presentes nas familias.

Insístese no tema de que non se deben enfrontar as linguas. Fálase dos discursos politicamente correctos e do problema que supón, na opinión dalgún dos participantes, a TVG para a lingua. Coméntase que a xente ten que entender que hai diferentes rexistros de lingua.

Tamén se apunta que, en Galicia, aínda existe o problema da autoxenreira e de identificar a lingua con determinadas opcións políticas. A politización supón un grave problema para o galego, sobre todo nun ámbito urbano: nunha cidade, se educas en galego os teus fillos/as, xa te identifican como nacionalista. Isto non acontece nas zonas rurais.

Introdúcese tamén o tema do sentido utilitario que se lles dá ás linguas: hai xente que pensa que o galego non vale para nada, pero sinálase que non se pode entrar nesta polémica, xa que as linguas serven principalmente para falar e comunicarse, sen un sentido de rendibilidade / utilidade.

Outro problema que se apunta é o paso das familias dun ámbito rural a un ámbito urbano e o cambio no status social. Estas mudanzas adoitan influír no cambio de lingua.

Socialización fóra da familia:

Cando se pregunta sobre a socialización fóra da familia, con relación a se se producen cambios de lingua ao chegar á escola e se é a familia consciente destes cambios, apúntase que si é consciente, pero considérase que é moi difícil que, se un se cría nunha lingua, despois a cambie.

Fálase dos valores mercantís que ten o feito de instalarse nunha ou outra lingua. O castelán continúa a ser a lingua de promoción social para as familias e estas vincúlana á prosperidade.

Sobre se convén darlles argumentos ás familias, sinálase a necesidade de fomentar o galego tamén dentro destas pero non todo o mundo comparte esta opinión, pois coméntase que non se lle pode dicir a ninguén como debe falar ou que lingua empregar. Ademais, coméntase

que é imposible convencer a ninguén nin explicar que é importante que se lles fale galego aos fillos/as. Os pais/nais son os que deciden e esta é unha decisión individual aínda que con repercusións sociais.

Sinálase que cómpre advertir que é unha riqueza contar con dúas linguas, porque ser bilingüe facilita o acceso a outras linguas. E esta idea é a que hai que transmitirles ás persoas.

Considérase que insistir na lingua que se lles debe falar aos fillos/as é unha vía inútil. O que hai que facer é mostrar exemplos de familias falando galego, nenos/as falando galego... Débese vender a normalidade e non intentar convencer a ninguén. Ademais, opínase que obrigar pode provocar a reacción contraria.

Coméntase tamén que, para moitas familias, o tema da escolla dunha ou outra lingua non é un problema: cada un fala a que quere. Hai que tomalo como unha decisión normal.

Promoción do galego:

Cando se pregunta sobre como se pode dar o paso para que a xente fale galego de primeiras, considérase que hai que dar unha oferta positiva, de maneira que o que se pode ver estea en galego.


Algúns dos participantes pensan que as campañas en televisión son importantes, idea que non é compartida por outros, que as consideran ineficaces.

Insístese na cuestión do temor que ten a xente a cometer erros debido á normativa. Neste sentido, apúntase que a normativa é moi necesaria; cómpre corrixir a ortografía en galego e a escola ten que facer ese labor. Débese explicar socialmente que, igual que se esixe escribir en castelán sen faltas, tamén ten que ser así en galego. O nivel de corrección é fundamental.

Coméntase que aínda existen moitos prexuízos: dependendo de con quen se fale emprégase unha lingua ou outra. Co médico, con profesores/as... adoita utilizarse o castelán. O tema do prestixio é fundamental: escoitar a empresarios/as falando galego, a Fernando Vázquez...

Factores que inflúen na escolla da lingua inicial:

Ao preguntar polos factores que inflúen na escolla da lingua inicial, sinálase o feito de que a “boa educación” está asociada ao castelán. Opínase que o castelán vai asociado á educación, á ciencia, a un bo nivel de vida... O galego é considerado o idioma do afecto, da familiaridade... e o castelán o da ciencia.



Ademais, cómpre ter en conta que moitas parellas novas son castelanfalantes e, polo tanto, fálalles castelán aos seus fillos, porque esa é a súa lingua. Por iso o papel da escola é tan importante, aínda que hai quen pensa que é raro que por iso se poidan cambiar os hábitos.

Coméntase que no rural os pais/nais si continúan falándolles galego aos fillos/as. Por iso, este hábitat é o sustento da lingua. Nas vilas, pola contra, a xente quere diferenciarse porque se asocia a lingua ao poder económico.

Ademais, no rural todo chega moito máis tarde, as modas, por exemplo, pero o problema é que nos estamos a quedar sen rural. As aldeas estanse a converter en barrios residenciais, o rural está deixando de ser rural, porque ademais existe o discurso de que o rural non vale para nada, lévase moito tempo dicindo iso.

Coméntase que cando vén xente de fóra, mostra interese polo galego e tenta aprendelo. O curioso é que son os propios galegos, os que mamaron o idioma e alcanzaron certo nivel económico, os que amosan un freo cultural e social á hora de usalo.

Indícase que actualmente hai xente de sobra, perfectamente preparada, que fale galego, pero existen discursos moi rancios sobre o idioma. O nivel de competencia é máis alto hoxe ca nunca e, non obstante, o uso nunca foi tan baixo.

Sínálase ademais que, xunto coa perda de lingua, hai unha perda cultural importante. Non se usan cousas porque non se coñecen: ninguén sabe, por exemplo, nanas en galego. Por iso, cómpre facer un traballo de eliminación de prexuizos. O importante é ver primeiro o galego como algo positivo.

Insístese en que é moi difícil que os fillos/as inflúan nos pais/nais para que cambien de lingua polo feito de que cheguen falando galego porque o aprenderon na escola. O cambio de lingua a nivel familiar é imposible. Por iso, considérase que o importante é a lingua de establecemento. Trátase dunha cuestión de coherencia, sempre consciente e individual. É por este motivo polo que algúns non cren na eficacia das campañas.

O caso dos neofalantes:

Cando se pregunta polo caso dos neofalantes, algúns opinan que estes “son máis papistas que o papa”, posto que se consideran lexitimados para indicarlles aos demais que lingua deben empregar.

Tamén se comenta que “falar galego é unha actividade de risco”, mentres que “falar castelán é un valor seguro”. Coméntase que falar galego supón un esforzo moi grande para os neofalantes e non se lles valora. Moitos galegofalantes mesmo se rin dos neofalantes, cando estes teñen un gran mérito.

Fálase de que o retorno ao galego dos pais/nais por medio dos fillos/as pode axudar a superar prexuízos, aínda que tamén existe moito rexeitamento: que lles aprendan galego aos fillos/as na escola, ás veces, é visto negativamente polos pais/nais.

Opínase que na actualidade non se di abertamente que o galego sexa negativo, porque hai que ser politicamente correcto, pero a idea está aí. Os prexuízos exprésanse agora doutra maneira.

O papel da escola:

Coméntase o problema de que o galego debe ser unha lingua vehicular para impartir calquera materia. A realidade actual no ensino é moi caótica. Depende moito do centro e da opción persoal de cada profesor/a. Neste sentido, a lei non serve para nada.

Tamén se fala de que se acepta como normal que o profesorado non teña competencias en galego e que, polo tanto, non imparta a súa materia nesta lingua. Coméntase que, en realidade, o que acontece é que tamén hai prexuízos nos profesores/as, o que implica que non se desexa ensinar en galego nin facer o esforzo de empregalo. Aínda así, con todos os problemas que existen, considérase que o ensino é o mellor ámbito social no que se atopa o galego.

Os nenos/as reciben moitas veces prexuízos da escola e tamén da familia, o que supón un grave dano para o idioma.


Sínálase que o cambio de normativa crea a idea de que o galego non é serio e, ademais, produce inseguridade nos falantes. Por iso, cómpre explicar que o galego é unha lingua que aínda se está asentando. Non se fala, por exemplo, dos cambios que se fan no castelán. A xente ten que saber que o galego é unha lingua que aínda se está formalizando e isto hai que saber vendelo.

Medios de comunicación en galego:

Polo que respecta ao estado dos medios de comunicación e internet, ao preguntar polas accións que se poden facer para cambiar a situación, sinálase que un dos grandes danos para a lingua é o feito de que os xornais aparezan en galego só o Día das Letras Galegas. Só a TVG usa o galego sempre, aínda que sexa como lingua ritual (cando as cámaras están acesas). O certo é que non hai ninguén que dea exemplo. Non é bo obrigal, pero parece que o galego só se fala por imposición.

Obriga de saber galego:

Sobre se se pode ou se debe obrigal a xente, como o funcionariado, por exemplo, opínase que os funcionarios/as teñen que ser bilingües. Ademais, dáse o feito de que o funcionario/a sempre cambia do galego para o castelán, pero non ao revés.



Coméntase que o normal é que se poida falar galego con alguén que fale castelán, non hai problema niso, xa que hai moito galego oculto (que non se manifesta). Ademais, cómpre ter en conta que non existen dificultades de comprensión entre galego e castelán, polo que os interlocutores poden empregar linguas diferentes. Si poden existir outros problemas, por exemplo, que se entenda como unha falta de educación, pero isto só adoita ser para un lado.

Propónse a seguinte solución: que o galego e o castelán teñan o mesmo rango. Pero hai que ter en conta que as sociedades bilingües perfectas non existen. Existen sociedades nas que conviven linguas, pero a convivencia non é perfecta, aínda que si regulada nalgúns países. O que teñen as linguas son funcións sociais, iguais ou desiguais.

Respecto aos criterios lingüísticos, sinálase que as opcións predeterminadas teñen moito efecto, por exemplo, na lingua que se escolle por defecto para os contestadores automáticos, para os programas informáticos...

Accións para levar a cabo:

Cando se introduce o tema das accións que se poden levar a cabo para superar a situación actual, propóñense varias: demostrar vida en galego con normalidade, facer máis publicidade, establecer ámbitos de uso nos que sexa preferente e fomentar o galego.

Coméntase que a perda da lingua é tamén un tema político con maiúsculas. A clase política debe ocuparse deste tema.

Tamén se sinala que, aparentemente, a sociedade non está preocupada pola lingua, porque as persoas saben que non é un tema individual no que cada un poida facer algo. Isto fai que a cidadanía en realidade queira que sexa a administración a que se ocupe do tema. Por iso, a administración non fai nada, pois semella que á xente non lle preocupa nin lle interesa realmente. Os políticos teñen culpa, pero a sociedade tamén.

Investimentos en temas lingüísticos:

Ante a pregunta de se cómpre investir en lingua, considérase que a xente non o valora pero si que o sente. Este é un problema que non pode resolverse individualmente senón que se trata dun problema colectivo. Non é unha prioridade individual. É a responsabilidade dos responsables sociais (medios, empresas, ensino...). Estes son os que teñen que ocuparse do problema. Se o fan, a lingua recupérase e recupera ademais o seu valor.

Sinálase que existe unha contradición moi grande: o galego fálase menos, pero hai máis oferta en galego ca nunca (libros, por exemplo). Ademais, os falantes de galego son agora moito máis “poderosos”, teñen moita máis influencia, aínda que sexan menos. Insístese na importancia de que o galego posúa poder económico.

Advírtese de que en España o monolingüismo en castelán existente en moitas zonas fai que moita xente non poida entender outras manifestacións lingüísticas. Pola súa banda, os medios de comunicación alimentan esta ignorancia e estes prexuízos. Os galegos/as non tivemos forza para impoñer o respecto.

Como actuar na familia:

Sobre se resulta difícil actuar na familia, a opinión maioritaria é que si, polo que é o ensino o único que pode tirar desta situación. Ademais, os nenos/as poden influír na familia e no contorno.

Situación actual da lingua:

Outro problema do que se fala é que a cidadanía pensa que se lle vai dar todo feito. Hai que tocar fondo para que socialmente se tenda a reaccionar. Nos últimos 20 anos rompeu o *status quo* existente: xa non hai un equilibrio e este non volverá. Agora, ou predomina socialmente unha lingua ou a outra.

Coméntase que as últimas estatísticas son penosas, o que significa que o feito ata o de agora non serviu para nada. Habería que pedir responsabilidades. Por iso, cómpre esixir que o ensino se implique, e non só o profesorado, senón todas as persoas relacionadas co ensino: os monitores, os responsables do comedor, os acompañantes...

Ao castelanfalante non se lle pasa pola cabeza a posibilidade de pasar ao galego porque non ten alicientes. Considérase que os recursos de socialización son moi importantes. Fálase ademais de que a adolescencia é unha época na que a elección de lingua é fundamental. Identificarse vitalmente con persoas e personaxes galegofalantes é moi importante.

Sobre a importancia que teñen no momento actual os contidos multimedia e a tecnoloxía en galego, opínase que cómpre asociar o galego ás novas tecnoloxías e ao inglés: manexar ordenador, internet, facer traducións galego-inglés...

10.2.2 Conclusións do panel

As principais conclusións que se poden extraer do dito polos participantes neste panel de escoita dedicado ao uso da lingua galega no ámbito familiar son as seguintes:

- Considérase o papel da escola como fundamental, en varios sentidos. Por unha banda, é un dos poucos contactos que teñen co galego os nenos/as castelanfalantes. Neste sentido, algúns dos participantes opinan que existe a posibilidade de que estes leven esta lingua ao fogar. Pola contra, tamén a escola actúa como axente castelanizador dalgúns nenos galegofalantes que abandonan

a súa lingua ao escolarizárense. Por outra banda, fálase da necesidade de que o galego se converta na lingua vehicular na que impartir calquera materia, xa que ata o de agora a situación é bastante caótica: depende do centro e da vontade do profesorado. Apúntase, en relación con este tema, que actualmente a lei non se cumpre. Por último, sinálase como fundamental que todas as persoas vinculadas co mundo do ensino se impliquen coa lingua.

- Parece haber bastante acordo nas diferenzas que existen aínda entre o que acontece nas zonas rurais e o que acontece nas zonas urbanas en relación co tema da lingua. Por un lado, nas primeiras, a elección dunha ou outra lingua é un tema natural, mentres que nas cidades existen máis prexuízos (como a identificación lingua-opción política nacionalista). Considérase que o rural supón o sustento do galego, pero o problema é que este está a desaparecer. Moitas persoas que se trasladan ás vilas e ás cidades procedentes deste mundo pasan ao castelán, lingua que asocian ao poder económico e ao prestixio.
- Sobre os prexuízos lingüísticos, coméntase que na actualidade o feito de ser politicamente correcto impide manifestarse abertamente en contra do galego, pero en realidade estes continúan existindo, aínda que se expresen doutra maneira. O castelán continúa a ser asociado, en opinión dos participantes, á boa educación, ao progreso... Considérase “máis útil” para a promoción social. O problema é que moitas persoas non valoran a riqueza que supón contar con dúas linguas e o que isto facilita: o acceso e a aprendizaxe doutros idiomas.
- Introdúcese o tema dos neofalantes, sobre os que a maior parte dos participantes no panel opina que teñen moito mérito, pois ser castelanfalante non te marca socialmente. Ademais, apúntase que os castelanfalantes non teñen alicientes para cambiar de lingua nin teñen a necesidade de facelo.
- Respecto aos medios de comunicación, coméntase que a falta de referentes galegofalantes para a mocidade é moi negativa para o galego, xa que estes lle outorgan maior prestixio ao idioma. Ademais, os poucos que existen teñen un nivel de lingua moi pobre que, por desgraza, pasa por ser o modelo correcto. Apúntase, neste sentido, que a identificación con personaxes galegofalantes é moi importante na infancia e na xuventude.
- En relación coas campañas publicitarias para promover o uso do galego, existen variedade de opinións. Fronte á idea dalgúns que as consideran necesarias, outros pensan que non teñen demasiada utilidade. Estes insisten na necesidade de asociar o galego á normalidade e non intentar convencer a ninguén, pois consideran que iso non serve para nada. Neste sentido, fálase de que a escolla de lingua é unha decisión individual, aínda que con repercusións sociais.
- Sobre a situación actual, coméntase o paradoxo que supón que o nivel de competencia en galego sexa hoxe máis alto ca nunca, mentres que o uso nunca foi tan baixo. Ademais, a oferta cultural en galego é cada vez maior. Para algún dos participantes, un aspecto positivo é que os galegofalantes actuais son moito “máis poderosos” e teñen moita máis influencia a pesar de que sexan menos. Con relación á diminución de falantes, apúntase tamén que a perda da lingua leva consigo unha perda cultural importantísima. En canto ás responsabilidades desta situación, sinálase que a clase política, os medios, o ensino... teñen moita culpa, pero tamén se indica que existe unha responsabilidade individual moi importante, pois semella que o tema da lingua non constitúe unha prioridade para a sociedade galega.

10.3 Panel de escoita 3: usos lingüísticos da cidadanía

Este terceiro panel, dedicado aos usos lingüísticos da cidadanía en xeral, celebrouse en Santiago de Compostela o día 27 de xuño de 2007 e contou coa participación de seis persoas expertas relacionadas co mundo da lingua e a cultura galegas procedentes de diferentes organismos e colectivos que están directamente relacionados con estes temas. O feito de contar con expertos/as na materia fixo que este panel comezase cunha quenda de intervencións na que cada un deu a súa visión persoal sobre a situación actual da lingua galega.

10.3.1 Desenvolvemento do panel

Visión actual da situación:

Un dos participantes opina que o importante é que haxa accións políticas claras e enérxicas dunha vez, por mil motivos. Por experiencia particular, comenta que o pouco que hai en materia de normalización lingüística é froito do esforzo e da militancia de moita xente constante. E, neste sentido, cómpre pedirlle á xente que siga militando.

Como exemplo, comenta tamén que hai galegofalantes que entran na escola e se converten en castelanfalantes. A escola castelaniza totalmente os galegofalantes.

Insiste en que son necesarias dunha vez medidas claras e enérxicas e en que cómpre cambiar o status legal do galego, sen impoñer nada. Fala de que se están a promover campañas que afirman que se conculcan os dereitos dos castelanfalantes, cando a realidade histórica e recente reflicte xustamente o contrario, e que ninguén é quen de neutralizalas.

Outro dos participantes móstrase basicamente de acordo co anterior. Puntualiza que os adolescentes si que se castelanizan, pero que hai unha porcentaxe elevada que volve despois ao galego. Hai unha etapa na que a lingua con que se pode presumir é o castelán, pero ao pasar a adolescencia volven retomar o galego. Nisto teñen moita influencia os medios de comunicación. Entre eles, comenta o caso da TVG, que, segundo este participante, fai televisión para o rural, mentres que os primeiros intentos de chegar aos novos retrocederon. E esta é unha cuestión moi importante, porque o audiovisual é o que lle interesa á mocidade; por iso considera que hai que actuar neste sector e que a TVG debe ter unha programación atractiva para a xente nova.

Doutra banda, sinala que, na súa opinión, existe unha especie de “demonización” dos países que teñen lingua propia (por exemplo, Cataluña).



Outra das participantes comenta que o Consello da Cultura Galega xa fixo os seus propios diagnósticos sobre a lingua. Na súa opinión, sectores como a comunicación, a transmisión e a mocidade son fundamentais. Tamén comenta que, ao falar de cidadanía, é inevitable entrar en ámbitos como administración, educación... Ten que haber xa unha política decidida, forte e, sobre todo, coordinada dende o goberno e que sexa transversal.

Outra das participantes considera que a administración continúa a facer estudos, en lugar de actuar. O Plan xeral de normalización da lingua galega non se está a aplicar, non se notan os seus efectos. En definitiva, pensa que faltan accións. Na súa opinión, non é precisamente a administración a que está a “tirar do carro” da lingua.

Respecto ao ensino, comenta tamén que a escola é un lugar de desgaleguización.

Outro dos participantes intervéñ dicindo que, para el, o ámbito político non é o que está actuando. Mesmo é perigoso e errado dicir isto, porque en realidade é este ámbito o que está a seguir á cidadanía. Pero é necesario que actúe, non facendo campañas de concienciación senón adoptando medidas claras e concretas. Hai unha serie de sectores que levan o individuo a usar unha lingua ou outra ou a mudala: a administración, o ámbito laboral... Tamén son fundamentais as novas tecnoloxías e os medios de comunicación. Cómpre adoptar medidas concretas nestes sectores e a administración si que ten o poder de facer algo neste sentido, cos medios, por exemplo. A coordinación é importante. As accións non poden vir só da Secretaría Xeral de Política Lingüística, senón que deben ter un carácter transversal.

Para outro dos participantes o problema non é de diagnose senón de praxe política, de actuación. Sempre estamos movéndonos no mesmo círculo sen que haxa actuacións concretas. O que lle gustaría é ver medidas para actuar de acordo co Plan xeral de normalización lingüística e despois ver como hai que actuar, en que sectores... Estamos moi diagnosticados e necesitamos actuacións. Tamén considera que temos feitos xa moitos estudos cuantitativos mentres que bota en falta estudos cualitativos.

Así mesmo, salienta que existe unha disfunción entre coñecementos e uso e que cómpre atallar este problema. Hai problemas de actitudes subxacentes difíciles de captar que inflúen no comportamento, procedentes de factores legais, socioeconómicos... Comenta que non se saben tapar os movementos en contra da lingua, por exemplo a campaña contra o decreto do ensino en galego.

Polo que respecta á competencia, ao contrario que o participante anterior, el si considera que esta é maior que hai uns anos. Apunta que, na actualidade, se sabe falar máis galego; outra cousa é a calidade, ás veces, preocupante, para o que hai que habilitar medidas.

Por último, considera que fai falta un sistema de avaliación das accións para valorar as medidas que se toman.

Ritualización da lingua:

En relación co tema da ritualización do galego, alguén apunta que esta non sempre é negativa: é mala se a cidadanía percibe que o galego é ritual.

Considérase que a sociedade ten que percibir dúas ideas fundamentais: por unha banda, que o compromiso co galego é verdade, e iso conséguese sendo coherente coas actuacións, e, por outra, que vivir en galego non supón discriminación, senón vantaxes. Cando para traballar nun lugar a unha persoa se lle valore máis saber galego, cando nos medios haxa unha política de primar o galego... as cousas cambiarán. Tamén se indica que as medidas non sempre teñen que ser directas, senón que deben crear un ambiente. Cando as familias sintan que teñen que falarlles aos seus fillos/as en galego para vivir en Galicia cambiarán as cousas. Ademais, apúntase que o efecto mimético actúa: buscar referentes na sociedade é moi importante.

Unha das participantes pregúntase se realmente se pode elixir entre galego e castelán. Na súa opinión, o galego segue sen ser unha opción. Hai que poder escoller, aínda que non se dean vantaxes para unha lingua fronte a outra. O caso da administración é moi diferente ao do privado. As directrices aquí si funcionan e non é opción persoal, porque esta fixa criterios; na privada si é unha elección persoal.

Tamén se comenta que o politicamente correcto é, en realidade, hipocrisía. Agora os rapaces e rapazas reciben na casa unha educación en castelán e escoitan os seus pais/nais falando castelán entre eles, pero antes non era así: falábanche castelán pero entre eles falaban galego.

Adopción de medidas:

Respecto da urxencia na adopción de medidas, afírmase que esta urxencia é real, pero non pola perda de falantes. É máis pola velocidade e a evolución das cousas, nas TIC, por exemplo. As medidas teñen ademais que adoptarse non seu momento preciso, reaccionando con moita rapidez (por exemplo, o fenómeno dos blogs).

Coméntase así mesmo que o problema dos recursos é relativo, pois se a administración quere as cousas cambian.

Tamén se indica que os produtos infantís son moi importantes: os DVD, por exemplo. Non hai escusa de que non se vendan.

Considérase que a primeira urxencia é que existe un plan e por iso é necesario actuar, porque está aprobado por todos/as. Socialmente hai un apoio, non hai escusa. Outras dúas urxencias son a perda na transmisión e os novos cidadáns, sobre todo os retornados.

Apúntase que, se o goberno quere, a normalización faise porque ten moitos medios. Hai que facer esforzos, xa que nos levan conculcando os dereitos moitos anos. Nunca antes se fixo política lingüística, pero agora esta xa afecta a todas as consellerías, temos un plan, temos todas as ferramentas políticas e técnicas.

Coméntase que a historia máis recente é que se pasou dunha Galicia vilega e rural a unha Galicia vilega e urbana. Aquí temos a perda dos galegofalantes, ese é un dos problemas. Se o poder quere as cousas cambian.

Indícase que a TVG é fundamental, non é peor que as outras, e tamén o ensino foi moi importante. Isto conseguiu que os prexuízos sobre o galego estean atenuados. Xa non se pensa que o galego sexa a lingua dos pobres.

Tamén se comenta que o nacionalismo foi a gran locomotora: sindicalismo, políticos... falan en galego grazas ao nacionalismo. Nese sentido a ritualización é moi positiva.

Engádese que cómpre lanzar produtos de calidade en galego, así funcionan e hai exemplos. Isto custa cartos e o goberno ten que dalos e despois ver os resultados, controlalos.

Ámbitos de actuación:

Ante a pregunta de qué é máis produtivo, se coidar os galegofalantes ou actuar sobre os castelanfalantes, apúntase que o coñecemento do galego é pasivo e o ten todo o mundo. Pero a xente non o usa, por iso hai que actuar para que haxa uns medios públicos que fagan produtos de calidade en galego, música en galego... Son necesarias campañas para toda a sociedade para acabar cos prexuízos. Sinálase que a xente nova ten menos prexuízos; estes téñenos as persoas que se queimaron. E moitos deles non se rebelaron. Ata o momento co goberno anterior a política lingüística non actuou, agora teñen que cambiar as cousas.

Sinálase así mesmo que os dereitos que se están a conculcar son os dos galegofalantes. Isto débese pór de manifesto. Hai un plan que está sen aplicarse. Para aplicar as medidas aprobadas fan falta recursos. A administración ten que actuar. En galego podes ter problemas, en castelán non.

Ante a cuestión de se se debe actuar discretamente, deféndese a postura de que non hai que ocultar nada. Ademais, engádese que non se debe debater se a sociedade valora ou non o que se gasta no tema da lingua, o tema non debe enfocarse así.

Fálase da necesidade de actuar con campañas para que os pais/nais venzan prexuízos de falar galego cos seus fillos/as.

Tamén se comenta que o galego é o principal signo de identidade e que hai que facerllo ver á sociedade. Sinálase que moitas veces non se ve necesidade do galego porque é máis cómodo vivir en castelán.

Apúntase que cando se reclamou a falta de contundencia das direccións xerais anteriores, argumentaban que querían discreción, pretendían evitar o ruído. Isto veulles moi ben. Valorando os resultados desta experiencia anterior, é claro que a partir de agora non se debe actuar así. Engádese que non hai que dar lugar a debate, hai cousas que non se deben discutir. O medo a recibir reaccións públicas non debe terse, non serve.

Opínase que a discreción non funciona, hai que ser contundente. Nos xornais, non se está a cubrir a parte que ten que ir en galego por iso hai que controlar as subvencións que se lles dá. Na TVG non hai programación dirixida á mocidade.

Tamén hai quen considera que os mellores cartos investidos pola Xunta foron para a TVG. A súa oferta de cine é superior á doutras canles, aínda que ten os defectos das televisións xeneralistas. A radio deu un gran cambio, en calidade. Non se poden ver só os defectos. Os esforzos foron moi grandes. *Galicia Hoxe* dálles moitas voltas no cultural aos outros xornais. O do tamaño do mercado é un pouco demagórico.

Utilidade e necesidade do galego:

Sobre a utilidade ou necesidade do galego, afírmase que hai que crear produtos de calidade e útiles sen necesidade de vendelos pola súa lingua.

Tamén se sinala que quen fala de que o galego non é útil non o coñece. A súa conexión co portugués xa é un motivo suficiente para consideralo útil. A lectura de que o galego non é útil é interesada.

Ademais, engádese que os galegos non entenden a lingua como necesaria. Os castelanfalantes non teñen problemas. O noso idioma ábrenos as portas a moitas partes do mundo: a lusofonía.

Tamén se comenta que ninguén di que o galego é inútil, pero dicir que é útil é outra cuestión. As utilidades son relativas. Hai que dotalo de utilidade. As necesidades creadas hai que asocialas ao idioma. Cómpre incidir en formas de comunicación en internet, por exemplo, os blogs. Funcionan moi ben entre a mocidade galega, pero non hai moitos en galego. Opínase que existen prexuizos, pero doutro tipo.

Sinálase que cómpre eliminar os prexuizos contra o galego que teñen os pais. Toda a sociedade necesita elemento identitario: o noso é a lingua. E cómpre transmitir esta idea. No mundo globalizado hai que agarrarse a algo. O movemento de recuperación da lingua fíxoo en gran medida o profesorado. A xente ten que ter o orgullo e son moitos os que descubren o idioma cando están fóra de Galicia. Hai que ser amablemente intransixentes na cuestión do idioma.

Actuación no sector privado:

Ante a cuestión de como se debe actuar no sector privado (nas empresas), afirmase que ten que ser atractivo para o empresariado empregar o galego.

Sinálase que o consumidor prefere as empresas que utilizan o galego, por exemplo, na súa etiquetaxe e isto dino os estudos.

Engádese que, ademais, a administración ten poder suficiente como para influír neste sector.

10.3.2 Conclusións do panel

Estas son as principais conclusións que se poden extraer a partir das opinións expresadas polos participantes no panel de escoita:

- É o momento de actuar. Demándase que a administración actúe, que tome medidas.
- O marco de actuacións é o Plan xeral de normalización da lingua galega.
- A actuación ten que ser: decidida (facer declaracións a alto nivel, transmitir que o compromiso é real e non ritual), clara (non discreta), coordinada (nos diferentes eidos), concreta (baixar ao detalle), personalizada (nos diferentes ámbitos e sectores) e rápida (ter capacidade de reacción).
- Cómpre actuar nas administracións públicas establecendo directrices e criterios.
- Hai que facer un seguimento das accións (artellar un sistema de avaliación), da súa efectividade e dos compromisos de terceiros.
- É necesario facer ver que o galego é o principal signo de identidade polo que ten un valor por si mesmo.

11. PROPOSTA DUN SISTEMA DE INDICADORES LINGÜÍSTICOS PARA O ÁMBITO DA CIDADANÍA

Un indicador é un elemento de medida que posibilita comprobar o grao de consecución do resultado previsto en cada obxectivo dunha política lingüística, motivo polo que os indicadores deben adaptarse perfectamente aos obxectivos correspondentes. O indicador lingüístico é unha variable seriada ou unha relación de variables de tipo cuantitativo cuxa medida ao longo do tempo proporciona información relevante sobre unha situación lingüística determinada.

É principalmente en Cataluña onde se teñen deseñado e aplicado un maior número de sistemas de indicadores, como poden ser o Inuscat, o Ofercat, o Indexplà...

11.1 Finalidade e obxectivos do sistema de indicadores

Co sistema de indicadores que se vai propoñer para o ámbito de cidadanía preténdese coñecer a situación do galego en tres aspectos básicos: as competencias lingüísticas, os usos lingüísticos, e a lingua inicial e habitual. Así mesmo, o obxectivo principal é que esta ferramenta sexa estable, fiable e sólida para que permita a súa aplicación en observacións sucesivas. Deste xeito, será posible medir obxectivamente a situación nestas tres fronte e a evolución temporal desta.

Polo tanto, a finalidade é dobre: por unha banda, contar con datos sobre coñecementos, usos, e lingua inicial e habitual en Galicia; por outra banda, a partir de aplicacións sucesivas, analizar o impacto e os resultados das accións de política lingüística levadas a cabo.



11.2 Criterios para a selección de indicadores

Cómpre que os indicadores posúan unha serie de características para que a súa aplicación sexa posible. Entre os criterios tidos en conta para a elección destes destacan os seguintes:

- Trátase de indicadores cuxa obtención é viable e sinxela.
- Son coherentes cos obxectivos do Observatorio de coñecer a situación actual da lingua galega.
- Son pertinentes e miden os aspectos que resultan máis relevantes na parte do estudo relativa á cidadanía.
- Son facilmente comprensibles e estables.

11.3 Sistema de indicadores lingüísticos para o ámbito da cidadanía

No sistema confeccionado para o ámbito da cidadanía defínense un total de 24 indicadores agrupados en tres bloques diferenciados:

- Oito indicadores de competencias lingüísticas
- Dous indicadores para lingua inicial e lingua habitual
- Catorce indicadores de usos lingüísticos, divididos en dúas subáreas: interpersoais, e de servizos e organizacións.

Para a súa creación tomouse como base o sistema de indicadores referido á poboación creado pola Secretaría de Política Lingüística da Generalitat de Cataluña, no que se establecen tres bloques moi semellantes, aínda que o número de indicadores cataláns é inferior.

1. Indicadores de competencias lingüísticas en galego

Como xa se comentou anteriormente, son oito os indicadores pertencentes a este bloque. Correspóndense coas dúas primeiras preguntas da enquisa realizada á poboación galega relativas ás competencias lingüísticas.

Indicador	Galego	As dúas igual	Castelán
Entende mellor	7,6%	79%	13,4%
Fala mellor	37,1%	29,9%	33%
Le mellor	5,2%	33,7%	61,1%
Escribe mellor	7%	18,7%	74,4%

Para a elaboración da escala do seguinte grupo, uníronse as porcentaxes relativas ás respostas “moito” e “bastante”.

Indicador	% da cidadanía
Entende o galego	99%
Sabe falar galego	89,3%
Sabe ler en galego	72,7%
Sabe escribir en galego	54,5%

2. Indicadores de lingua inicial e lingua habitual

Os indicadores relativos á lingua inicial e á lingua habitual están tirados das preguntas 5 e 6, respectivamente, da enquisa.

No caso da lingua habitual, co fin de unificar a escala, uníronse as porcentaxes das respostas “só galego” e “máis galego” e tamén as das respostas “só castelán” e “máis castelán”.

Indicador	Galego	As dúas	Castelán	Outras
Lingua inicial	57,6%	9,3%	32%	1,1%
Lingua habitual	47,9%	19,3%	32,6%	0,2%

3. Indicadores de usos lingüísticos

Dividimos os catorce indicadores relativos aos usos lingüísticos en dous bloques:

- Área interpersoal
- Área de servizos e organizacións

En ambos os dous casos, tal e como se fixo no caso da lingua habitual, co fin de unificar as escalas, uníronse as porcentaxes das respostas “só galego” e “máis galego” e tamén as das respostas “só castelán” e “máis castelán”.

Os indicadores relativos aos usos lingüísticos están tirados das preguntas 9, 10, 12 e 14 da enquisa.



Área interpersoal

Indicadores	Galego	As dúas	Castelán	Outras
No fogar	58,2%	6,4%	34,5%	1%
Cos proxenitores	62,9%	3,2%	33,2%	0,7%
Cos fillos/as	50,8%	7,6%	40,7%	0,9%
Coas amizades	53,7%	13,1%	33,2%	0%
Coa veciñanza	60,6%	9,8%	29,7%	0%
Con descoñecidos/as	46,3%	10,5%	43,2%	0%
Con compañeiros/as de estudo	36%	12,1%	51,6%	0,3%
Con compañeiros/as de traballo	69,9%	6,9%	22,9%	0,4%
Nas notas persoais	26,8%	6,3%	66,7%	0,2%

Área de servizos e organizacións

Indicadores	Galego	As dúas	Castelán	Outras
Con comerciantes das tendas pequenas	58,7%	8,7%	32,6%	0%
Co persoal dos grandes centros comerciais	46,5%	8,7%	44,8%	0%
Co persoal das entidades bancarias	49,3%	8,8%	41,9%	0%
Co persoal médico	46,7%	8,9%	44,3%	0%
Nos organismos públicos	54,9%	9,1%	35,9%	0%

12. CONCLUSIÓNS FINAIS

Como conclusións definitivas de todo o dito neste informe sobre a situación da lingua galega no ámbito da cidadanía pódense extraer as seguintes:

- As maiores porcentaxes de galego tanto en lingua habitual e inicial como nos usos lingüísticos danse, en xeral, entre a poboación cun menor nivel de estudos, de maior idade, residente en ámbitos rurais e nos concellos de menor tamaño e cun menor nivel de ingresos.
- Nas competencias lingüísticas autopercibidas, os mellores resultados son para o castelán, principalmente na lectura e na escrita.
- En relación co dito no punto anterior, cómpre dicir que se percibe unha lixeira melloría nas xeracións máis novas que xa tiveron oportunidade de estudalo na escola. Polo tanto, a influencia do ensino foi positiva para o galego, aínda que non tanto como sería desexable, pois aínda así as competencias continúan a ser mellores en castelán entre a mocidade. Ademais, pese á recoñecida importancia que ten este para a lingua galega, o certo é que moitas veces a escola actúa como axente desgaleguizador de nenos/as galegofalantes.
- Na maior parte dos gráficos que representan datos en función da idade das persoas enquisadas, móstrase unha lixeira recuperación a favor do galego no tramo dos máis novos, é dicir, dos que teñen entre 15 e 24 anos. Pola contra, as caídas máis fortes para o galego adoitan producirse nos tramos de 35 a 44 e de 45 a 54 anos.
- Nun tema tan importante para a lingua como é o da transmisión, os datos móstranse claramente desfavorables para o galego en todas as variables, todo o contrario do que acontece no caso do castelán.
- Na maior parte dos ámbitos analizados, o galego ten máis presenza canto maior é o grao de familiaridade entre os interlocutores.
- En ámbitos tan importantes na sociedade actual como os medios de comunicación ou as TIC, existe un predominio absoluto do castelán fronte ao galego, que ten unha presenza moi residual nestes campos.
- Resulta paradoxal comprobar como as actitudes máis favorables cara á lingua galega aparecen nos tramos de idade máis novos, precisamente entre quen menos o emprega.
- As diferenzas entre o mundo rural e o urbano continúan a ser moi significativas no que ao tema da lingua se refire. No rural segue tendo unha presenza maioritaria e, aínda que este poida parecer un dato positivo para a lingua, o certo é que son zonas cun despoboamento cada vez maior. Esta situación contribúe a que aínda estea moi viva a identificación do galego co hábitat rural.

- A poboación galega móstrase favorable ás accións de promoción da lingua galega por parte da administración. Malia isto, insístease moito na necesidade de que isto non leve consigo a imposición de lingua ningunha.
- Entre os perigos apuntados para a lingua galega, salientáanse frecuentemente a ritualización e a politización, dos que se culpa en gran medida os partidos políticos. Apúntase tamén que sería moi importante para o galego a existencia de referentes lingüísticos, principalmente para a mocidade.

13. BIBLIOGRAFÍA

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2003): *Enquisa de condicións de vida das familias. Coñecemento e uso do galego. Ano 2003*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

JAIME, L.; X. MITJÀ & J. SOLÉ CAMARDONS (1995): "Objectius i indicadors de resultat: exemples de formació", *Llengua i Ús: revista técnica de normalització lingüística*, n.º 2 (1.º cuatrimestre 1995), Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya, Direcció General de Política Lingüística, 15-20.

SECCIÓN DE LINGUA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA (2005): *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA (2006): *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (2004): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

TORRES, J. (coord.) (2005): *Estadística sobre els usos lingüístics a Catalunya 2003*. Barcelona: Secretaria de Política Lingüística.



